COLECCIÓN: TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO, NÚM. 3

Edición:
Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
Edificio Newton, andar 1.º, portal 15. Rúa das Cumieiras, s/n
Campus de Vigo
36301 Vigo
Tfno.: 986 813 574
Fax: 986 813 559
© Lorena Carrasco, Gonzalo Navaza
© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2014
© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2014
Printed in Spain - Impreso en España
ISBN da colección: 978-84-8158-416-5
ISBN do volume: 978-84-8158-641-1
Depósito legal: VG 389-2014
Deseño e maquetación: Acuarela Comunicación sll
Revisión: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
Imprime: Tórculo Artes Gráficas, S. A.

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

TOPONIMIA DO VAL DE FRAGOSO

3

BEADE

Lorena Carrasco - Gonzalo Navaza

Universida de Vigo

1 Limiar

A primeira referencia documental que conservamos da parroquia de Beade data do século XII e pertence a un escrito de delimitación dos territorios dependentes do bispado e do cabido de Tui. Non quere iso dicir que non teña Beade unha longa historia previa. Segundo testemuñan os restos arqueolóxicos, xa había poboamentos asentados nestas terras no terceiro milenio antes de Cristo e é probable que haxa que remontar a presenza humana na zona a datas moito máis antigas, no remoto paleolítico. A toponimia tamén corrobora esta idea, pois a pesar de que os máis dos nomes de lugar da parroquia de Beade teñen orixe no latín ou xa naceron en galego, hai algúns, como *Babio*, que proceden da lingua ou linguas faladas antes da chegada dos romanos e son, cando menos, bimilenarios.

Desde o tempo das primeiras referencias documentais da Idade Media ata hai apenas douscentos anos, o bispo de Tui exerceu señorío durante séculos sobre a parroquia, que no Antigo Réxime integraba, xunto coas de Bembrive, Bouzas, Coia e Coruxo, o territorio da xurisdición de Bouzas, onde gobernaba a autoridade eclesiástica tudense, que designaba cada tres anos un xuíz ordinario e catro rexedores.

Coas reformas administrativas da primeira metade do século XIX, a vila de Bouzas constituíu o concello do seu nome con parte da súa antiga xurisdición, mentres que outra parte, incluída a

parroquia de Beade, pasou a pertencer ao concello de Lavadores, composto por oito parroquias ou freguesías: Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Teis, Valadares e Zamáns. Estes dous concellos limítrofes de Vigo foron agregados en diferentes épocas ao da cidade: o de Bouzas en 1904 e o de Lavadores, logo de máis dun século como entidade municipal independente, en 1941.

As formas dos nomes de lugar estudadas aquí recolléronse de informantes orais en traballo de campo e contrastáronse coas que figuran na documentación histórica que puidemos consultar. Como adoita suceder coa toponimia dos arrabaldes das cidades, o traballo de campo vese dificultado pola alta proporción de habitantes non orixinarios do lugar, que polo regular descoñecen a toponimia tradicional do territorio ou coñecen só os nomes oficiais ou os da rotulación municipal, que en ocasións conteñen erros, polo que a efectividade de todo o traballo depende dunha boa selección dos informantes.

Unha pequena parte dos topónimos recollidos corresponden a núcleos consolidados desde hai centos de anos como barrios ou aldeas da parroquia, que figuraban como tales nos nomenclátores oficiais dos séculos XIX e XX e continúan recibindo na actualidade a consideración de entidades de poboación no Nomenclátor de Galicia publicado pola Xunta de Galicia (2003). Algúns destes núcleos históricos deron orixe, xa desde a Idade Media, ao correspondente apelido toponímico, que en ocasións sobrevive con vitalidade (por exemplo, *Abalde*). Ocuparémonos do nome destes núcleos en primeiro lugar, logo do apartado inicial dedicado ao nome da parroquia, e despois deles trataremos os demais topónimos do territorio de Beade, que constitúen o que en ocasións se denomina microtoponimia ou toponimia menor. No transcurso das últimas décadas, coa progresiva expansión urbana que irradia desde a cidade de Vigo, algúns deles quedaron fixados no nomenclátor municipal como nomes de vías públicas; outros

seguen a ser microtopónimos que designan áreas de arboredo, campos de labor cultivados ou ermos, terreo industrial, parcelas edificables etc.

Estas páxinas son unicamente unha introdución á toponimia de Beade, un primeiro achegamento a todo o caudal de información que encerran os seus nomes de lugar. Un estudo máis exhaustivo precisaría o exame pormenorizado das fontes históricas manuscritas relativas á parroquia desde a Idade Media e o Antigo Réxime ata datas máis recentes, que se atoparán no Arquivo Histórico Nacional de Madrid, no Arquivo Diocesano de Tui, nos arquivos municipais de Vigo e no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, ademais da documentación relativa ao antigo concello de Lavadores e á xurisdición de Bouzas, e todo tipo de documentos públicos ou privados que conteñan información toponímica e onomástica de Beade: libros parroquiais, protocolos notariais, contratos de foros, rendas, apeos, ordenanzas veciñais etc.

Nesta introdución á toponimia de Beade utilizáronse só algunhas desas fontes documentais. As medievais tómanse de dúas bases de datos accesibles en internet: as referencias que están en latín proceden do Codolga (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae), creado polo Centro Ramón Piñeiro (**http://corpus.cirp.es/codolga/**), e as que están en galego do TMILG (Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega), do Instituto da Lingua Galega (*http://ilg.usc.es/tmilg/*). Outra documentación dos séculos XVI ao XIX consultouse a través do Portal Pares do Ministerio de Cultura. Examináronse ademais os volumes do Catastro de Ensenada correspondentes á «Feligresía de Sto. Esteban de Beade, Provincia de Tuy, Reyno de Galizia», que responden a enquisas do ano 1752 e que están a disposición do público no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Deste catastro, os libros chamados *Real de Leigos* e *Real de Eclesiásticos (Libro de lo real de los individuos legos / Libro de lo real de los individuos eclesiásticos*) conteñen moita documentación toponímica, pois consignan todas

as propiedades rústicas con indicación do nome do sitio en que se atopan. Utilizáronse tamén repertorios xeográficos e nomenclátores oficiais dos séculos XIX e XX e nalgún caso documentación recente, como as listaxes municipais relativas á rotulación de vías públicas na parroquia e o equivalente *rueiro* elaborado pola asociación de veciños de Beade. Cando se citan outras fontes, dáse a referencia en nota ou remítese á bibliografía que figura nas páxinas finais.

O propósito principal deste achegamento á toponimia de Beade é o de chamar a atención sobre o valor patrimonial que teñen os nomes de lugar, que expresan a relación da poboación de Beade co seu medio xeográfico ao longo dos séculos. Dalgún xeito, os topónimos son a memoria que a paisaxe ten de si mesma. Encerran a dimensión histórica da paisaxe, pois a toponimia humaniza con memoria o medio físico. A parroquia de Beade, pola súa inmediatez ao conglomerado urbano de Vigo, está moi exposta a agresións contra o seu patrimonio toponímico, xa que unha urbanización insensata non só altera o medio senón que nalgunhas ocasións, sempre demasiadas, rebautiza os lugares e borra dunha sentada toda a memoria acumulada na toponimia. A escasa distancia de Beade temos un coñecido exemplo: unha actuación urbanística fixo que un lugar da veciña parroquia de Castrelos vise o nome herdado de xeracións en xeracións ao longo dos séculos (documentado como *Pericoto* na Idade Media; vivo como *O Pericoto* ou *Piricoto* na fala local na actualidade) suplantado de golpe por un novo nome que constitúe propiamente unha marca comercial. Neotopónimos semellantes xurdiron nas últimas décadas como nomes de urbanizacións nas proximidades das cidades galegas e das vilas turísticas da costa, e talvez seguirán xurdindo mentres non dispoñamos de leis ou de ordenanzas que protexan a toponimia como se protexen outros elementos do patrimonio cultural, ou mentres non se espalle entre a xente a conciencia do valor dos nomes de lugar, a conciencia de que

a través da toponimia a paisaxe está a revelarnos o seu pasado. Estas páxinas pretenden espallar esa conciencia.

Os topónimos estudados foron recollidos en traballo de campo durante os anos 2002-2003 nunha primeira campaña, vinculada ao Proxecto Toponimia de Galicia (PTG) e contou coa colaboración do Concello de Vigo, da Universidade de Vigo e da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo. Os topónimos obtidos nesta primeira recolleita foron notablemente incrementados (e en bastantes casos corrixidos) nunha segunda campaña de traballo de campo realizada por Lorena Carrasco en 2010, tamén co apoio do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo e da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

2

Primeira parte

O nome da parroquia e dos núcleos de poboación tradicionais

01. Beade

▶ O nome da parroquia deriva dun nome persoal ou antropónimo. Desde o tempo dos romanos ata aproximadamente o século XI, foi un procedemento común denominar unha pequena explotación agrícola (as chamadas *villae*, xermolo de moitos dos núcleos de poboación actuais) mediante a forma do xenitivo latino do nome do seu propietario ou fundador. Por exemplo, a *villa* dun señor de nome *Petrus* ou *Pedro* chamábase en latín *Villa Petri* ('Vila de Pedro') ou simplemente *Petri* ('de Pedro', 'a de Pedro'), e esa forma latina acabaría por dar, xa en galego, os topónimos *Vilapedre* ou *Pedre*.

O uso do xenitivo latino para dar nome a un lugar viña sendo unha fórmula culta e un tanto artificiosa, que seguiu usándose cando a lingua falada xa estaba moi afastada do latín e non quedaba nela nin traza da declinación latina. En Galicia son numerosísimas as aldeas, parroquias e vilas cuxas denominacións se formaron mediante ese procedemento do xenitivo dun antropónimo, o que significa que todos ou a maior parte deses núcleos de poboación tiveron orixe (ou nalgún caso foron rebautizados) no referido período do primeiro milenio. Son os chamados *topónimos de posesores medievais*. O nome de *Beade* é tamén un topónimo de posesor medieval. Procede da forma Beati, xenitivo do nome persoal *Beatus* (Beato 'feliz'), e fai referencia á villa dun individuo chamado así.

Beatus é un nome de orixe latina que tivo uso común entre os cristiáns durante o período que vai do século IV ao XI. O máis célebre personaxe así chamado foi Beato de Liébana, que viviu na segunda metade do século VIII no mosteiro de San Martín de Turieno (hoxe San Toribio de Liébana, na beira cántabra dos Picos de Europa) e compuxo uns famosos comentarios ao *Libro da Apocalipse* de San Xoán. Por esta razón reciben o nome xenérico de *beatos* os manuscritos hispánicos dos séculos X e XI co *Libro da Apocalipse* e os seus comentarios, profusamente ilustrados con miniaturas que constitúen xoias da arte pictórica da época.

Hoxe non podemos saber quen puido ser ese individuo concreto chamado *Beatus* ou *Beato* que deixou trazas do seu nome no topónimo que designa a parroquia de Santo Estevo de Beade. Sería seguramente un señor local ou propietario de terras. Posto que o uso de *Beatus* ou *Beato* como nome persoal foi perdendo vixencia a partir do ano 1000, aproximadamente, o máis probable é que a fixación do topónimo *Beade* tamén sexa anterior a esa data.

A advocación parroquial de Beade é *santo Estevo*. Santo Estevo protomártir, que padeceu martirio por lapidación, foi considerado tradicionalmente o padroeiro ou patrón de canteiros e pedreiros, e en moitos lugares o seu culto está asociado con antigas industrias de extracción de pedra. Na parroquia de Beade hai canteiras na actualidade e tamén as houbo no pasado, pero non podemos saber se foi esa a causa da elección de santo Estevo como titular parroquial, como sucede en ocasións en freguesías de Galicia e doutros países. Desde hai douscentos cincuenta anos temos noticia de veciños de Beade que figuran no censo compartindo o oficio de «labrador» co de «carretador de piedra». No século pasado, o cronista José Espinosa, no seu libro *Tierra de Fragoso*, ao referirse á importancia da cantaría na veciña parroquia de Castrelos, celebraba as «famosas canteras de la Sierra y Porto Loureiro, cuya explotación lleva consigo para el transporte del material, gran cantidad de carros del país, propiedad de los habitantes de Castrelos y de alguna parroquia inmediata».

Ademais do Beade vigués, o Nomenclátor de Galicia recolle outros catro topónimos *Beade* idénticos: a poboación, parroquia e concello de Beade, no Ribeiro, e tres aldeas nos concellos de Abegondo e Rois, na Coruña, e no de Quintela de Leirado, en Ourense. O primeiro garda certa relación coa historia da parroquia viguesa de Beade, pois alén da

coincidencia dos nomes, estoutro Beade do Ribeiro era Encomenda da Orde dos Cabaleiros de San Xoán de Xerusalén, tamén chamados do Hospital ou de Malta, e esa Encomenda de Beade (do Ribeiro) casualmente tiña intereses e propiedades no territorio da parroquia viguesa, especialmente nas terras lindeiras con Sárdoma e Castrelos, pois nesta última parroquia exercía señorío esa orde militar, que tamén señoreaba o lugar de Moledo, o cal aparece na documentación do Antigo Réxime como dependente da parroquia de Beade (hoxe pertence a Sárdoma).

O primeiro documento en que rexistramos o nome da parroquia é, como se dixo, un escrito de delimitación dos territorios pertencentes ao bispo e ao cabido de Tui datado a mediados do século XII. No parágrafo que se transcribe a continuación, extraído dese documento, aparece citada «in Terra de Fragoso» a parroquia de Beade xunto coas de Santo André de Comesaña, Santiago de Bembrive, Santiago de Vigo e San Salvador de Teis: «in terra de Fragoso ecclesie Sancte Andree de Comesania medietas, **Sancti Stephani de Biadi** tres partes cum cauto suo, Sancti Iacobi de Benevivere integra cum cauto suo; Sancti Iacobi de Vigo integra cum cauto suo, Sancti Saluatoris de Teix integra cum ipsius regalengo» (ano 1156).

A finais do século XII o rei Fernando II confírmalle ao bispo de Tui don Bertrando ou Beltrán a súa posesión dos coutos de Beade e de Bembrive: «cautos vestros de Benevivere et de **Biady in terra de Fragoso**» (ano 1179).

Case un século máis tarde rexistramos o primeiro párroco de Beade de nome coñecido. É un tal Xoán apelidado *Pais*, *Páez* ou *Paz* (*Pelagii* en latín, patronímico do nome *Pelagius* 'Paio') e alcumado *Corvacho*, que asina como testemuña nun documento do mosteiro de Santa María de Oia: «Johannis Pelagii dictus Corvacho clericus de **Biade**» (ano 1266).

Na documentación antiga atopamos o topónimo con diversas grafías: *Biade*, *Biadi*, *Biady*, *Viade*, *Veade*. Desde o século XVI xa comeza a facerse común *Beade*, pero a vacilación gráfica persistiu ata o século XIX.

Nas Respostas xerais do Catastro de Ensenada (1752), indícasenos que a freguesía de Beade «es de señorio y perteneze al ylustrissimo obispo y cabildo de Tuy», a quen pagan, cando falece un veciño cabeza de familia, o dereito de loitosa, consistente «en la mejor rez (sic) de ganado o alaja del difunto». Estaban exceptuados deste tributo os veciños establecidos nas terras do directo dominio do convento de San Domingos de Pontevedra, que como veremos tiña abundantes propiedades

na parroquia sometidas a foro. A parroquia de Beade estaba daquela encadrada dentro da «justicia y regimiento de la villa de Bouzas». Nesa data había no territorio da parroquia 165 casas, catro delas arruinadas, e dúas tabernas públicas.

Como vimos, a pertenza de Beade á xurisdición de Bouzas durou ata o ano 1833. A partir desa data, Beade foi integrada no concello de Lavadores ata 1941, en que Lavadores foi anexionado a Vigo.

No *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico* de Pascual Madoz (1845) lese:

> **Beade** (San Esteban de): feligresía en la provincia de Pontevedra (6 leguas), diócesis de Tuy (3 1/2) partido judicial de Vigo (1) y ayuntamiento de Lavadores (3/4); situada en una frondosa campiña, con clima templado y sano; tiene 210 casas formando distintos grupos y una escuela privada que frecuentan 60 niños, pagando cada uno un ferrado de maíz al año. (...) El terreno, en las 200 fanegas destinadas al cultivo, es de buena calidad, y en la dehesa nacional se encuentra una robusta arboleda de robles. Los caminos son locales y malos; el correo se recibe de Vigo. Productos: maiz, vino, trigo, patatas, algunas frutas y pastos; cría ganado, prefiriendo el vacuno, y alguna caza.

Desde que temos información demográfica, Beade conta cunha densidade de poboación relativamente alta. En 1571 a freguesía tiña 39 veciños (cabezas de familia). O Catastro de Ensenada (1752) computa na parroquia 159 veciños e 750 almas (habitantes). En 1813 son 164 os veciños. En 1845, segundo o dicionario de Madoz, 209 veciños e 1050 almas. O Nomenclátor de 1910 atribúelle 1590 habitantes. No censo de 1940 eran 2644. Hoxe supera os 5000.

02. Abalde

▶ O topónimo que identifica o núcleo de Abalde procede, igual ca o propio nome da parroquia, dun nome de posesor medieval. Neste caso, do nome dun individuo chamado *Abaldus* ou *Avaldus*, que debeu de vivir neste lugar entre os séculos v e x. Pola terminación en *-aldus* podemos interpretalo como un nome suevo ou visigodo, de orixe xermánica. Naturalmente, isto non quere dicir que fose necesariamente de orixe sueva ou visigoda a persoa que portaba ese nome. *Abaldus* podería ser unha forma composta cun segundo elemento *Baldus* (nome de orixe xermánica, relativamente común na Alta Idade Media e que

deixou restos na toponimia galega e portuguesa)[1] ou unha simple variante deste nome. Pero contrariamente ao que sucede con *Baldus*, este *Abaldus* ou *Avaldus* non foi un nome moi usual na nosa onomástica medieval: non figura no dicionario de nomes hispánicos de orixe xermánica (J. M. Piel e D. Kremer: *Hispanogotisches Namenbuch*, Heidelberg, 1976) e na documentación antiga unicamente rexistramos un individuo así chamado (*Avaldus*) que asina como testemuña nun documento de Celanova do ano 922. É probable que tamén se poida datar neses tempos de finais do primeiro milenio o momento en que viviu o personaxe que deixou vestixio do seu nome no topónimo *Abalde* actual.

No traballo de campo recolléronse os seguintes topónimos en que está presente esta forma: **Abalde** (entidade de poboación), a **Rúa de Abalde** (vía pública na mesma zona), a **Fonte de Abalde** (fonte) e a **Ponte de Abalde** ou a **Ponte de Eifonso** (na estrema con Bembrive).

Fóra deste topónimo *Abalde*, en Beade, o único exemplo que coñecemos da pegada do antropónimo *Abaldus* na toponimia é o nome dunha aldea do concello pontevedrés de Silleda (parroquia de Parada) chamada *Portodabalde* (Porto + de + Abalde). Hai tamén un *Vilabalde* no concello lugués de Sober, que poderiamos interpretar como «Vila Abalde» pero tamén, máis verosimilmente, como «Vila Balde», pois esta é a forma máis documentada do nome, sen o A- inicial, igual ca no nome da parroquia de *Balde*, no concello ourensán de Carballeda de Avia.

O topónimo *Abalde* deu orixe ao apelido toponímico correspondente. Dado que este nome do lugar constitúe un *unicum*, isto é, non existe outro topónimo idéntico, pódese afirmar que todas as persoas apelidadas Abalde teñen a súa ascendencia remota neste lugar da parroquia viguesa de Beade. O censo de 2006 recolle arredor de 2200 persoas con ese apelido en Galicia, a maior parte das cales non se afastou moito do núcleo orixinario, pois cerca do noventa por cento (unhas 1900) figuran censadas no concello de Vigo.

O Catastro de Ensenada (1752) vacila na representación gráfica deste nome: «A Balde», «en el lugar de Abalde», «situazion da Abalde»,

[1] Por exemplo: Balde en Carballeda de Avia (Ourense), outro Balde en Baião (na cidade do Porto), Vilabalde en Sober (Lugo) etc.

«lugar da Balde», «lugar da Valde». E a mesma vacilación aparece no apelido correspondente: «Antonio de Abalde», «Antonio da Balde», «Gregorio Alonso da Valde», «Pedro de Avalde» etc. Desde a creación do Rexistro Civil na década de 1870, a grafía do apelido tendeu a regularizarse maioritariamente como *Abalde*. No topónimo, non obstante, aínda perdurou a vacilación gráfica durante o século XX. No Nomenclátor de 1910 figuraba como *Balde*, e a mesma grafía aínda se rexistraba no de 1996, polo que tamén aparece esporadicamente na rotulación viaria e noutras fontes escritas. Na sinalización pública municipal, na rúa de Abalde aínda se conservan rótulos coa grafía errada de «Rúa da Balde» e mais «Rúa do Balde», que deberían ser corrixidos.

03. Babio

▶ Babio é o nome doutro dos núcleos de poboación tradicionais da parroquia. E tamén é un topónimo singular, pois o único núcleo de poboación que rexistra o Nomenclátor de Galicia con ese nome é este da parroquia de Beade. No mapa parroquial consta esta forma en varios topónimos: **Babio de Abaixo** e mais **Babio de Arriba** (núcleos habitados), o **Cruce de Babio** (núcleo habitado), os **Muíños de Babio** (o **Muíño de Arriba** e o **Muíño de Abaixo**), o **Río de Babio** (curso fluvial) e mais **Ao Lado do Río de Babio** (nome dunha propiedade).

É habitual que un mesmo nome se aplique indistintamente a núcleos habitados e mais ao río que pasa polas súas inmediacións, pois en moitos casos as pequenas correntes fluviais son denominadas por referencia ao lugar que bañan. Pero tamén é frecuente o contrario, que sexa o nome do río o que dá nome ao lugar, e mesmo pode suceder que o nome antigo do río se teña perdido e sobreviva unicamente como nome dun núcleo de poboación ou lugar. É o que acontece, por exemplo, co nome da veciña parroquia de *Sárdoma*, que conserva o nome primitivo, de orixe prehistórica, do río principal do val de Fragoso, o cal aparece comunmente como *río Sárdoma* na cartografía e na documentación antigas ata comezos do século XX (como nome de todo o río, porque outras denominacións alternativas, como a que acabou por converterse no nome habitual na actualidade, *río Lagares*, só designaban tramos concretos do seu curso).

Tamén aquí é moi probable que *Babio* sexa o nome antigo do río. A propia morfoloxía do topónimo reforza esta idea, pois o sufixo ou terminación en *-io* (ou *-ia*) é moi común na hidronimia prerromana, isto é, nos nomes de lugar relativos ás augas que teñen a súa orixe nas linguas faladas no noroeste antes da chegada do latín. Atopamos esta mesma terminación noutros hidrónimos prerromanos como *Amio*, *Limia*, *Bamio*, *Umia*, *Ulla* (< UL-IA), *Miño* (< MIN-IO) etc.

Esta raíz hidronímica BAB- está presente tamén noutros topónimos galegos de probable significado hidronímico (todos eles están á beira dun río) e orixe prerromana: *Babío*, lugar e parroquia (Sta. Marta) do concello de Bergondo (A Coruña); *Babenzo*, lugar da parroquia de Bastavales, concello de Brión (A Coruña); *Babela*, lugar da parroquia de Distriz, concello de Monforte de Lemos (Lugo); e *Babión*, lugar da parroquia de Bugallido, concello de Negreira (A Coruña). Non contén esta raíz BAB-, malia a aparencia, o nome da comarca leonesa de *Babia*, que se rexistra como *Vadabia* na documentación medieval. A dobre solución *-io* / *-ío* que observamos no *Babio* de Beade e mais no *Babío* de Bergondo é paralela á que atopamos noutros hidrónimos prerromanos (*Naraío-Naraia*; *Navia-Navea*, *Oia-Uía*, *Maia-A Maía* etc.).

O lugar de Bergondo chamado *Babío* rexistrámolo na documentación medieval cunha referencia explícita a unha fonte do mesmo nome, situada no lugar, en consonancia co valor hidronímico da raíz BAB-: «sicut vadit per sub ecclesiam Sancte Marthe **ad fontem de Babio** sicut currit contra montem de Royz» (ano 1218).

Un río francés documentado como «flumen Babio» en textos do século VII é probablemente o río coñecido hoxe como *Bave*, na Dordoña. O toponimista Albert Dauzat (1982: 27) vincula o nome deste río cunha raíz hidronímica gala (isto é, celta) da cal derivan tamén o francés común *bave* 'baba' e 'lama'.

No Catastro de Ensenada, de 1752, figura repetidamente documentado este topónimo, con vacilación nas grafías de B e V, como nome da entidade de poboación, do seu monte comunal e mais do río: «sitio de Babio», «lugar de Bavio», «en el monte de Babio», «río Babio», «río de Bavio». Nese mesmo catastro infórmasenos de que, dos dez muíños fariñeiros que había na parroquia de Beade, catro deles eran coñecidos polo nome deste río: «otro [molino] nombrado de Babio en dicho río», «otro del mismo nombre de Bavio en el citado río», «otro (...) de la misma denominación y río de Bavio», «otro del propio nombre y el mismo río».

04. Barallas, As

▶ Os nomenclátores inclúen entre as entidades de poboación da parroquia de Beade **As Barallas**, que non constitúe un núcleo definido senón que propiamente é unha área de hábitat disperso situada ao norte da rúa das Chabarras e ao oeste do Camiño Real ata o límite coa parroquia de Castrelos. Hoxe a vía central desa área é o **Camiño das Barallas**, e ao oeste construíuse a autovía que conduce ao campus universitario, a cal segue no seu trazado nesa zona a demarcación entre Castrelos e Beade, onde dous topónimos, o **Muíño de Abaixo das Barallas** e o **Muíño de Arriba das Barallas**, gardan lembranza de muíños situados nesa área.

Na toponimia galega repítese con relativa frecuencia o topónimo *Baralla* ou *A Baralla* (media ducia de entidades de poboación, ademais da parroquia e do concello de Baralla, en Lugo). Para algúns destes topónimos, coma para o madrileño *Barajas*, Corominas defendeu un étimo a partir do latín VARALIAM 'tecido de varas, sebe, valado vexetal', mentres que Edelmiro Bascuas e outros autores sosteñen unha orixe prerromana, a partir dunha raíz hidronímica VAR- 'auga', que tamén estaría en *barcia* e *barxa* e en topónimos como *Baredo*. Cabe aínda unha terceira posibilidade, pois existiu no galego medieval un substantivo de orixe xermánica *baralla* 'contenda, disputa', que puido aplicarse a posesións que foron obxecto dalgún litixio, de xeito que é posible que o nome tivese orixe nalgunha disputa territorial, dada a condición estremeira do lugar, ao leste da prolongación que a parroquia de Castrelos introduce cara ao sur, entre as de Matamá e Beade. A esa prolongación fai quizais referencia o nome do *Espigón das Barallas*, onde se situaba o **Marco do Espigón das Barallas**, que aparece mencionado na demarción de Castrelos no Catastro de Ensenada como o fito que marca o linde entre esa parroquia e a de Beade. Ese catastro recolle o topónimo con vacilación na grafía: «sitio das Barallas», «sitio de las Barallas», «das Varallas». No mesmo catastro rexistrámolo como apelido ou sobrenome toponímico: «Narciso das Barallas».

05. Carballo do pazo, O

▶ **O Carballo do Pazo** é outra das entidades de poboación incluídas na parroquia de Beade. No século XVIII, no Catastro de Ensenada,

atopámola citada co nome completo e tamén coa forma abreviada que prescinde do segundo elemento: «en el Carvallo», «en el Carvallo do Pazo», «lugar del Carballo», «en el Carvallo do Pazo y Quarto do viño», «sitio del Carballo do Pazo». Deste topónimo procede un apelido actual *Carballo*, que no século XVIII aparecía sempre precedido de preposición e artigo (*do Carballo*): «Antonio do Carvallo», «Gregorio do Carballo vezino da Presa».

Os dous elementos que compoñen o topónimo *O Carballo do Pazo* son moi comúns na toponimia galega. *Carballo* é un nome de orixe prerromana, estendido por todo o noroeste peninsular (galego *carballo*; asturiano e leonés *carbayo*, *carbajo*; portugués *carvalho*…). A palabra latina correspondente para designar esta árbore (*robur, roborem*), aínda que chegou a deixar restos na toponimia (*Reboredo*, *Reboreda* etc.), en galego sucumbiu fronte á vitalidade do nome autóctono *carballo*, que mesmo segue a competir con *roble* no castelán falado en Galicia. No Nomenclátor de Galicia o *carballo* está presente no nome de máis dun cento de entidades de poboación, sen contar os tamén abundantísimos derivados (*Carballedo*, *Carballeda*, *Carballeira*, *Carballal*…).

Pazo procede do latín PALATIU. Na Alta Idade Media designaba a construción principal dun lugar, de pedra, polo regular de planta baixa e polo menos un sobrado, aínda que non se tratase propiamente dun palacio ou dun pazo tal como entendemos hoxe o termo. *Pazo* e *Pazos* (coa variante *Pacio*, *Pacios*, característica do galego de Lugo e do norte de Ourense) dan nome en Galicia a máis de trescentas entidades de poboación. É así mesmo moi abundante na toponimia do norte de Portugal (*Paço*, *Paços*, usado tamén como apelido, por veces coa grafía non etimolóxica de *Passo*, *Passos*).

Hai outro topónimo idéntico, **O Carballo do Pazo**, na parroquia de Salcedo, no concello de Pontevedra.

Nun documento do ano 1529, faise referencia na parroquia de Beade a unha propiedade chamada *Casal da Iglesia* «como vay do **Carballo dos lobos** porla estrada arriba».[2] Descoñecemos se este *Carballo dos Lobos* é unha denominación alternativa do Carballo do Pazo ou se designaba un lugar distinto (en cuxo caso, aparentemente non sobrevive na actualidade). Si semella ser unha denominación alternativa do

[2] Citado por Elisa Ferreira (1988): *Los caminos medievales de Galicia*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, 92.

Carballo do Pazo a de *O Carballo da Vila*, que tamén vemos no Catastro de Ensenada: «el Carvallo da Vila», «sitio do Carballo da Vila».

Pertencen á mesma familia léxica de *carballo* os topónimos o **Camiño da Carballeira** (vía pública en Abalde), a **Fonte da Carballeira** (fonte nese camiño) e **As Carballeiras** (valgada en Saa, entre a rúa da Lagoa e o camiño das Castiñeiras). **A Carballeira** é tamén o nome dun conxunto de terras de labor e de casas que estrema coa rúa de Ramiro Pascual e co camiño do Lameiro, no Carballo do Pazo; no pasado, este lugar chamado A Carballeira era unha área chea de carballos onde, segundo os informantes, se celebraba unha comida campestre na festa de Santa Ana.

No Catastro de Ensenada rexistramos estes topónimos: «en la Carvalleira», «labradio en el sitio da Carballeira». O actual As Carballeiras, en Saa, alterna nesa época en singular e en plural: «sitio das Carvalleiras», «en las Carvalleyras», «sitio de la Carballeira»; coma noutros topónimos da parroquia en que se dá esta alternancia, a forma orixinaria era a do singular. O feito de que o topónimo designase herdades pertencentes a diversos propietarios fixo que cada un destes empregase o singular para referirse á súa propiedade e comezase a empregar o plural para o conxunto.

Tamén é unha alteración mediante o plural o que deu orixe a outro topónimo de Beade da mesma familia léxica de *carballo*: **Os Carballases**, nome dunhas terras de labor próximas a Quintián, hoxe absorbidas pola área industrial. *Carballases* é un plural de **Carballás**, que á súa vez xa era un plural de *carballal*; trátase, pois, dun nome con duplo morfema de plural, como *cafeses*, *reises* por *cafés*, *reis*. O propio topónimo informa de que antes de seren gañadas para o cultivo, esas terras foran de arboredo de carballos.

O feminino *carballa* 'carballo vello de tronco voluminoso' semella estar presente nos topónimos **As Carballas** e a **Casa das Carballas**, mais dado o frecuente uso de femininos formados a partir de nomes de propietarios, e da presenza histórica do apelido *Carballo* na parroquia, tamén é posible que ese topónimo *As Carballas* sexa equivalente a «As de Carballo».

06. Coto, O

▶ **O Coto** figura no Nomenclátor de Galicia como outra das entidades de poboación da parroquia de Beade. O topónimo designa por

extensión toda a zona situada arredor da mal chamada «Rúa do Couto» (pois debería ser *do Coto*), nas proximidades de Abalde. O topónimo figura con esa forma errada na rotulación viaria municipal e algunhas persoas orixinarias do lugar xa empregan ese nome, por velo así escrito. Pero na documentación histórica sempre se rexistra como *O Coto*. Así no Catastro de Ensenada (1752): «sitio do Coto», «en el Coto», «casa terrena en la situacion do Coto» etc.

Coto é unha palabra de orixe prerromana que sobreviviu en galego co significado de 'parte máis alta dun monte, pico, elevación'. Neste caso, cando se realizou o nomenclátor viario de Vigo e se puxeron os rótulos, houbo unha confusión co castelán *coto*, que en galego é *couto* 'territorio sometido a xurisdición particular' ou 'terreo vedado de caza, pesca etc.'.

Na toponimia de Beade consérvase outro derivado de *coto* en **A Cotarela**, propiamente un diminutivo feminino do derivado *cótaro*, *cótara* 'elevación, outeiro, prominencia no terreo', presente no nome dos muíños denominados **Os Muíños da Cortarela**, no río da Barxa ou río de Babio e inmediatos á vía que conduce á Universidade, que foron obxecto dunha restauración recente.

Dúas propiedades situadas no **Camiño do Coto** recibén así mesmo os nomes de **O Coto de Arriba** e **O Coto de Abaixo**, e a curta distancia atopamos o **Carreiro do Coto**.

Cos seus derivados e compostos (*Cótaro*, *Cotro*, *Cotarelo*, *Cotarro* etc.), o substantivo *coto* está moi presente na toponimia galega e noutras áreas xeográficas próximas (por exemplo, nos asturianos *Cueto*, *Cuétara*). O Nomenclátor de Galicia recolle máis de cen entidades de poboación chamadas *Coto* ou *O Coto*.

07. Coutada, A

▶ No Catastro de Ensenada e noutras fontes antigas consta o nome desta entidade de poboación pertencente á parroquia de Beade baixo as formas *Coutada*, *La Coutada* e *A Coutada*. No Nomenclátor de Galicia de 2003 e en parte da documentación municipal alterna este nome co da forma do plural, *As Coutadas*, talvez por confusión con algún dos lugares chamados *As Coutadas* que hai noutras parroquias viguesas ou

coas terras de labor próximas ao mesmo lugar, que documentamos en singular e en plural. No traballo de campo recolléronse na parroquia de Beade os seguintes topónimos con esta forma ou con formas derivadas: **A Coutada** (entidade de poboación), **A Coutada** ou **As Coutadas** (terras de labor no mesmo lugar), a **Fonte das Coutadas** (fonte onda os precedentes, no barrio da Coutada), **A Coutada** (terras de labor en Quintián), **A Coutada** ou o **Campo da Coutada** (área na estrada do Porto onde se levanta o xeriátrico), **A Coutadiña** (terras de labor no lugar do Porto), **A Coutadiña** (terreo na rúa da Cavada, tamén chamado Campo do Renco), a **Fonte da Coutada** (fonte na Coutada da estrada do Porto), **Coutadiñas** (terras en Quintián, por riba do Tranqueiro e da Galiñeira), **As Coutadiñas** (campos de labradío no inicio da estrada do Porto), o **Camiño de Coutadiñas** (camiño na estrada do Porto), a **Coutada dos Cruceiros** (terras nos Cruceiros, Babio), a **Coutada do Cura** (propiedade onda o camiño das Campaceiras, hoxe ocupada polos terreos do novo hospital), a **Coutada do Ferreiro** (área nas Coutadiñas, na estrada do Porto) e as **Coutadas da Volta Bernalda** (terras en Abalde, á beira do camiño de Casmarcelo).

Coutada segue a ser un termo de uso común na fala de Beade co significado de 'propiedade de monte cercada'. *Coutada* é o participio do verbo *coutar*, derivado de *couto*, resultado galego do participio do verbo latino CAVERE 'defender, protexer, gardar'. Aplicado a herdades ou a propiedades rústicas, designa as que están cercadas por valados ou sebes. *Coutada* é equivalente, polo tanto, do que noutras áreas de Galicia se denomina *chousa*, *cercado*, *cerrada*, *zarra*, *tapada*, *tomada* etc. Un dos primeiros dicionarios galegos, o de Regueira, do ano 1840, reproducido por Antón Santamarina no *Dicionario de Dicionarios* (2003), explica a orixe do termo *coutada* a partir da licenza oficial que antigamente solicitaban os veciños para pechar ou cercar as súas propiedades:

> **Coutada**. Orden o mandamiento que en lo antiguo expedían los Jueces Reales Ordinarios de las Jurisdiciones, a instancia de los labradores, para vedar las heredades sembradas, a fin de que los comareros no echasen a perder las mieses, con el pretexto de coger la yerba entre ellas para dar a su ganado, o que llevasen estos a apacentar en los alrededores de las agras.

No Catastro de Ensenada rexistramos na parroquia de Beade os topónimos mencionados e outros semellantes: «el Campo da Coutada»,

«otra tierra en el sitio da Coutada», «monte da Coutada», «en la Coutada do Monte», «tojal en la coutadiña», «otra [tierra] en la situacion da Coutadiña pequena», «un tojal en el sitio das Coutadiñas», «tojal en el sitio da Coutada de Jorxe», «una casa terreña en la Coutada», «en el sitio da Coutada», «sitio de Coutada Serta», «la Coutada do Lombeiro», «da Coutada da Gabianzeira» etc.

O Nomenclátor de Galicia recolle unhas vinte entidades de poboación denominadas *Coutada* e derivados, case todas elas situadas no territorio da diocese de Tui. Na súa meirande parte son topónimos nacidos con posterioridade ao século XVI, relacionados coa expansión das terras cultivadas (véxase *Cavada*).

08. Dornelas

Dornela é un derivado diminutivo de *dorna*. No século XVIII o Padre Sarmiento definía *dorna* do seguinte xeito:

> **Dorna**. Es nombre de vasija o artesa de madera, pero en especial aquella tinaja que se pone en los lagares para recibir el vino exprimido. Y cuando la renta de vino se ha de pagar en mosto, se dice *pagar a dorna*. *Duerno y dornajo* son voces castellanas.» (...) // **Dorna**. Nombre de barco y de una tinaja de madera. (Fr. M. Sarmiento, *Catálogo de voces y frases gallegas*)

▶ *Dorna* e derivados, o mesmo ca os seus parentes casteláns *duerna*, *duerno*, *dornajo* etc., son palabras de orixe prerromana, moi probablemente céltica. Igual que acontece con outros substantivos que dan nome a recipientes e mais tamén a embarcacións, no seu uso toponímico designan concavidades, depresións ou fondais no terreo. Esas son as características da orografía onde se asenta o núcleo habitado de Beade chamado *Dornelas*, situado na beira dun fondal. O nome deste núcleo figura na rotulación viaria municipal recente cun artigo («As Dornelas») que constitúe un erro, pois o artigo non se rexistra na fala nin na documentación escrita. Ademais da entidade de **Dornelas**, son coñecidas tamén como **Dornelas** unhas terras de labor onda a Costa da Gándara, na estrema con Brembrive. O **Muíño de Dornelas**, situado máis ao sur, debe talvez o seu nome ao feito de seren veciños de Dornelas os propietarios.

Ademais da de Beade, o Nomenclátor de Galicia recolle outras dezaseis entidades de poboación que conteñen este substantivo ou

formas derivadas del (*Dorna*, *A Dorna*, *As Dornas*, *Dornela*, *Dornelas*, *Dorneda*), entre elas a parroquia de Dornelas, no concello de Mos, limítrofe co de Vigo.

No Catastro de Ensenada (1752) rexístrase co nome de Dornelas a aldea («una casa en Dornelas», «casa de un alto en Dornelas», «sitio de Dornelas») e tamén unha parte do monte ou da devesa comunal, propiedade dos veciños da parroquia: «en el monte del asiento del común en Dornelas siete castaños de primera calidad», «en el monte de Dornelas». No propio catastro explícanse as diferentes denominacións deste monte común de Beade: «...que por las varias situaciones que goza se denomina de Costales, Porto, Facho, Dornelas, Riomau, Piedra Cavalaria, Canzela das Tansas, Regada, Cavada de Pazo y Devesa, que se compone de mill y quinientos ferrados en sembradura.»

09. Facho, O

▶ Os seguintes topónimos da parroquia de Beade conteñen o substantivo común galego *facho*: **O Facho** (entidade de poboación, núcleo habitado), a **Fonte do Facho** (fonte no mesmo lugar), **A do Facho** (campos de labor no camiño da Mangueliña, no barrio do Porto), **O Facho** (área inmediata ao Campo da Viña, no actual camiño do Xestal, na Gándara). Estes últimos probablemente motivados polo feito de que os propietarios desas terras eran veciños do Facho.

O substantivo *facho*, coma outras palabras da mesma familia léxica (*facha, fachico, fachuco, fachuzo*...), úsase en galego para designar unha tea ou un obxecto semellante ao cal se lle planta lume para iluminar ou para outros usos. Son palabras de orixe latina, e teñen como parentes noutras áreas lingüísticas peninsulares o nome das coñecidas *fallas* de Valencia ou o castelán antigo *hacha* 'antorcha, tea'. En latín chamábase FACULA unha pequena tea, pero as formas galegas veñen dunha variante *FASCULA, con interferencia de FASCE 'feixe', por facérense habitualmente con *feixes* de palla ou de leña miúda.

O Facho é un topónimo moi repetido en todo o territorio galego como nome de montes ou de elevacións. Os lugares chamados así foron usados como atalaias ou vixías, especialmente en tempos de guerra, para esculcar movementos de tropas e dar aviso a outras atalaias mediante fogueiras ou sinais de lume. Temos noticias do emprego deste

tipo de esculcas e sinais desde a Idade Media ata datas relativamente recentes. No século XVII, durante a guerra en que Portugal recuperou a independencia, e nas décadas seguintes, instaláronse atalaias e vixías en moitos puntos da diocese de Tui para defenderse das repetidas incursións de portugueses, e algunhas desas esculcas situáronse en lugares que xa se chamaban previamente *Pena Vixía, A Esculca, A Atalaia, O Faro, O Facho, A Vela, A Sentinela* etc., o que quere dicir que xa se tiñan empregado coa mesma finalidade desde tempo atrás. A moitos deses lugares aínda se lles volveu dar o mesmo uso no século XIX na guerra contra os franceses. *Facho* vén sendo un sinónimo de *Faro*, pois aínda que este último se especializou para designar os que na costa serven para axuda da navegación, tamén existen no interior moitos montes chamados *do Faro* porque neles se prendían fachos de vixía para alertar a poboación ou para orientar os camiñantes.

Da visita que fixo no ano 1745 o Padre Sarmiento ao facho do cabo Prioiro, preto de Ferrol, deixounos a seguinte anotación na súa *Colección de voces y frases gallegas*:

> Allí vi el **facho** que se reduce a una pequeña casita para albergar a dos o tres y la mucha leña preparada para el caso de encender el fuego para el aviso. Esa práctica de dar señales con el fuego es antiquísima en España. Así la voz gallega facho (...) significa la hoguera que se hace en las alturas y el sitio determinado en donde se enciende, y en donde velan dos hombres a ese fin; y esos son los esculcas. Está sigilada una porción de hombres para que por turno, y alternando, suban, como se dice, a guardar el facho; y con esa penosa carga gozan de algunas exempciones.

Habitualmente os lugares escollidos para acender o facho eran zonas deshabitadas, mais o nome puido aplicarse como denominación dun núcleo de poboación situado na súa proximidade. O Nomenclátor oficial de Galicia recolle, ademais da viguesa de Beade, outras tres entidades de poboación con ese nome, todas elas na área suroeste de Galicia, nos concellos de Cambados, Cotobade e Tui. Na toponimia menor é moito máis abundante. É ben coñecido *O Facho de Donón*, no extremo do Morrazo.

En 1752 rexistramos este topónimo en Beade como nome do núcleo habitado e mais como nome da parte do monte comunal máis próxima a ese núcleo: «una casa (…) en la situación do Facho», «situación do Facho», «una casa (…) en el Facho», «en el sitio do Facho», «casa terreña en el lugar do Facho», «en el monte que llaman do Facho, asiento del comun».

Está estreitamente relacionado con *O Facho* polo seu significado outro topónimo de Beade: **O Velouro**, escrito con frecuencia como *O Belouro*. Non posuímos documentación antiga que nos permita interpretalo con absoluta certeza, mais cremos que contén un derivado mediante o sufixo *-ouro* (do latín -ORIU) a partir do verbo *velar* (< do latín VIGILARE). O resultado común en galego dese sufixo de orixe latina é *-oiro*, mais en Vigo e en toda a área tudense presenta a variante *-ouro* (*Pousadouro, Breadouro, Corredoura*). **O Velouro** aludiría, pois, á condición de lugar onde se *velaba* ou se facía *vela* ou *vixía*, en épocas de conflitos bélicos, para alertar a poboación sobre a posible chegada de inimigos. O correspondente primitivo (*vela*) está presente co mesmo valor en moitas áreas da toponimia galega. Lémbrese, por exemplo, a *Costa da Vela* e a área mariña coñecida como *Suavela*, situadas no extremo da península do Morrazo e á beira do mencionado Facho de Donón.

En Beade aínda temos outro topónimo relacionado coas actividades de vixilancia dos camiños: é o nome da área chamada **As Talaíñas**, unhas terras de labor entre os lugares do Porto e do Franco. O nome actual, coma outros topónimos plurais que designan terras de labor integradas por varias propiedades, é un plural secundario, pois o topónimo orixinario era singular, **A Atalaíña**, e nel houbo unha segmentación do a- inicial do substantivo, interpretado como artigo ou fundido con el (*A Atalaíña* > *A Talaíña*). É, polo tanto, un diminutivo do substantivo común *atalaia*, palabra de orixe árabe que se aplicou a lugares desde onde se exercía labor de esculca, vela ou vixía. As grafías con que aparece este topónimo no Catastro de Ensenada amosan que probablemente daquela xa non resultaba un nome transparente: «sitio da Talaiña», «en la Ata Laiña», «situazion da Talayña» etc. O Nomenclátor de Galicia rexistra unha ducia de localidades chamadas *A Atalaia*; unha delas na veciña parroquia de Vincios, no concello de Gondomar.

10. Figueirós

▶ As referencias a esta entidade de poboación da parroquia de Beade que atopamos no Catastro de Ensenada presentan no seu nome alternancia entre o singular e o plural: «lugar de Figueirós», «sitio de Figueirós», «una casa terreña en el sitio de Figueiró», «una huerta en el lugar de Figueirós», «lugar de Figueiró», «en Figueiró», «terreno situado en

Figueirós» etc. A mesma alternancia entre o singular e o plural tamén se rexistra noutros topónimos da parroquia. Neste caso concreto, a comezos do século XIX aínda tiña bastante uso a forma singular, *Figueiró*, pero ao longo dese século foi consolidándose definitivamente o plural. No Nomenclátor oficial de 1910 e en todos os seguintes xa figurou sempre coa forma actual: *Figueirós*.

Figueiró e *Figueirós* son o resultado do latín FICARIOLA(S), diminutivo de FICARIAM ('figueira'), e estes nomes designaron en orixe un lugar poboado de figueiras. A propia morfoloxía do topónimo é indicio da súa antigüidade, pois os derivados en -OLA deixaron de utilizarse en datas moi temperás da Idade Media. O resultado do sufixo diminutivo latino -OLA, na zona de Vigo e de toda a diocese tudense, en vez da forma habitual do galego común en *-oa* (*Figueiroa*), presenta a variante suroccidental, común co portugués, en -ó (coma no topónimo vigués de *Pereiró*, que procede dun latín PIRARIOLA, diminutivo de PIRARIA 'pereira').

Na toponimia galega son moi numerosos os nomes de lugar que fan referencia ás figueiras. O Nomenclátor oficial recolle máis de cen entidades de poboación cun nome pertencente a este tema botánico (*Figueira, Figueiral, Figueiroa, Figueiró, Figueirúa, Figueiroá, Figueiredo, Figueirido* etc.). Na parroquia de Beade recollemos **Figueirós** (entidade de poboación), a **Fonte de Figueirós** (fonte no mesmo lugar) e o **Camiño de Figueirós** (vía pública).

Ademais destes, outro topónimo relacionado con estas árbores é **A Figueira** ou **As Figueiras** (terras de labor nas inmediacións de Figueirós). Corresponde a unha liña de campos que se estende de leste a oeste entre o camiño do Lago e a rúa do Lombeiro, desde onde remata a rúa da Alza ata a parte alta do camiño de Figueirós.

11. Gandara, A

▶ *Gándara* é un substantivo galego de orixe prerromana que designa terreos pouco produtivos ou estériles, habitualmente chans. O Nomenclátor de Galicia recolle cerca de cento cincuenta entidades de poboación con ese nome ou cos seus derivados e variantes. Na parroquia de Beade está presente en **A Gándara** (entidade de poboación), a

Costa da Gándara (vía pública), **A Gándara** (terreos por riba do camiño do Riomao) e **As Gándaras** (terras de labor na Costa da Gándara).

No século XVIII, a maior parte das terras do lugar da Gándara en Beade estaban dedicadas a monte baixo: «un tojal en la Gándara», «un tojal (…) en el lugar da Gandra», «medio ferrado de matorral (…) al sitio de la Gándara». Pero tamén había nese lugar soutos de castiñeiros e viñas: «una parra en la Gándara», «en terreno auierto del lugar da Gandra veinte y quatro castaños».

A alternancia de grafías *A Gándara / A Gandra* que vemos no Catastro de Ensenada tamén aparece noutras fontes documentais e cartográficas ata a actualidade. Na rotulación e no Nomenclátor oficial úsase a forma plena, *A Gándara*, que non reproduce a síncopa da vocal postónica, moi frecuente na fala da zona (*A Ghandra*).

O topónimo a *Costa da Gándara* está presente así mesmo en *O Pedruco da Costa da Gándara*, nome dunhas terras de labor por detrás da Devesiña, na Gándara.

12. Lombeiro, O

▶ O substantivo común *lombo*, procedente do latín LUMBUM, ademais dun significado anatómico, referido ás costas dun animal ou dunha persoa, ten tamén uso con valor orográfico que fai referencia a elevacións do terreo de superficie alongada e perfil curvilíneo, igual ca o feminino *lomba* e os seus derivados. É un tema abundante na toponimia galega: o Nomenclátor de Galicia recolle máis de cincuenta entidades de poboación que conteñen no seu nome os substantivos *lombo, lomba* e os seus derivados e compostos. En Beade está presente en **O Lombeiro** (entidade de poboación), o **Camiño do Lombeiro** (vía pública no mesmo lugar) e os **Campos do Lombo** (terras de labor próximas á rúa de Abalde).

A orografía da entidade chamada **O Lombeiro**, asentada sobre a elevación ou o outeiro do mesmo nome, aínda permite apreciar o motivo que orixinou a súa denominación. A partir da edición de 1996, este lugar de Beade figuraba erradamente nos nomenclátores oficiais como *O Lambeiro*, sen dúbida debido a un erro mecanográfico ou de impresión,

pois en toda a tradición escrita consta como *O Lombeiro*. Así, no Catastro de Ensenada, de 1752, lese: «situación do Lombeiro», «sitio do Lombeiro», «de Lombeyro», «en el Lombeyro», «en el lugar do Lombeiro», «coutada do Lombeiro» etc. Aínda que Lombo e Lomba son comúns na toponimia galega, o derivado en *-eiro / -eira* non é abundante, e ademais desta localidade de Beade, o Nomenclátor de Galicia só rexistra unha forma feminina (*A Lombeira*) como nome dunha aldea da parroquia de Leirado, no concello de Salvaterra de Miño.

Un diminutivo **O Lombeiriño**, que aparentemente non sobrevive hoxe na microtoponimia de Beade, atopámolo documentado no Catastro de Ensenada: «en el Lombeiriño», «sitio do Lombeiriño», «sitio do Cocho do Lombeiriño», «al Lombeyriño».

O nome da paraxe coñecida hoxe como os **Campos do Lombo**, terras de labor situadas cerca de Abalde, onda a estrema coa parroquia de Bembrive, rexistrámolo igualmente no século XVIII: «sitio do Lombo», «camino que pasa al Lombo», «mas tierra en el sitio do Campo do Lombo», «en la situación do Lombo», «sitio do Lombo».

13. Pena, A

▶ O substantivo *pena* procede do latín PINNAM e é palabra común en galego para significar 'rocha, penedo'. Na toponimia de Galicia é un termo abundantísimo, e tamén noutras áreas do norte da península. A forma correspondente en castelán é *peña*; en Portugal conviven a forma tradicional *pena*, coincidente coa galega, e o castelanismo *penha*. O Nomenclátor de Galicia recolle máis de catrocentas entidades de poboación con ese nome e os seus derivados e compostos. Na parroquia de Beade está presente en **A Pena** (núcleo de poboación), o **Camiño da Pena** (vía pública no mesmo lugar), os **Campos da Pena** (terras de labor á beira do camiño da Pena) e os **Campos da Pena** (área comprendida entre o camiño do Castañal e o hoxe denominado camiño do Pombal, na Pena).

Nun apeo de bens da parroquia de Beade do ano 1529 faise referencia a un **Casal da Pena**, próximo ao «camino real que va para Vigo»,[3]

[3] Citado por Elisa Ferreira (1988): *Los caminos medievales de Galicia*. Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial, 92.

que seguramente debemos identificar co núcleo actual chamado A Pena. No Catastro de Ensenada (1752) lemos: «una casa (...) en el lugar da Pena», «casa terreña en el lugar da Pena», «sitio da Pena», «sitio da Peña», «lugar da Pena».

Tamén está presente este substantivo no nome dun muíño documentado no século XVIII no Catastro de Ensenada co nome de **Muíño da Pena**.

14. Porto, O

▶ *Porto* e *porta* son palabras de orixe latina, moi comúns na toponimia das vías de comunicación para designar os lugares por onde un camiño atravesa un límite ou supera un obstáculo do relevo (un vao ou unha ponte nun río, un paso entre montañas etc.). No pasado, nalgúns *portos* situados en fronteiras administrativas debía pagarse un tributo de portaxe ou pasaxe. O Nomenclátor de Galicia recolle máis de catrocentas localidades co substantivo *porto* ou os seus derivados e compostos.

Polo lugar chamado **O Porto** accedía á parroquia de Beade o camiño real que viña desde Tui por Zamáns cara a Vigo e o val de Fragoso. Era unha das portas de entrada no territorio da xurisdición de Bouzas e, nalgunhas épocas da historia, nese lugar cobraban portaxe os representantes do bispo e do cabido de Tui.

O camiño referido, logo de pasar a encrucillada coñecida hoxe como *Cruce do Porto*, seguía en dirección a Vigo pola actual rúa do Seixo, nas proximidades da paraxe denominada na actualidade o *Camiño Real*, cerca de Saa e do instituto de bacharelato, ata a estrema de Beade con Castrelos, onde a toponimia conserva referencia a outro porto: *Porto Loureiro*, célebre no pasado polas súas canteiras, de onde saíu boa parte da pedra que se empregou na construción no rápido desenvolvemento urbano da cidade de Vigo.

No traballo de campo recolléronse os seguintes topónimos en que está presente este substantivo: **O Porto** (entidade de poboación), o **Cruce do Porto** (encrucillada, núcleo habitado e vía pública no mesmo lugar), **O Porto de Abaixo** e **O Porto de Arriba** (áreas habitadas no mesmo sitio), a **Fonte do Porto** (fonte situada no lugar do Porto) e **Porto Loureiro** (vía pública e terras de labor e arboredo, na estrema con Castrelos).

No Catastro de Ensenada atopamos documentados estes lugares: «una casa terreña en el lugar de Porto», «una casa en el Porto», «un colmenar de nobenta colmenas en la situación do Porto», «sitio do Porto», «del Souto do Porto», «en el monte baldío que se nombra Porto Loureiro honze castaños y cinco robles».

Na documentación dos séculos XVII e XVIII do convento pontevedrés de San Domingos rexístranse reiteradamente unhas propiedades en Beade coñecidas como *O Souto do Porto*.

Outros topónimos da parroquia de Beade que conteñen substantivos emparentados con *porto* son os seguintes: **Suaporta** (terras de labor á beira do camiño das Castiñeiras, preto da encrucillada coa rúa de Saa), o **Camiño de Suaporta** (carreiro que conduce ás terras chamadas Suaporta), **A Portiña** (terreos no camiño da Alza, no barrio da Pena), **As Portaleiras** (área habitada no Porto), **As Portaleiras** (terras de labor no lugar do Porto), o **Camiño das Portaleiras** (vía pública no Porto), a **Fonte das Portaleiras** (fonte no Porto), o **Camiño do Portelo** (vía pública no núcleo do Coto) e **O Portelo do Eido** (carreiro no camiño do Portelo).

Portelo é en orixe un derivado diminutivo de *porto*. Designa unha abertura estreita ou un paso nun valado de pedra para permitir a entrada e a saída de persoas ou de animais, pero non de carros, nunha herdade cercada, a diferenza da *porta* ou o *portal*, que son máis anchos e permiten o paso do carro. Con este significado, *portelo* é sinónimo de *esqueiro* ou *escairo*, *pasadoiro* ou *pasadouro* e *portaleira*. Esta última forma, pertencente igualmente á familia léxica de *porto* e *porta*, tamén ten presenza na toponimia de Beade, como vemos. En galego, *portaleira* é un termo característico do territorio da diocese tudense e non se rexistra noutras áreas; existe así mesmo en portugués, onde segundo os dicionarios designa «uma abertura, relativamente estreita, na vedação de um prédio rústico, para entrarem e saírem, por aí, animais e pessoas». No Nomenclátor de Galicia figuran outras dúas entidades de poboación chamadas *As Portaleiras* nas parroquias de Valeixe e de Parada das Achas, no concello pontevedrés da Caniza. Co mesmo significado está máis estendido noutras áreas galegas o uso de *portelo*. Existen dez entidades chamadas *(O) Portelo* ou *(Os) Portelos*.

O feminino *porta* ten un significado semellante ao de *portelo* e *portaleira*, pero en xeral designa, como vimos, unha abertura máis ancha, que permite o paso de carros. Nas vilas e nas cidades amuralladas tamén se chamaba *porta* cada unha das entradas para pasar carruaxes, a

diferenza dos *poxigos*, que eran estreitos, para pasaren persoas. En Beade, no núcleo de Saa, o Catastro de Ensenada rexistra un lugar chamado *A Porta* («sitio da Porta», «labradío en la Porta»), seguramente referido a un paso ancho nun valado de pedra ou acaso unha entrada ao recinto cercado da primitiva *Saa* altomedieval que deu nome ao lugar (véxase máis adiante o comentario sobre o topónimo). Na toponimia actual sobrevive a referencia a esa *Porta* no topónimo **Suaporta**, que vén sendo o mesmo topónimo *A Porta* precedido da preposición correspondente ao latín SUB 'debaixo de'. Este tamén se rexistra en 1752: «lugar de Suaporta», «sitio de sua Aporta», «labradio en el cocho de sub a porta en Saá». Non son infrecuentes en Beade os topónimos iniciados por esta preposición: *Suafonte, Sueiras, Sumata*...

15. Pouleira, A

▶ *Poulo* e *poula* son o resultado galego do latín PABULUM, PABULAM 'alimento, pasto', e designan as terras que non se cultivan e se deixan a herba para que paza nelas o gando. A expresión «(deixar) a poula» ten uso vivo no galego de moitas áreas de Galicia para referirse ás terras de labor que se deixan de cultivar, como descanso, para destinalas a pasto ou por calquera outra causa. Un derivado mediante sufixo é *pouleira*. Na parroquia de Beade, esta familia léxica está presente nos seguintes topónimos: **A Pouleira** (entidade de poboación), **Os Poulos** (terras de labor próximas á Barreira, na Gándara, entre o camiño do Riomao e as terras chamadas As Barxas), **Os Poulos** (terras de labor na Brea, entre O Roupeiro e As Relfas), **O Poulo** (terras de labor na Pena), **Os Poulos** (terras de labor en Saa), **As Poulas** (terras de labor –hoxe zona industrial– no Porto) e a **Presa das Poulas** (antiga presa, hoxe inexistente, no mesmo lugar).

O Nomenclátor de Galicia recolle unha ducia de lugares chamados *(O) Poulo*, (*Os*) *Poulos*, (*A*) *Poula ou* (*As*) *Poulas*, e na microtoponimia é un termo moi abundante. O derivado *Pouleira*, aínda que non é infrecuente como microtopónimo, como nome de entidade de poboación só se rexistra na parroquia de Beade. No concello de Vigo hai outro exemplo do masculino *poulo* no nome dunha entidade ou barrio da parroquia de Teis.

16. Presas, As

▶ Nun apeo de bens do ano 1529 faise referencia ao **Casal da Presa** «así como parte con la estrada que viene de Vigo» na parroquia de Beade. En 1752, no Catastro de Ensenada, atopamos numerosas referencias a ese lugar: «sitio da Presa», «una casa (...) en el lugar da Presa», «tierra en el sitio da presa», «donde dicen Campo da Presa». Vén sendo a mesma localidade que na rotulación municipal e noutras fontes actuais figura coa súa forma en plural: *As Presas*. Os topónimos en que está presente esta forma fan referencia a pequenas presas ou encoros que se realizan co propósito de reter a auga e distribuíla para regar ou para outros fins. Na parroquia de Beade temos este substantivo nos seguintes nomes de lugar: **As Presas** (entidade de poboación, próxima á da Pena), a **Fonte das Presas** (fonte no mesmo lugar), a **Ponte das Presas** (ponte sobre o río das Presas), o **Camiño das Presas** (vía pública na Pena), **A Presa** (área habitada e vía pública, próxima ao lugar do Franco), **A Presa** (terras de labor no mesmo sitio do anterior), **As Presas do Eitón** (presas nos campos chamados As Veigas do Eitón, en Abalde), **As Presiñas** (área habitada en Babio), o **Camiño das Presiñas** (vía pública, erradamente como «de Presiñas» no rótulo), os **Campos das Presiñas** (terras de labor, cultivos, en Babio), a **Fonte das Presiñas** (fonte no camiño das Presiñas, en Babio), a **Presa da Fonte da Vila** (onda a fonte da Vila, nos Cruceiros, en Babio), a **Presa das Poulas** (antiga presa, hoxe inexistente, na área industrial do Porto), a **Presa dos Lagumeiros** (hoxe desaparecida, onda o camiño do Gualdino), a **Presa dos Mortos** (próxima ao lugar da Batalla, cerca da igrexa parroquial), a **Presa dos Seixos** (encoro no monte dos Seixos, entre Babio e A Venda), a **Presa dos Tanasóns** (presa no camiño de Alén) e o **Largo das Presas** (na Pena, no actual camiño das Presas, dende a encrucillada da rúa Castañal coa estrada dos Seixiños ata o viaduto).

Outro sinónimo de *presa* é o substantivo feminino *tol* ou *atol*, coa variante *tola*. Son formas características do galego suroccidental, da diocese tudense, que non teñen uso noutras áreas de Galicia. O Padre Sarmiento explicaba en 1745 este substantivo do seguinte xeito: «En Tuy se llama *tol* y una *tol* aquella presa de agua que sirve para regar los maizales u otros sembrados. Hay verbo gallego *entolar* el agua, y es cuando se divide el agua para el riego. En Pontevedra se llama *tola*

a aquella presa menor de agua» (Fr. Martín Sarmiento, *Viaje a Galicia de 1745*).

Tol, tola, atolar etc., son palabras de orixe prerromana; teñen parentes noutras linguas románicas (castelán *tollo, atolladero*; catalán *toll*...) e moi probablemente están relacionadas co céltico *tŭllon* 'oco, burato, foxo'. Temos esta forma en Beade nun topónimo que alude ao lugar destinado a *entolar* a auga para regar os eidos: **A Tol** ou **A Atol** (terras e arboredo –piñeiros, eucaliptos– en Quintián). O actual camiño de Gualdino antes era coñecido co nome do **Camiño da Atol**.

Este topónimo rexistrámolo no Catastro de Ensenada coas variantes *tol* e *tola*: «sitio da Tol», «sitio da Tola».

17. Quintián

▶ Outro dos núcleos de poboación tradicionais da parroquia de Beade recibe o nome de **Quintián**. Este topónimo procede dun nome persoal de orixe xermánica *Quíntila, Quintilanis* (ou *Kíntila*, *-anis*), que tivo uso relativamente frecuente como nome persoal masculino na Galicia dos últimos séculos do primeiro milenio. O nome de *Quintián* non pode vir do nome latino *Quintianus*, como sostén Gerardo Sacau no seu libro *Os nomes da terra de Vigo* (1996), pois nese caso esperariamos un resultado *Quinzán*, que tamén existe na toponimia galega (o Nomenclátor oficial recolle cinco entidades de pobación con ese nome). A partir de *Quíntila* ou *Kíntila*, tanto do seu acusativo QUINTILANE(M) coma do seu xenitivo latinizante QUINTILANI, o resultado *Quintián* responde á evolución normal do paso do latín ao galego, coa característica perda do -l- intervocálico (como de lat. VOLARE > gal. *voar*, lat. SALIRE > gal. *saír*).

Na base de datos do Codolga atopamos múltiples exemplos de individuos chamados *Quintila* durante os séculos IX e X. A partir do ano 1000 ese nome persoal foi perdendo uso ata desaparecer do repertorio onomástico masculino no século XII. Os últimos personaxes documentados que portaban ese nome foron un *Quintila Cidiz* que aparece nun documento do mosteiro de Celanova do ano 1106 e un *Quintila Arias* dun documento do mosteiro de Sobrado do ano 1160, de xeito que o topónimo Quintián de Beade debeu de nacer probablemente con anterioridade a esas datas.

O Nomenclátor de Galicia recolle outras tres localidades chamadas *Quintián*, ademais da de Beade, situadas nos concellos lugueses de Outeiro de Rei, O Páramo e Lugo. A estes debemos engadir posiblemente o segundo elemento do lugar e da parroquia de *Morquintián*, no concello de Muxía. Un microtopónimo *camiño de Quintián*, no concello coruñés das Pontes de García Rodríguez, atopámolo en latín nun documento do século XII: «per monte Petrosum; inde per viam de *Quintilan* usque pervenitur ad Kavalar» (Sobrado, ano 1117).

Na parroquia viguesa de Beade está presente esta forma en **Quintián** (entidade de poboación, núcleo habitado), **Quintián de Abaixo** e **Quintián de Arriba** (núcleos habitados, partes de Quintián), a **Fonte de Quintián** ou de **Quintiáns** (fonte en Quintián), o **Lavadeiro de Quintián** (lavadoiro no mesmo lugar) e O **Quintianciño** ou **Os Quintianciños** (terras de labor no Porto, hoxe na estrema da zona industrial).

Tamén está presente este nome na rotulación viaria da autoestrada de Vigo a Baiona no chamado **Viaduto de Quintián**.

Como sucede noutros topónimos da parroquia, nalgunha das formas recollidas rexístrase vacilación entre o singular e o plural. A forma do plural *Quintiáns* orixinouse espontaneamente polo feito de existiren dous núcleos co mesmo nome de *Quintián* (*Quintián de Arriba* e *de Abaixo*). En *O Quintianciño* ou *Os Quintianciños*, o plural debeu de xurdir por referencia a varias propiedades coa mesma denominación, xa que *Quintianciño* é propiamente un *topónimo replicante de Quintián*, derivado co sufixo *-iño*, posiblemente cun significado orixinario de «dos de Quintián», en referencia á propiedade das terras.

Na documentación antiga sempre recollemos as formas do singular, que seguen a ser as maioritarias hoxe. No Catastro de Ensenada (1752), lemos: «en donde dicen Quintián», «en el monte que se nombra Quintián», «tojal en Quintián», «mas otro en las lagoas de Quintan (*sic*) de Arriba», «Quintián de Arriva», «en Quintianciño», «otra [tierra de labradío] en el sitio de Quintianciño» etc.

18. Saa

▶ Está presente esta forma nos seguintes topónimos de Beade: **Saa** (entidade de poboación), **Saa do Monte** ou **Sá do Monte** (área habitada) e **A Cortiña de Saa** (terras de labor próximas ao lugar de Saa).

Estes topónimos conteñen o resultado do latín medieval SALA, nome común de orixe xermánica que significaba 'edificio, construción'. A palabra debeu de chegar a Galicia cos suevos no século V e tivo vixencia aproximadamente ata o século X, pero logo desapareceu do léxico da fala e unicamente sobreviviu na toponimia. Por esta razón, a orixe dos topónimos que presentan este substantivo debemos datala neses séculos da Alta Idade Media. Con posterioridade, a mesma palabra de orixe xermánica chegou de novo ás linguas da península, esta vez a través do francés *salle*, e con significados algo distintos (entre eles o máis común de 'dependencia no interior dun edificio ou vivenda') e deu lugar ao galego, castelán e portugués *sala*.

A forma escrita con dobre vogal (*Saa*, ás veces acentuada como *Sáa* ou *Saá*) representa un arcaísmo gráfico, pois a evolución natural en galego é a redución da vogal, igual ca no topónimo lat. MATA MALA > medieval *Matamaa* > actual *Matamá*, ou no léxico común, do latín SOLU > medieval *soo* > galego actual *só*, ou latín BONU > galego antigo *boo* > actual *bo*. Este último adxectivo tamén se rexistra na actualidade con grafías arcaizantes nalgúns topónimos ou apelidos: *Boo, Rioboo* etc.

Os topónimos de Beade que conteñen o substantivo *Saa* ou *Sa* presentan vacilación nas grafías. Mesmo na actualidade, a rotulación municipal mantén a escrita arcaizante en *Saa* pero a reducida en *Sá do Monte*. Ata hai pouco, no rótulo viario que sinala este barrio de Beade, onde dicía *Sá do Monte*, podíase ver que unha man anónima engadira un *a* ao primeiro elemento (*Saa do Monte*) para uniformalo coa grafía habitual de *Saa*. Na fala, en calquera caso, representa un monosílabo, non sendo nas persoas que condicionadas pola forma escrita pronuncian dúas vogais (sa-a). As mesmas vacilacións rexistrámolas na representación deste nome no Catastro de Ensenada: «casa (…) en el lugar de Saa», «en Sa», «lugar de Saa», «lugar de Saà», «lugar de Sáa», «Veiga de Saa», «campo da Cortiña de Sa», «sitio do monte en Sa», «en Cortiña de Saa», «en la Cortiña de Sa» etc. No Nomenclátor oficial do ano 1910 figuraba como *Sa*.

O actual Nomenclátor de Galicia recolle 28 entidades de poboación que teñen no seu nome a forma *Saa* (contando compostos como *Saavedra* ou *Pedra de Saa*) e 24 coa variante gráfica *Sa*. En Portugal as grafías estandarizáronse como *Sá* nos topónimos (todos eles situados no norte) e nos apelidos idénticos, de orixe toponímica.

19. Seixo, O

▶ Seixo (do latín SAXUM 'pedra') é un termo moi común na toponimia galega. No Nomenclátor de Galicia constan 140 entidades de poboación que conteñen no seu nome esta palabra ou os seus derivados e compostos (*Seixas, Seixal, Seixedo, Seixalbo* etc.), tamén moi abundantes na toponimia menor. A presenza de *seixo* na toponimia designa en xeral grandes pedras ou penedos de cuarzo. En Beade dá nome a un núcleo de poboación tradicional (**O Seixo**, á beira de Saa) e está presente noutros topónimos: a **Fonte do Seixo** (fonte no mesmo lugar), **Os Seixos** (terras de arboredo entre Babio e A Venda), a **Fonte do Seixo** ou a **Fonte dos Seixiños** (manancial hoxe desaparecido, en Babio), a **Presa dos Seixos** (encoro entre Babio e A Venda), **Os Seixiños** (monte e área industrial onda O Piñeiro) e a **Estrada dos Seixiños** (vía pública que sobe da estrada da Coutada ata A Pena; «Estrada Seixiños» no rótulo).

Do manancial situado no terreo coñecido como *Os Seixos*, no barrio de Babio, di a veciñanza que tiña unha auga de moita calidade e que mesmo posuía propiedades medicinais. No momento do traballo de campo aínda podiamos velo, entre as silvas, no medio das coutadas, mais hoxe xa non existe, pois no seu lugar levántase o novo hospital de Vigo.

O Catastro de Ensenada e outras fontes documentais dos séculos XVIII e XIX rexistran algúns destes topónimos de Beade con vacilacións nas grafías: «lugar do Seixo», «do Seijo», «del Seixo», «del Seijo», «sitio del seijo de abajo», «una casa (…) en el sitio do Seijo», «en el Seijo», «sitio del Seixiño», «una dehesa en el monte que nombran Seixiño», «sitio dos Seixos» etc.

20. Venda, A

▶ O substantivo común galego *venda*, igual ca o correspondente castelán *venta*, está emparentado co verbo *vender* e designaba antigamente un establecemento situado nunha vía de comunicación destinado a darlles comida e bebida aos viaxeiros e ás súas cabalarías. En Beade, o nome do lugar chamado **A Venda** procede dun destes establecementos. Ofrecía o seu servizo no camiño real a Bouzas e Vigo desde O Porriño e Tui pola parroquia de Zamáns. A mediados do século XVIII

aínda tiña actividade, pois no Catastro de Ensenada figura na relación de tabernas da parroquia. Nese catastro e noutras fontes escritas atopámolo adoito coa forma castelá *Venta* («sitio de la Venta», «en la situación de la Venta», «de la Benta»...), mais no *Libro de afanegados* do ano 1846 figura coa forma tradicional galega *Venda*.

Ademais desta, existiu na parroquia outra *venda* que deu orixe a un topónimo **A Venda Vella**, que aparentemente non sobrevive na actualidade mais que se rexistra no Catastro de Ensenada («otro tojal en la situación da Venta Vella»). Estaba situada no mesmo camiño real que viña de Tui, quizais entre A Venda actual e o núcleo de Babio. Algúns dos outros topónimos de Beade que conteñen este substantivo puideron estar motivados por esa venda vella e non pola que deixou pegada no topónimo *A Venda* actual. Son estes: a **Fonte da Venda** (entre os núcleos de Babio e A Venda; era tamén coñecida como a fonte da Leira, porque estaba á beira do camiño da Leira; hoxe desapareceu e conduciuse a auga ata a chamada Fonte dos Infernos); o **Monte da Venda** (terras de monte onda o núcleo da Venda); o **Lugar da Venda** (propiedade edificada no camiño das Campaceiras, xusto na curva próxima á estrada da Venda); a **Estrada da Venda** (vía pública que vai de Babio ata o vial da Universidade, nun trazado coincidente co antigo camiño real de Tui a Vigo por Zamáns) e o **Pinal da Venda** (piñeiral na estrada da Venda).

3 Segunda parte
Outros topónimos de Beade

As entradas en minúscula remiten a apartados desta mesma relación alfabética. Cando se indica unha forma precedida dun número, refírese aos apartados das páxinas precedentes, correspondentes aos núcleos de poboación tradicionais da parroquia.

Abalde ► 02. Abalde

Abriles, Os

Leva o nome de **Os Abriles** un curruncho de casas entre o camiño Real e a rúa do Seixo. Contén o plural dun sobrenome ou apelido *Abril*, coincidente co nome do mes, que tivo uso como nome persoal masculino. Rexistrámolo na documentación medieval empregado como nome e apelido, como nestes exemplos tirados do TMILG: «Abril Migueez, abbade de San Paio» (ano 1278), «don Abril Eanes, Açidiago de Trasancos» (ano 1284), «Johan Abril, notario de Samos» (ano 1291), «Fernan Abril, notario do concello de Santiago» (ano 1322). Na actualidade, o apelido *Abril* presenta a súa máxima densidade no territorio da diocese tudense. O topónimo débese seguramente a uns propietarios que portaban ese apelido.

Acevedo

Acevo, aceviño, acivo, acivro e outras variantes son denominacións comúns en galego para a árbore coñecida polo nome científico de *Ilex*

aquifolium. Estes nomes galegos derivan do latín ACIFOLUM, variante do AQUIFOLIUM ou ACIFOLIUM clásico, composto de ACU- 'agulla' e FOLIUM 'folla', en referencia ás 'follas con agullas ou espiñas' desta árbore. O nome castelán da árbore (grafado con *b, acebo*) é un galeguismo nesa lingua. *Acevedo* é un derivado do nome da árbore mediante o sufixo -EDO (do latín -ETU), usual na formación de colectivos derivados de nomes botánicos, tanto relativos aos cultivos coma á vexetación espontánea. Na toponimia de Beade témolo en **Acevedo** (terras de labor na Costa da Gándara, próximas ao lugar da Pouleira), o **Camiño de Acevedo** (vía pública no mesmo lugar) e o **Muíño de Acevedo** (muíño próximo ás terras de labor denominadas Acevedo).

O Nomenclátor de Galicia recolle máis de cincuenta localidades cuxo nome fai referencia a estas árbores, coas formas *Acevedo, Aciveiro, Aceval, Acival* etc., pero en Beade non podemos saber se o *Acevedo* destes topónimos é debido á presenza ou á abundancia de *acevos* ou *acivos* ou se procede do apelido dunha familia propietaria. O feito de que o Catastro de Ensenada non o rexistre como nome de lugar, pero si unhas propiedades e mais un muíño pertencentes a un «don Manuel de Acevedo, vezino de la villa de Vigo» fainos considerar máis probable a segunda hipótese.

Acolitos ► Eucaliptos

Agapito

Agapito é un nome persoal de orixe grega, derivado de αγάπη (agápē) 'amor', difundido no repertorio de nomes cristiáns a partir do culto de varios santos así chamados, entre eles un papa. Deixa pegada na toponimia de Beade no nome dunha vía pública denominada o **Camiño de Agapito**, un ramal do camiño de Gualdino que oficialmente leva tamén este mesmo nome. Coma tantos outros microtopónimos de Beade, contén un nome de propietario, neste caso chamado *Agapito*.

Agulla, A do

Coñécese como **A do Agulla** unha propiedade edificada na rúa de Ramiro Pascual, por detrás do camiño das Presiñas, en Babio, que

estrema coa coñecida polos veciños como *A dos Canastreiros*. *Agulla* é aquí un sobrenome ou máis probablemente un apelido de propietario, formado sobre o nome común *agulla* (< latín ACUCULAM). *Agulla* é un apelido característico do Morrazo e da ría de Vigo, segundo podemos observar na Cartografía dos apelidos galegos do Instituto da Lingua Galega.

Agustín, Agustinachos

O **Lugar de Agustín** é unha casa cos seus terreos no camiño da Barreira, na Gándara. Aínda que en Galicia existe Agustín como apelido de orixe toponímica, cremos que aquí é o nome persoal dun propietario. O lugar é coñecido tamén coa denominación alternativa de **Os Agustinachos** ou o **Lugar dos Agustinachos**, onde o derivado co sufixo *-acho* designa probablemente os descendentes do Agustín orixinario, supoñemos que con intención humorística, pois *-acho* é sufixo que se emprega para formar o nome das crías dalgúns animais (coma en *lebre- lebracho*).

Agustín é propiamente un castelanismo, pois a forma tradicional galega deste antropónimo é *Agostiño*.

Alén

Alén ou os **Campos de Alén** é a denominación dunhas propiedades situadas na Coutada, á beira do camiño que recibiu o seu nome destes campos, o **Camiño de Alén**. *Alén* é palabra común en galego, que ten uso como adverbio e como locución preposicional (*alén de*) e tamén como substantivo (o *alén* 'o máis alá'). Na toponimia designa polo regular aldeas ou propiedades rústicas situadas máis alá dalgún obstáculo (por exemplo, un río) respecto do resto das aldeas da parroquia ou das posesións dun mesmo propietario. Non obstante, neste caso o topónimo non fai referencia á súa situación relativa, senón que procede dun alcume familiar, segundo nos fan constar os informantes locais. Este alcume foi en orixe un apelido, á súa vez orixinario dun topónimo *Alén*. A documentación relativa ás propiedades do convento de San Domingos de Pontevedra en Beade rexistra a mediados do século XVIII un foreiro chamado *don Fernando de Alén Rodríguez de Neira*, que desde 1755

ten subarrendadas a terceiros diferentes propiedades pertencentes a ese convento. Entre 1789 e 1811 paga o foro das mesmas propiedades un *don Fernando de Alén*, eclesiástico (*presbítero*), acaso fillo ou sobriño do anterior. É verosímil que en última instancia teña relación con estas persoas a motivación que fixou o apelido *Alén* na toponimia de Beade.

Alonsos, A dos

É coñecida como **A dos Alonsos** unha coutada no lugar das Presiñas, en Babio, a carón da cal se atopa a *Fonte das Presiñas*. Coma outros topónimos constituídos pola estrutura *a + de + nome persoal*, contén o nome, o apelido ou o alcume da familia propietaria.

O apelido *Alonso* ten presenza moi significativa na Galicia meridional e acada a súa maior densidade nos concellos situados entre a ría de Vigo e a raia con Portugal. É o resultado da castelanización do antigo **Afonso**, que na Idade Media xa era moi abundante en ambas as beiras do Miño e segue a selo no Minho portugués, especialmente nos territorios que pertencían á diocese de Tui. Os *Afonso* de Galicia a partir do século XVI foron castelanizados como *Alonso*, porque esa era daquela a forma castelá correspondente ao galego *Afonso* e ao castelán medieval *Alfonso* (desta sorte, ata o último terzo do século XIX, nos libros de historia de España escritos en castelán o nome do rei Sabio era *Alonso X*). Esta castelanización dos *Afonso* galegos non se consolidou ata a creación do Rexistro Civil na década de 1870, pois aínda que na documentación escrita adoita aparecer case sempre a forma *Alonso*, en rexistros informais atopamos exemplos abondos de *Afonso*, que sen dúbida era a forma usual na fala. Así, un veciño de Beade de finais do século XVII e comezos do XVIII que se rexistra como *Esteban Alonso* nos libros de foros do convento vigués de San Francisco, no *Libro de apuntamientos para cuentas* (AHN, Clero, 20225), que contén anotacións máis informais, aparece co verdadeiro nome: *Estevo Afonso*.

Alza, A

O Nomenclátor de Galicia recolle unha única localidade denominada *A Alza* na parroquia viguesa de Cabral. En Beade existe o *Camiño da Alza* ou a *Rúa da Alza* (na rotulación viaria «Rúa Alza»), na Pena. *Alza*

é probablemente un substantivo formado sobre o verbo *alzar* (< latín ALTIARE), unha forma emparentada co adxectivo *alto, alta*, e posiblemente fai referencia á posición relativa do lugar, situado nunha elevación.

Ameal ▶ Amieiro

Amieiro, O

Amieiro e variantes son denominacións galegas da árbore *Alnus glutinosa* (*aliso* en castelán), que medra nas beiras do ríos. É un nome de orixe prerromana; deriva dunha raíz indoeuropea AM- que significaría 'auga, río' e que tamén deixa restos na toponimia (como en *Amio* e *Amaía* ou A *Maía* na toponimia galega, *Amaya* na toponimia castelá etc.). O nome do *amieiro* (< *AMENARIU) significa, xa que logo, algo así como 'árbore do río' ou 'árbore da auga'. Está presente nos topónimos **O Amieiro** (área habitada próxima ao camiño do Cu da Viña) e **Os Amieiros** (terras de labor onda o anterior). No *Castastro de Ensenada* aparece este topónimo coa forma do singular («situación do Amieiro», «en el Amieiro», «sitio do Amieiro»). No mesmo catastro recóllese na parroquia de Beade outro topónimo relativo á mesma árbore mediante o derivado colectivo *ameal* (< AMENALE): «sitio do Ameal», «en el Ameal».

Anguía, A

Unha vía pública no Facho recibe oficialmente a denominación do **Camiño da Anguía**. Os informantes locais téñeno por topónimo recente, que só coñecen desde que se colocou a placa municipal, pois din que tanto ese camiño coma o veciño camiño de Sumata eran coñecidos co nome do núcleo: *O Facho*. Hoxe constitúen propiamente dous ramais do camiño do Facho. Este contén o nome da *anguía* (< latín ANGUILAM), peixe teleósteo.

Aparicia, A

A Aparicia ou **A Paricia** é un nome alternativo da área tamén denominada *As Carneiras*, na estrema coa parroquia de Matamá. Semella un

topónimo derivado dun nome persoal ou apelido *Aparicio*, aquí en feminino con valor adxectivo (a Aparicia = 'a de Aparicio'), coma noutros topónimos de propietario da parroquia.

Ardemán, Ardemáns ▶ Rabela

Asucada, A ▶ Cavada

Atalaia (Talaíña, A) ▶ 09. Facho, O

Atol, Tol ▶ 16. Presas, As

Babio ▶ 03. Babio

Barallas ▶ 04. Barallas, As

Barranco

Os dicionarios definen o substantivo masculino *barranco* como 'descenso brusco e profundo do terreo'. É palabra de orixe prerromana, común ao galego, castelán e portugués. Na toponimia de Beade está presente nos nomes **Barranco de Patuco** e mais na **Fonte do Barranco de Patuco**, esta última como denominación alternativa da fonte coñecida tamén como *a Fonte do Regueiro*. *O Barranco de Patuco* era un desnivel que había por debaixo da estrada da Coutada, fronte á Asociación Cultural, onde hoxe están construíndo o conservatorio. A veciñanza informou de que alí había un lavadoiro, que está atuído, e mais unha presa coñecida como a **Presa do Barranco de Patuco** ou *a presa do Regueiro*, xa que os campos que había a carón do barranco recibían o nome de *O Regueiro* ou *O Regueiro de Abaixo*.

Barreira, Barreiro, Barros

Barro é unha palabra de orixe prerromana, común ao galego, castelán e portugués. Temos un derivado *barreira* no topónimo o **Camiño da Barreira**, na Gándara. Nese camiño, unha casa e o seu terreo reciben tamén o nome de **A da Barreira** ou a **Finca da Barreira**.

Os Barros ou **A dos Barros** é un grupo de casas situadas no Seixo. Delas toma o seu nome o **Camiño dos Barros**. Neste caso o topónimo quizais non fai referencia á constitución do terreo, pois a denominación **A dos Barros** inclínanos a interpretar Barros como un apelido de propietario. Outro tanto se pode dicir do topónimo **Os Barreiros**, nome dunha propiedade edificada ao final do camiño das Presiñas, que supoñemos o plural dun apelido *Barreiro*, á súa vez apelido toponímico (que no val de Fragoso ten un dos seus focos de orixe no lugar de Barreiro, en Lavadores). O apelido Barreiro rexístrase na parroquia de Beade desde hai séculos. Na documentación de San Domingos de Pontevedra consta que no ano 1638 o convento aforou a Domingo Biéitez e a Rodrigo Barreiro as súas propiedades do lugar do Carballo do Pazo.

Baruxáns

A Baruxán ou **As Baruxáns** son as denominacións alternativas dunhas terras situadas entre o camiño da Barxa de Arriba e o segundo cinto de circunvalación, que discorre por parte delas. Estes nomes teñen paralelo no nome dun núcleo da parroquia de Bembrive denominado *Baruxáns*, que tamén alterna coa variante singular Baruxán, probablemente a forma orixinaria, como vimos noutros topónimos onde se produce a mesma alternancia entre singular e plural (véxase *Figueiró / Figueirós*). Non sabemos se se trata de topónimos independentes ou se foi esa localidade de Bembrive a que motivou o nome destas terras de Beade, acaso chamadas así por seren orixinarios ou veciños de *Baruxán(s)* os seus propietarios nalgún momento do pasado. *Baruxán* é un topónimo escuro; podería ser un derivado da mesma raíz hidronímica indoeuropea VAR- que vemos ao tratarmos os topónimos *As Barallas* e *As Barxas*.

Barxa, A

O Nomenclátor de Galicia recolle máis de trinta entidades de poboación chamadas *Barxa* e derivados (*Barxiña, Barxela* etc.), que teñen paralelo en portugués en topónimos como *Varge, Vargem* ou *Vargelas*. Na documentación medieval en latín aparecen rexistrados como *Bargena* ou, máis frecuentemente, *Vargena*. *Barxa* ten unha variante *Barcia*, que a documentación en latín rexistra como *Barcena* ou *Varcena*. Esta

forma alternativa aínda ten maior representación na toponimia, pois hai en Galicia cerca de corenta entidades con ese nome ou derivados (*Barcia, Barciademera, Barciela* etc.). En Portugal os topónimos equivalentes (*Várzea, Varzielas, Varzinha*) sobrepasan moito o centenar e tamén está presente en Castela-León, Asturias e Cantabria coa forma *bárcena*. Malia a abundante presenza na toponimia, os substantivos *barxa* e *barcia*, igual ca os seus correspondentes en castelán ou en portugués, deixaron de ter uso na fala. Nalgúns dicionarios galegos figuran *barcia* e *barxa* como nomes comúns, mais o significado que se lles atribúe vén dado polas características dos lugares designados polos topónimos correspondentes, de aí que se supoña que unha *barxa* ou *barcia* é un terreo cultivable e con auga abundante por atoparse á beira dun curso fluvial. *Barcia* e *barxa* son palabras de orixe prerromana. Téñense relacionado co vasco *ibar*, que significa 'veiga, beira do río', mais Edelmiro Bascuas e outros autores propoñen unha raíz hidronímica indoeuropea VAR-, da cal derivarían estes topónimos e outros como *Varedo, Bares (Estaca de)* e semellantes (véxase 04. As Barallas), ademais dalgunhas formas do léxico común como *beira* 'ribeira, bordo'. Na toponimia de Beade temos o nome *Barxa* nos seguintes topónimos: **A Barxa** (área habitada, inclúe os núcleos de **A Barxa de Arriba** e **A Barxa de Abaixo**), **A Barxa de Abaixo** (núcleo habitado entre A Venda e O Porto, á beira da zona industrial), **A Barxa de Arriba** (terras de labor, cultivos entre O Porto e O Franco), o **Camiño da Barxa** (vía pública no mesmo lugar), **As Barxas** (terras de labor próximas á ponte do río de Eifonso, na Gándara), **As Barxas** (terreos fronte á nave da estrada de Clara Campoamor), **As Barxas** (terras de labor no lugar da Barxa de Abaixo), o **Regato da Barxa** (pequeno curso fluvial no Porto), **As Barxiñas** (terras de labor en Abalde) e o **Camiño das Barxiñas** (un carreiro en Abalde).

No Catastro de Ensenada (1752) figuran en singular algúns dos que hoxe presentan o substantivo en plural: «Sitio da Barja», «otra donde dicen Barja» «labradío en la Barja», «el Campo de la Barja», «Camiño da Barxa», «Camiño da Barja», «en el regato de avajo (…) en la Barja», «una pieza a la Barxiña», «sitio da Barxiña».

Basteros, Os

Unha propiedade edificada ao final do camiño das Presiñas, en Babio, é coñecida co nome de **Os Basteros**. É un topónimo de propietario,

que contén o plural dun apelido *Bastero*. Este apelido foi en orixe un sobrenome de oficio, pois *basteiro* (e en castelán *bastero*) era o 'fabricante de *bastos*, isto é, de albardas, arreos e aparellos para as cabalarías'. Mentres a forma común deste apelido noutras áreas de Galicia é a galega *Basteiro*, a variante *Bastero* só ten presenza significativa no concello de Vigo e supoñemos que é o resultado da castelanización dun *Basteiro* orixinario.

Batalla, A

É coñecida como **A Batalla** unha área de terras de labor ao oeste da parte alta do camiño do Cu da Viña, e dela toma o seu nome o **Camiño da Batalla**. Algúns informantes din ter escoitado que o topónimo fai referencia a unha batalla que libraron os veciños da parroquia contra o exército francés en 1809, nos días da Reconquista de Vigo. Non pode ser esa a razón do topónimo, pois este xa se rexistra no Catastro de Ensenada, no século XVIII, e é probable que non teña relación co substantivo común *batalla*.

É certo que o mesmo día da Reconquista de Vigo, o 28 de marzo de 1809, houbo en Beade, ou nos seus arredores, celadas e asaltos levados a cabo polos paisanos destas terras, nalgúns casos con reforzos enviados por Morillo e Cachamuíña despois da toma da cidade, contra as tropas que o exército francés mandaba desde Tui por vías diferentes para socorrer os seus compatriotas asediados en Vigo, ignorando que estes xa capitularan esa mesma mañá. Dalgunhas accións concretas, como a librada en Fontefría e nas paraxes veciñas da estrema entre as parroquias de Beade e Zamáns, temos información máis ou menos detallada na obra de historiadores e doutros estudosos. Reproducimos aquí un fragmento dun simpático libriño que se publicou ao ano seguinte deses feitos co título de *Proezas de Galicia* (1810), obra do coruñés Xosé Fernández Neira. É o primeiro libro impreso en galego no século XIX. Un personaxe refire deste xeito os sucesos daquel día en Vigo e no val de Fragoso:

> e todos xuntos, alegres coma cucos, guiados por Cachamoiña, Munin e outros particulares e cregos, tomamosche o camiño de Vigo, donde abia outros tantos gabachos (...), e asi que eles biron tal caterba de xente, encerraronse dentro, que non lles faltaba mais que poñela nos calzós (xa ti me entendes) con todo apesar de que se lles entimou a rendicion, non quixeron sinon facer fogo.

> Pero colleu un machado Cachamuiña e empezou a derribar con outros a porta. Esdentonces capitularon. Entramos dentro, sacouselles todo e entregaronse ò Ingrés. Pero o chiste foi que biñan 400 mui frescos de Tui para reforzar os de Vigo, e pegamos con eles, desorte que tamen caeron; mais dempois foron os nosos a darlles tentatibas a Tuy que si non fuxiran os que ali abia para Portugal tamen caian. Non quero decirche nada da nosa fachenda e entusiasmo, e moito mais desde que o Ingrés nos dou armas e municions e se empezaron a facer Reximentos (X. Fernández Neira, Proezas de Galicia, 1810).

Algúns dos combates e das escaramuzas contra eses *400 mui frescos* libráronse en termos da parroquia de Beade. No libro *Tierra de Fragoso (Notas para la historia de Vigo y su comarca)*, de José Espinosa, publicado en 1949, no breve capítulo que dedica a Beade pódese ler:

> En un libro de defunciones hállanse unhas notas referentes a la muerte de tres vecinos de esta parroquia [Beade], ocasionada por los franceses en el día 28 de marzo de 1809, en términos de la de Castrelos, donde fueron sepultados. En la misma página dice que en ese mismo día se entregaron los franceses y la columna que venía en su socorro fue sepultada en gran parte en Fuentefría.

Debemos sinalar que se trabuca Espinosa cando di que os mortos eran de Beade e morreran en Castrelos, pois é ao contrario, e por iso foron enterrados no cemiterio da súa freguesía; en Beade é onde tivo lugar o enfrontamento que lles causou a morte. O propio Espinosa transcribe parte das mencionadas notas do libro de defuncións de Castrelos no capítulo dedicado a esa parroquia, e por elas sabemos o nome de dous deses veciños:

> En la iglesia parroquial de Santa María de Castrelos, el día veinte y ocho de Marzo del año de mil ochocientos y nuebe, yo Don Ramón Álvarez, Cura Párroco y Prior de ella, asistí a dar sepultura eclesiástica ***al cadáver de Benito Fernandez que lo mataron los franceses*** en este mismo día un refuerzo que benía contra los paisanos que le tenían echo el cerco a los que estaban en Vigo (...). Resibió el Sacramento de la Penitencia y no el de la Comunión ni Extremaunción, por no haber tiempo para mas. Para que conste lo firmo - Ramon Alvarez.»
>
> «En la iglesia parroquial de Santa María de Castrelos, el día veinte y ocho de Marzo del año de mil ochocientos y nuebe, yo Don Ramón Alvarez, Cura párroco y Prior de ella, asistí a dar sepultura eclesiástica al ***cadáver de Domingo Rodriguez, tambien muerto por los franceses*** por los mismos motivos que la antecedente; no recibió Sacramento alguno por quedar muerto repentino, no se hizo el yntierro ni funcion alguna, y para que conste lo firmo - Ramon Alvarez.

Doutra das vítimas daqueles días, dona María Ignacia Montenegro, falamos ao tratar do topónimo *Marinasia*.

O que con seguridade non tivo orixe nos sucesos de 1809 é o topónimo *A Batalla*, pois o sitio xa viña recibindo esa denominación desde moito tempo atrás. Atopámolo reiteradamente citado en 1752 no Catastro de Ensenada: «donde nombran de la Batalla», «sitio da Batalla», «otra donde nombran da Batalla», «donde nombran Batalla», «otra en el sitio da Batalla» etc. En ocasións aparece coa forma do plural: «del campo das Batallas, sito en el lugar de Dornelas».

É ben coñecido o topónimo portugués *A Batalha*, que debe o seu nome ao *mosteiro de Santa Maria da Vitória*, tamén chamado *mosteiro da Batalha*, pois foi mandado erixir por João I de Portugal para conmemorar a vitoria sobre Castela na batalla de Aljubarrota o 14 de agosto de 1385. Con todo, tamén é posible que algúns dos nomes en que está presente esta forma non garden relación co común *batalla* 'combate' e conteñan un homónimo de distinto significado, talvez derivado igualmente do verbo *bater* (< latín medieval BATTERE < clásico BATTUERE) ou quizais de orixe prerromana. Que unha batalla concreta dese orixe a un topónimo non nos debe levar a crer sen vacilación que todos os topónimos iguais deban ter orixe semellante. O Nomenclátor de Galicia actual recolle tres entidades de poboación con ese nome:

A Batalla, lugar da parroquia de Beade, concello de Vigo (Pontevedra)

A Batalla, lugar da parroquia de Lagartóns, concello da Estrada (Pontevedra)

A Batalla, lugar da parroquia de San Pedro de Batalláns, As Neves (Pontevedra)

Nótese o nome da parroquia deste último, veciña doutra parroquia chamada *Batalláns (Santa Eulalia)*, no mesmo concello das Neves. Son paralelos doutros dous *Batallás* nas parroquias ourensás de Madarnás (O Carballiño) e Astureses (Borborás). En Portugal, ademais dos mencionados vila e mosteiro da Batalha, hai outras cinco localidades chamadas *(A) Batalha*. En Galicia rexístranse desde a Idade Media, usadas como sobrenome e apelido, as formas *Batalla* e *Batallán*, e esta última é a que explica os referidos topónimos *Batallás* e *Batalláns*. Pero na toponimia galega hai, ademais, outros topónimos aparentemente emparentados co verbo *bater* (*O Batalo, Batoco, A Batoca, Baturro, Batundeira* etc.) que poden botar luz sobre posibles significados do termo *batalla* distintos do que o fai sinónimo de *combate*. Elixio Rivas recolle en Ourense para *batoca* o significado de 'lugar ou terreo pantanoso'. Tamén fai referencia á abundancia de auga o substantivo *bátega* 'arroiada, augaceiro', polo que consideramos moi probable que a *batalla* presente na toponimia

de Beade e noutros topónimos semellantes sexa tamén un derivado que designa lugares abundantes en augas ou facilmente anegables.

Belouro (Velouro) ► 09. Facho, O

Bernaldo, Bernalda

Bernaldo é un nome galego de orixe xermánica, de uso frecuente na Idade Media (foi o nome do célebre poeta do século XIII Bernaldo de Bonaval). Na documentación escrita deixa de rexistrarse este nome a partir do século XVI, pero na práctica seguiu vivo na fala, pois *Bernaldo* foi tradicionalmente a pronunciación popular do nome que nos papeis aparece como *Bernardo*. Está presente na toponimia de Beade no nome dunhas coutadas chamadas as **Coutadas da Volta Bernaldo** ou as **Coutadas da Volta Bernalda**, na rúa de Abalde, estremando co camiño de Casmarcelo. Toman o seu nome dunha curva ou volta do camiño, chamada así mesmo a **Volta Bernaldo** ou a **Volta Bernalda**. A denominación alternativa, co nome persoal en masculino e en feminino, ilustra dun procedemento habitual de formación dos nomes das propiedades agrícolas en Beade, cun feminino que funciona como un adxectivo de posesor, concordando cun substantivo feminino (volta, presa, coutada...) ou con este substantivo elidido: A Mengana = A de Mengano. Neste caso conviven as dúas denominacións: a *Volta (de) Bernaldo* e a *Volta Bernalda*.

Bertolo, A do

A do Bertolo é o nome unha propiedade na volta da rúa das Chabarras, contigua da chamada *Os de Cachumbo*, en Babio. Contén un nome de propietario *Bertolo*, forma apocopada de *Bertolomeu*.

Besada (Vesada) ► Cavada

Bica, A

O **Monte da Bica** é unha denominación alternativa de *O Outeiro,* o monte onde está situado na actualidade o instituto de Beade, na estrema coa parroquia de Castrelos. Parece un topónimo de creación

recente. Segundo os informantes, *Bica* é o alcume ou o sobrenome dunha veciña. Está tamén presente este nome persoal noutro topónimo próximo: o **Lugar da Bica**, propiedade na estrada da Venda, xusto antes da primeira curva indo en dirección ao Porto. Descoñecemos a motivación deste sobrenome.

Boavista, A

A *Boavista* é un nome de forma e de significado transparentes, composto polo adxectivo *boa* e o substantivo *vista*, que vén sendo o participio do verbo *ver*. Fai referencia á panorámica que ofrece o lugar, situado nun alto. En Beade temos este nome en dous topónimos: **A Boavista** (zona de terras de labor e arboredo no barrio da Pena, entre As Piñeiras e a estrada de Seixiños) e o **Camiño da Boavista** (vía pública na mesma localización). Rexístrase no Catastro de Ensenada coa forma castelá ou castelanizada: «sitio de Buenabista», «Buenavista».

Boca

A **Boca da Parede** é o nome dunha área ao final do camiño da Boavista, nun tramo de propiedade privada, xusto antes de nos internar no monte. Contén o substantivo *boca* (< latín BUCCA) 'paso de entrada ou saída', quizais pola súa localización no final das terras amansadas e o inicio do monte bravo. Non sabemos se a *parede* (< latín PARIETEM) fai referencia ao desnivel do terreo ou se conserva alusión a algunha ruína ou *pardiñeiro* no lugar.

Bombas, As

Coñécense como **As Bombas** unhas coutadas á esquerda da estrada dos Seixiños en dirección sur, á altura do tamén chamado camiño dos Seixiños. Non sabemos cal dos significados do substantivo *bomba* puido motivar este topónimo. Quizais unha *bomba* 'artefacto para extraer ou elevar auga', ou quizais se deba a razóns acústicas, dada a proximidade dunha ladeira pedregosa de forte pendente onde as augas pluviais descenderían con forte ruído. En calquera dos casos, esa zona

xa se coñecía en 1752 co mesmo nome de hoxe e formaba parte das propiedades comunais da parroquia, segundo consta no Catastro de Ensenada: «monte das Bombas, asiento del común».

Borralleiros, Os

O nome dos campos chamados **Os Borralleiros** e o **Rego dos Borralleiros**, situados á beira das Ribas (véxase), entre A Coutada e Abalde, son derivados de *borralla*. Nunha das súas acepcións, *borralla* é sinónimo de *cinza*, polo que puido aplicarse a eses campos debido ao seu emprego como fertilizante agrícola. Mais *borralla* tamén puido empregarse como sinónimo de *borra* 'depósito, pouso', en referencia aos materiais de aluvión arrastrados por unha corrente fluvial e depositados nas súas beiras, que tamén se aproveitaban como fertilizantes. Con todo, tampouco podemos desbotar a posibilidade de que o topónimo se formase, igual ca noutros nomes de propiedades agrícolas da parroquia, a partir dun sobrenome persoal ou de familia, en calquera caso derivado do substantivo común *borralla*.

Bouza, A

Recibían a denominación de **A Bouza** uns terreos situados por detrás do camiño do Norberto, en Babio, hoxe desaparecidos por mor da construción do novo hospital. Conteñen o substantivo galego *bouza* (< *BAUTTIA), palabra de orixe prerromana que designa terras bravas con vexetación de arbustos e monte baixo. O mesmo substantivo estaba presente na **Fonte da Bouza** ou **Lavadouro da Bouza**, nome dunha fonte privada situada no mesmo sitio.

Brea, A

Brea e *Verea* son os resultados galegos do latín VEREDA 'camiño ancho, que permite o paso de carruaxes'. Na toponimia de Beade está presente en **A Brea** ou **As Breas** (terras situadas na zona noreste de Saa, entre o camiño da Brea, a rúa da Lagoa, a rúa de Saa e o camiño ás Relfas) e o **Camiño da Brea** (vía pública á beira do precedente). O nome do *camiño da Brea* podería interpretarse como unha forma toponímica redundante, dado que *brea, verea* xa significa 'camiño'.

Bugallos, Os

Os Bugallos era o nome duns terreos con arboredo por detrás da Bouza, en Babio, na actualidade desaparecidos coas obras de construción do novo hospital de Vigo. O *bugallo* é en galego 'a excrecencia do carballo' e o topónimo podería facer referencia a un lugar de carballos caracterizado pola abundancia de bugallos; con todo, e dado que os topónimos que conteñen ese significado adoitan ser derivados colectivos (*Bugallal, Bugalleira*...), cremos máis verosímil que o topónimo conteña un alcume ou un apelido de propietario *Bugallo*. Crese que o emprego de *bugallo* como sobrenome, posteriormente consolidado como apelido, ten relación coa forma esférica dos bugallos e aplicaríase a persoas fortes e pequenas de estatura.

Cabalaria ► Pedra, Pedra cabalaria

Cabra, Cabreiro

Era coñecida como **O Cabreiro** unha área situada detrás do monte da Venda, onde na actualidade se levanta o parque tecnolóxico. O nome é un derivado común de *cabra*, aínda que non podemos saber se está motivado pola presenza de cabras no lugar (coma o nome da parroquia de *Cabral*) ou se é debido a un propietario coñecido con ese sobrenome.

Denomínanse **A da Cabra** ou a **Finca da Cabra** uns terreos situados por debaixo do aparcadoiro da asociación de veciños, no barrio da Coutada. Con eles consérvanse as ruínas dun antigo forno de pan coñecido como o **Forno da Cabra**. Segundo os informantes, reciben esa denominación polo alcume ou sobrenome da familia propietaria.

Cachada ► Cavada

Cacharrón, A de

Cacharrón é un apelido galego procedente dun sobrenome persoal formado a partir do común *cacharro* 'recipiente, especialmente de

barro'. É probable que en orixe se aplicase a alguén que exercía o oficio de oleiro (compárese con *ferrón* 'ferreiro', co mesmo sufixo). O apelido ten o seu foco de expansión nos concellos de Arzúa e Boimorto, na Galicia central, onde aínda presenta hoxe a maior densidade. Na toponimia da parroquia de Beade, **A de Cacharrón** é o nome dunha propiedade edificada no espazo tradicionalmente coñecido como o Largo das Presas, inmediato á ponte das Presas, na Pena.

Cachumbo, Os de

Recibe o nome de **Os de Cachumbo** unha propiedade edificada na rúa das Chabarras, en Babio. Non sabemos se este sobrenome ten algunha relación co substantivo masculino *cachumbo* que os dicionarios galegos recollen como termo do léxico artesanal de teceláns e tecedeiras, co significado de «pedazo de carozo de espiga que se axusta na roca para enrolar arredor del a la que se vai fiar» (Elixio Rivas, *Frampas II,* DdD). Un cantar popular recollido no século XVIII polo Padre Sobreira di: «Algún día era de prata, / agora só de cachumbo, / con eso saberás nena, / as voltas que dá o mundo».

Cachizos, Os

Os Cachizos é o nome dunha propiedade edificada entre o camiño das Presiñas e a rúa do Seixo, en Babio. Aínda que o substantivo *cachizo* ten diferentes significados en galego que puideron suscitar o seu uso como alcume ou sobrenome, cremos máis verosímil que o topónimo sexa un derivado de *cacho* 'pedazo', relacionado con *cachizas* e *escachizar* 'partir en fragmentos pequenos', aplicado a propiedades máis extensas que foron divididas ou fragmentadas.

Cagoteiro, O

O Cagoteiro é o nome dun terreo no Caramuxo, no barrio do Porto. É un derivado do substantivo *cagote*, algunha de cuxas acepcións pode dar orixe a topónimos. Nunha delas, *cagote* é sinónimo de *cágado*, *cullarapo* 'cría das ras', pero tamén se emprega para designar as pequenas froitas non comestibles de diferentes árbores silvestres, coma a pereira

brava. Neste último significado reside a motivación deste topónimo de Beade, pois segundo información da propietaria dos terreos, alí medraban os cagoteiros, as árbores que dan *cagotes*.

Calzo

O Calzo do Seixo era o nome que recibía un pasal de pedras que salvaba o regato na parte alta da estrada dos Seixiños, á altura das coutadas chamadas A Cachada, na Pena. *Calzo* é un substantivo emparentado co verbo *calzar* (< latín CALCEARE) e o substantivo *calzada* 'camiño empedrado'.

Camila

Camila é a forma feminina correspondente a *Camilo*, un nome persoal de orixe latina ou etrusca (< CAMILLUM), divulgado a partir do século XVII co culto ao italiano san Camilo (it. *Camillo*). Parece conter este nome feminino o segundo elemento do topónimo a **Volta da Camila**, mais tamén cabe a posibilidade de que se trate dun exemplo máis de feminino en función adxectiva formado a partir dun nome masculino de propietario (A Camila = A [propiedade] de Camilo).

Camiños

A denominación oficial das vías públicas dun medio rural coma o de Beade, sometido á presión expansiva de Vigo, resulta problemático pola falta de correspondencia entre as novas realidades urbanas e os espazos tradicionais. Os informantes entrevistados no traballo de campo, nativos da parroquia, quéixanse con frecuencia dos erros da rotulación municipal por causa de confusións ou desprazamentos de topónimos e insisten en distinguir a denominacion *de sempre* e a considerada *oficial*, segundo indicamos en cada caso. No nomenclátor municipal de Vigo, e en consecuencia na rotulación das vías públicas, paralelamente ao común *rúa*, empregado nas de traza urbana, emprégase o xenérico *camiño* para vías estreitas de rango inferior, que foron non hai moito camiños rurais de terra, asfaltados nas últimas décadas mais que polo seu

trazado e as súas dimensións evidencian que non foron creados para o paso de vehículos. A forma que presenta o topónimo é polo regular *(o) camiño + de + nome*. Para o comentario do segundo elemento (o *nome*), remitimos á entrada correspondente na relación alfabética.

Velaquí a relación da denominación dos camiños da parroquia segundo o rueiro da asociación de veciños de Beade. Mantemos a grafía e a forma dos topónimos, mesmo nos casos en que conteñen erros:

Camiño Acevedo, Camiño As Fontiñas, Camiño Ás Relfas, Camiño Avión, Camiño Boavista, Camiño Brea, Camiño Campo D'abaixo, Camiño Campo da Feira, Camiño Canteira do Ramiso, Camiño Castiñeiras (Babio), Camiño Castiñeiras (Carballo do Pazo), Camiño Costa da Rúa (Saa), Camiño Cu da Viña, Camiño da Abeleira, Camiño da Anguía, Camiño da Baralleira, Camiño da Barreira, Camiño da Barxa, Camiño da Barxa (Carballo do Pazo), Camiño da Barxiña (Abalde), Camiño da Barxiña (Saa), Camiño da Batalla, Camiño da Canicouva, Camiño da Capela, Camiño da Cavadiña, Camiño da Coba, Camiño da Costa da Rúa, Camiño da Coutadiña (O Porto), Camiño da Fonte de Quintín, Camiño da Fonte do Tallo, Camiño da Galeota, Camiño da Lavandeira (O Porto), Camiño da Millada, Camiño da Moscabeira, Camiño da Pedra, Camiño da Pena, Camiño da Pousa, Camiño da Quinta, Camiño da Vaca Morta, Camiño da Xoanela, Camiño das Barallas, Camiño das Castiñeiras (Abalde), Camiño das Castiñeiras (Saa), Camiño das Fontes, Camiño das Lascas, Camiño de Babio, Camiño de Barros, Camiño de Caramuxo, Camiño de Casmarcelo (tamén chamado por algúns veciños *Costa de Casmarcelo*), Camiño de Covelo, Camiño de Dimadeos, Camiño de Dornelas, Camiño de Figueirós, Camiño de Fonas, Camiño de Jacinto, Camiño de Mouróns (os informantes chámanlle *Camiño de Mouráns*), Camiño de Naró, Camiño de Norberto, Camiño de Orxal, Camiño de Palmira, Camiño de Pasales, Camiño de Peneas, Camiño de Pereiriña, Camiño de Portaleiras, Camiño de Presas, Camiño de Presas A Quintián, Camiño de Ramón dos Pinos (Babio, Carballo do Pazo), Camiño de Rosalía, Camiño de San Correa, Camiño Devesa D'arriba (A Coutada), Camiño Devesa D'arriba (A Gándara), Camiño do Abanico, Camiño do Alén, Camiño do Barbas, Camiño do Barreiro, Camiño do Borralleiro, Camiño do Campo Grande, Camiño do Concello, Camiño do Corcho, Camiño do Cunquiño, Camiño do Facho, Camiño do Facho, Camiño do Frascuelo (no Carballo do Pazo), Camiño do Galo, Camiño do Goaldino, Camiño do Gorgoso, Camiño do Hervellido, Camiño do Lago (A Pena), Camiño do Lago (Carballo do Pazo), Camiño do Lameiro, Camiño do Muiñeiro, Camiño do Outeiriño (A Gándara), Camiño do Outeiro, Camiño do Portelo, Camiño do Rialexo, Camiño do Riomao, Camiño do Romeo, Camiño do Roupeiro, Camiño do Velouro, Camiño dos Bugallos, Camiño dos Cañotais, Camiño dos Eucaliptos, Camiño dos Marzos, Camiño dos Xeixiños, Camiño Monte D'abaixo, Camiño Moraña, Camiño Morrohome, Camiño Múa, Camiño O Galo, Camiño O Marinasia, Camiño O Xestal, Camiño Outeiriño (Abalde), Camiño Pereiriña, Camiño Preiro, Camiño Presas-Quintián, Camiño Quirincosta, Camiño Real, Camiño Real, Camiño Redonda, Camiño Rica, Camiño Souto do Chan, Camiño Sua Fonte, Camiño Sumata, Camiño

Torreiro D'abaixo, Camiño Torreiro D'arriba, Camiño Treiscas (na rotulación viaria: *Treístas*; segundo a xente: *Feixas*), Camiño Vello (Carballo do Pazo).

A estes debemos engadir outras denominacións non oficiais:

Camiño das Fanchonas (Abalde), Camiño das Veigas do Muíño (Abalde), Camiño das Canteiras (Abalde), Camiño da Garula (Abalde), Camiño da Fonte da Vila (O Carballo do Pazo), Camiño de Señor Diego (é como chamaban os veciños o actual Camiño da Latiña, no rótulo «Camiño A Latiña», no Carballo do Pazo), Camiño de Guillermo de Seudores (nome alternativo do Camiño da Barxa de Arriba, no Carballo do Pazo), Camiño da Forgueira (O Carballo do Pazo), Canicouva do Ramón dos Pinos (nome alternativo do Camiño da Castiñeira, no Carballo do Pazo), Camiño da Cachada ou Camiño dos Regueiriños (na estrada dos Seixiños), Camiño do Regueiro (alternativo do Camiño de Alén), Camiño da Serra (na estrada da Coutada), Camiño dos Carrexóns ou da Carrexona (alternativo do Camiño dos Muiñeiros), Catro Camiños, Camiño dos Pazos (camiño de servizo en Babio), Camiño dos Cruceiros (o actual Camiño da Quinta), Camiño da Canalla (nome alternativo para o Camiño da Pousa), Camiño das Cañoteiras (nome tradicional dun dos dous camiños que hoxe chaman Camiño do Torreiro; o primeiro se imos en dirección ao Porto), Camiño de Agapito, Camiño da Viña Vella (na Gándara), Camiño da Morena (na Gándara), Camiño Vello (na Gándara), Camiño do Monte e Camiño da Guardiana (nome alternativo para o Camiño da Pedra, que no rótulo figura erradamente como «Camiño das Pedras», en plural).

Nas denominacións destes camiños, atendendo á estrutura do topónimo, constitúen unha excepción **Catro Camiños**, onde o substantivo vai acompañado dun numeral (véxase *Cruz, Cruceiro*), e os que conteñen un adxectivo: o **Camiño Vello** e mais o **Camiño Real**.

Este último é o nome dunha vía pública nas inmediacións do instituto de bacharelato de Beade, onde *camiño* forma o composto co adxectivo *real* (do latín REGALEM 'do rei'). *Camiño real* era o nome que recibían no Antigo Réxime, ata o século XIX, os camiños principais da rede viaria oficial. Viña sendo sinónimo de *brea* ou *verea*, ou de *estrada* cando era empedrado. O nome do *Camiño Real* fai aquí referencia á vía desde Vigo e Bouzas a Tui por Castrelos, que tamén aparece co nome de *Estrada Real* na documentación histórica. Parece que tamén houbo neste caso un desprazamento do topónimo, quizais porque esta vía tomou o nome das terras inmediatas á encrucillada onde conflúe coa estrada do Seixo, pois cremos que é esta, a estrada do Seixo, a que segue o trazado do antigo camiño real ou estrada real, que continuaba cara a Castrelos por Porto Loureiro.

Campaza, Campaceira

Os dicionarios galegos recollen os substantivos *campaza, campazo*, derivados de *campo*, co significado de 'lugar no monte onde medra a herba de maneira espontánea' ou 'prado de secaño'. Un derivado mediante o sufixo *-eira* deu orixe aos topónimos **As Campaceiras**, terras de arboredo próximas ao río de Babio, e mais o **Camiño das Campaceiras**, que toma o seu nome do nome desas terras.

Campaneiro

O **Camiño de Campaneiro** é unha vía pública na Pena e no parque forestal de Beade, que en trazado sinuoso vai desde as proximidades da autoestrada ata o campus universitario. O topónimo ten a súa orixe no nome do lugar denominado a **Casa de Campaneiro** ou a **Casa de Donata de Campaneiro** (ou máis comunmente a **Casa Donata Campaneiro**), situada na Pena, onda a zona denominada As Parcelas do Monte. Recibe o seu nome dun propietario alcumado *Campaneiro*, talvez por relación ao seu oficio. Segundo os informantes, *Donata* é o nome da filla de Campaneiro, que sucedeu o seu pai na propiedade.

Campelos, Os

Os Campelos é o nome dunhas terras de labor situadas ao comezo da Costa da Gándara. *Campelo* é un derivado de *campo* co sufixo diminutivo *-elo* (< latín -ELLUM). Neste caso é probable que o topónimo proceda dun apelido idéntico, «De Campelos», que se rexistra en Beade na documentación das Franciscanas de Vigo dos séculos XVII e XVIII. No *Libro de apuntes para cuentas* dos anos 1689-1691, dous foreiros chamados *Andrés* **de Campelos** e *Domingos da Vila* páganlle a ese convento dous ducados e medio anuais por unhas terras en Beade.

Campo

O substantivo común *campo* é denominación xenérica de 'terra cultivada' e está presente en numerosos topónimos compostos coa estrutura

o campo + adxectivo ou *o campo de* seguido dun segundo elemento. Para a explicación etimolóxica destes segundos elementos remitimos á entrada correspondente. Velaquí unha enumeración dos topónimos que conteñen o substantivo *campo*: o **Campo da Mina** (á beira do camiño da Brea), o **Campo da Pena** (no ángulo que forma o camiño do Castañal co camiño do Pombal), o **Campo da Viña** (no actual camiño do Xestal, na Gándara), o **Campo de Fóra** (no camiño da Boavista), o **Campo do Canalla** (na rúa do Seixo, en Saa), o **Campo do Corno** (na Coutada), o **Campo do Medio** (entre As Granxas e o Roupeiro, na rúa de Saa), o **Campo do Renco** (na rúa da Cavada), o **Campo dos Franciscanos** (no Porto), o **Campo Grande** (no camiño da Pedra, en Abalde), o **Campo Grande** (á beira do camiño da Brea, en Saa), o **Campo Grande** ou os **Campos Grandes** (entre o río de Babio e a estrada de Clara Campoamor, fronte aos muíños de Babio), o **Campo Grande** (no camiño dos Marzos), o **Campo Novo** (nas Vesadas), o **Campo Pequeno** ou *As Caralladas* (no Campo Grande de Saa), os **Campos da Pena** (á beira do camiño da Pena), os **Campos das Viñas** (no camiño da Pena), os **Campos de Abaixo** (en Babio), outros **Campos de Abaixo** (en Babio), os **Campos de Abaixo** (no Porto), os **Campos de Alén** (na Coutada), os **Campos do Larín** (no Carballo do Pazo), os **Campos do Medio** (na Gándara) e os **Campos Longos** (en Babio).

Can Grande, O

É coñecida co nome de **O Can Grande** unha propiedade na confluencia da rúa das Chabarras coa rúa de Ramiro Pascual, ao tempo que a pronunciada curva desta última nese mesmo lugar é coñecida co nome da **Volta do Can Grande**. Descoñecemos a motivación deste topónimo, aínda que os informantes, interpretándoo literalmente, cren que fai referencia a un can que existiu nunha das propiedades do lugar. Non se rexistra na documentación escrita nin podemos confirmar esa interpretación. Dado o carácter átono e monosilábico do elemento que precede o adxectivo *grande*, podería tratarse dunha alteración doutro substantivo, por exemplo *Calgrande* (< CANALEM GRANDEM). A Volta do Can Grande ten como denominación alternativa a de **Volta da Camila**.

Canalla

Canalla (< lat. CANALIAM) é un substantivo e adxectivo común ao galego, castelán e portugués. En orixe é un derivado de *can*. Do seu uso como alcume persoal ou familiar temos constancia no topónimo O **Campo do Canalla**, nome dunha propiedade privada na rúa do Seixo, onda o camiño do Corcho, no barrio de Saa. A mesma orixe ha de ter o topónimo O **Camiño da Canalla**, denominación alternativa do camiño da Pousa, no Porto.

Candea, A

Conécese como **A Candea** un conxunto de casas e de terreos que estreman coa rúa da Lagoa e a rúa de Saa. Contén o substantivo común galego *candea*, que en última instancia remonta ao verbo latino CANDERE 'arder'. *Candea* pode significar 'materia vexetal seca para prender lume no forno ou na lareira', 'amentos do castiñeiro, empregados como combustible' e tamén 'vela, cilindro de cera con mecha que se emprega na iluminación'. Dado que no libro do *Real de Eclesiásticos* do Catastro de Ensenada (1752) aparece *La Candea* como propiedade «de la Fábrica de la Iglesia Parroquial de esta feligresía», supoñemos que o topónimo se debe a que o produto ou as rendas desta propiedade se destinaban á provisión de candeas para a igrexa parroquial.

Canastreiros, A dos

É coñecida como **A dos Canastreiros** unha propiedade edificada na rúa de Ramiro Pascual, por detrás do camiño das Presiñas, en Babio. Coma outros que responden ao esquema *a + de + nome persoal*, é un topónimo de propietario, neste caso formado cun sobrenome familiar. *Canastreiro* pode ser derivado de *canastra* 'cesto, canasta', acaso aplicado a quen tiña por oficio facer *canastras* de cana ou vimbio, ou ben derivado de *canastro*, unha das denominacións comúns dos hórreos na zona. *Canastra* e *canastro* son derivados de *cana* (< latín CANNA).

Canicouva

Canicouva é unha variante de *Canicova*, un nome composto, correspondente ao latín CANALEM COVAM, que designou camiños afundidos ou que discorrían nun plano inferior ao das súas marxes. Na toponimia de Beade está presente nos topónimos **Camiño da Canicouva** (en Babio, ramal da rúa Ramiro Pascual) e a **Canicouva do Ramón dos Pinos** (un carreiro entre a estrada da Venda e o camiño do Ramón dos Pinos). Algúns informantes tamén empregan o nome da **Canicouva** como denominación alternativa do camiño de Rosalía, en Babio. Coma noutros casos, non podemos desbotar a posibilidade de que algún dos topónimos en que está presente esta forma teña orixe nun alcume de propietario, acaso orixinario dalgún lugar con ese nome. A *Canicouva* é tamén o nome dunha parroquia do concello de Pontevedra. Co resultado sen ditongo, *A Canicova*, hai dúas aldeas na Ulla, no concello de Vedra, que deron orixe ao apelido habitualmente escrito como *Canicoba*, cun B no canto do V etimolóxico.

Canizo

A **Cruz do Canizo** é o nome da área situada no encontro da rúa do Falcoído co camiño de Gualdino, no Porto. *Canizo* (< latín CANNITIUM, un derivado de CANNA 'cana'), que na fala de Beade se escoita como *caniso*, con seseo, é unha denominación local dos hórreos. O topónimo puido facer referencia a algún *caniso* dos arredores, mais non dispoñemos de información que o confirme, polo que debemos admitir tamén a posibilidade de que aquí fose en orixe un apelido ou un sobrenome de propietario.

Cano

Era coñecida como o **Cano da Rica** unha pequena fonte na Costa da Gándara. Contén o substantivo común *cano* (< lat. CANNUM), que designa o conduto que verte a auga.

Canóniga, A

Coñécese como **A Canóniga** unha área próxima á Volta do Can Grande e ao camiño dos Muiñeiros, en Babio. A construción do *vial* da Universidade (hoxe estrada de Clara Campoamor) ao seu paso por Babio fixo desaparecer un muíño tamén denominado o **Muíño da Canóniga**. Igual ca outros topónimos de Beade, a forma feminina ten valor adxectivo e fai referencia a un propietario, isto é, *A Canóniga* equivale a 'A (propiedade) de Canónigo'. En documentos dos séculos XVII e XVIII rexístrase en Beade unha familia que leva o sobrenome ou o apelido de *Canónigo*, que sen dúbida está na orixe destes topónimos actuais. *Canónigo* é o nome castelán do *cóengo* ou membro dun cabido catedralicio. Como no Antigo Réxime exercían señorío na parroquia de Beade o bispo e o cabido de Tui, é verosímil que se lle aplicase o sobrenome de *Canónigo* á persoa que se ocupaba dos intereses do cabido tudense na parroquia.

Canteira, Canteiras

Xa fixemos referencia noutros apartados á importancia que tiveron as canteiras e a extracción e o transporte de pedra na vida económica de Beade e das parroquias veciñas no pasado. Segundo informa o cronista J. Espinosa, no século XIX, ao son do acelerado crecemento urbano de Vigo, eran moitos os veciños das parroquias das inmediacións de Castrelos, entre elas a de Beade, que se dedicaban ao carrexo de pedra extraída nas canteiras da zona, nomeadamente as de Porto Loureiro.

O topónimo **A Canteira do Ramiso** daba nome a unha antiga canteira, hoxe inexistente, e contén no seu segundo elemento un sobrenome de propietario, mais descoñecemos a orixe e o significado deste sobrenome. Quizais é unha alteración de *Rabiso*, un topónimo da parroquia de Sárdoma, que puido aplicarse como sobrenome a alguén orixinario ou veciño dese lugar.

Nas terras denominadas **As Canteiras**, entre a rúa da Cavada e o río de Eifonso, na estrema con Bembrive, non hai vestixios aparentes de canteiras, polo que debemos supoñer que o seu nome ou ben deriva dun sobrenome de propietario ou ben é derivado de *canto*, coma o seguinte topónimo.

Cantón

O **Carreiro do Cantón** era o nome antigo dunha parte da vía pública chamada hoxe o camiño do Pombal, na Pena, segundo os informantes, que tamén denominan **Regato do Cantón** ao pequeno curso fluvial que discorre por ese lugar. Toman o seu nome dunha propiedade situada á beira do camiño, chamada **O Cantón**. Estes topónimos conteñen o substantivo común *cantón*, derivado de *canto* 'esquina, recanto, currúncho', un termo procedente do latín CANTUM, mais nesa lingua era probablemente un préstamo de orixe céltica. Con todo, dado o emprego de *Cantón* como apelido, debemos admitir tamén a posibilidade de que se trate dun topónimo de propietario.

Cañoteira, Cañotal

Os dicionarios galegos recollen para os substantivos *cañoto*, *cañota* significados como 'talo da verza, do millo e doutros vexetais' e 'toco, parte do tronco ou do talo que queda pegada á raíz despois de cortar unha planta ou unha árbore'. Se como supoñen algúns autores son derivados do latín CANNA 'cana', entón eses substantivos serían castelanismos en galego, pois o -NN- latino dá <ñ> en castelán mentres que en galego daría <n> (*caña / cana*) e esperariamos **canota*. Mais esa etimoloxía é dubidosa, pois a diferenza do que acontece con *cañota* en castelán, onde é palabra de uso moi restrinxido e cun significado moi específico (segundo o dicionario académico, é unicamente o nome dunha especie concreta de planta gramínea), en Galicia ten enorme arraigamento desde tempos moi recuados, con abundante presenza na toponimia menor e tamén na dos núcleos de poboación (o Nomenclátor de Galicia recolle quince aldeas denominadas *A Cañota, As Cañotas, O Cañotal, A Cañoteira*...). Documéntanse o uso de *Da Cañota* como sobrenome a comezos do século XIV nun «Fernan Dominguez dito da Cañota, cidadao de Santiago (ano 1320)». Na toponimia de Beade está presente un derivado co sufixo *eira* no **Camiño das Cañoteiras**, na estrada da Venda, hoxe denominado oficialmente *camiño do Torreiro*. Outro derivado co sufixo correspondente ao latín -ALEM, en plural, está presente no *Camiño dos Cañotais*, que atravesa a estrema con Matamá, e mais nunha área de coutadas de arboredo

coñecidas como **Os Cañotales**, que deron nome ao camiño. Boa parte desas coutadas desapareceron nas terras removidas coa construción do novo hospital.

Caramuxo, O

A acepción máis común do substantivo *caramuxo* é a que denomina certo molusco de mar, en forma de caracoliño, coñecido noutras áreas galegas como *mincha* ou *bígaro*. En castelán, ademais desta acepción, o substantivo *caramujo* designa os frutiños da *zarza perruna* (en galego *silva macha*, especie de roseira brava). Pero é posible que a presenza da forma *caramuxo* na toponimia non se deba a ningún deses significados. No Nomenclátor de Galicia figura unha única entidade de poboación chamada *O Caramuxo*: é un núcleo pertencente á parroquia viguesa de Santo André de Comesaña. Na de Beade temos este termo en tres topónimos: **O Caramuxo** (valgada e zona habitada na proximidade do lugar do Porto de Arriba), a **Fonte do Caramuxo** e mais o **Camiño do Caramuxo** (fonte e vía pública no mesmo lugar).

Nunha relación municipal relativa á rotulación de rúas e prazas do ano 1877, figura outro *Caramuxo* no distrito cuarto de Vigo, o correspondente á actual zona vella, segundo sabemos por Gerardo Sacau (1996). Este autor relaciona a orixe do nome dese *Caramuxo* vigués coa venda do mencionado molusco, pero dubida de que sirva a mesma explicación para os outros dous topónimos idénticos localizados no concello de Vigo pero distanciados do mar e da cidade. En efecto, parece inverosímil esa explicación, mesmo para o situado no medio urbano, e supoñemos que todos os topónimos *O Caramuxo* vigueses, coma outros paralelos doutras áreas (no Río de Xaneiro hai unha barriada chamada *O Caramujo*), han de ter a mesma orixe, e esta posiblemente non ten nada que ver coa venda do molusco.

En castelán existe *caramanchón* e *camaranchón* co significado de faiado ou de dependencia onde se almacenan cousas de pouco uso ou inservibles. No pasado este termo designaba tamén un cuberto, alboio, alpendre ou calquera construción destinada a diferentes usos, pero que non vale para vivenda. No capítulo do Quixote onde se nos conta o que lle sucedeu «en la venta que él imaginaba ser castillo» ao enxeñoso fidalgo fixéronlle cama nun *caramanchón*:

> Esta gentil moza, pues, ayudó a la doncella, y las dos hicieron una muy mala cama a Don Quijote **en un caramanchón**, que otros tiempos daba manifiestos indicios que había servido de pajar muchos años, en el cual también alojaba un arriero que tenía su cama hecha un poco más allá de la de nuestro Don Quijote.

Ese substantivo *caramanchón* ten unha variante *camaranchón*. Se en última instancia son derivados do latín CAMARA, como sosteñen algúns estudosos (outros dano como de orixe incerta, talvez prerromana), ***camar**anchón* sería a forma primitiva e ***caram**anchón* o resultado dunha alteración da orde silábica, alteración relativamente común (na toponimia galega temos paralelo en ***Camar**iñas*-***Caram**iñal*). Emparentado con este *caramanchón* e *camaranchón* na forma e no significado hai tamén en castelán *caramanchel*, substantivo que tamén deixou pegada na toponimia próxima a Beade, pois o **Muíño de Caramanchel** é nome dunha área de Matamá, que aparece co mesmo nome de **Caramanchel** na demarcación da parroquia de Matamá no Catastro de Ensenada. O dicionario da Real Academia Española explica este substantivo como resultado dun antigo *camaranchel*, derivado de *cámara* (latín CAMARAM). Dá as seguintes acepcións:

> CARAMANCHEL **1.** *m*. Cubierta fija o móvil, a modo de tejadillo, con que se cierran las escotillas de algunos buques. **2.** *m*. Tugurio, chiribitil, desván. **3.** *m*. Puesto público donde se venden bebidas. **4.** *m*. (Ecuad.) Puesto de vendedor ambulante situado en los soportales. **5. m**. (El Salv.) Sitio cubierto.

O dicionario galego-castelán de Eladio Rodríguez (1958-1961) recolle como galegas as formas *caramanchel* e *caramanchón* e defíneas así:

> CARAMANCHEL *s. m.* Torre elevada, mirador o azotea en alguna fortaleza.
>
> CARAMANCHÓN *s. m.* Desván de una casa donde suelen guardarse los trastos viejos y objetos en desuso. / Obra avanzada de fortificación; CAMARANCHÓN.

Á mesma familia léxica han de pertencer outros substantivos como *camareta, camarote* e o localismo de Colombia *caramucho* 'caseta, cabana'. As terminacións de *camar*- ou *caram*-***anchón***, -***anchel*** e -***ucho*** semellan conter connotacións pexorativas ou despectivas, axeitadas para designar construcións de pouca consistencia ou calidade. Pode conter as mesmas connotacións o derivado co sufixo galego -***uxo*** da forma *Caramuxo*, seguramente influída polo nome idéntico do pequeno

molusco. Así pois, resulta verosímil a hipótese de que os topónimos que conteñen a forma *O Caramuxo* e *Caramanchel* deban o seu nome a unha construción (unha caseta, un alboio ou un alpendre) non destinada a vivenda. A vitalidade desta familia léxica no español de América leva a pensar que quizais foron termos traídos polos galegos das primeiras emigracións transoceánicas (no século XVII, na rexión do río da Prata os orixinarios de Galicia xa constituían o grupo máis numeroso de peninsulares), como tamén foron traídos polos galegos outros termos do castelán de América que na península só teñen uso no noroeste (*pocillo, baiuca, chigre*...), e entre eles un sinónimo dos precedentes, inusual no castelán (o dicionario da Real Academia Española caracterízao como propio de América meridional e de Honduras) pero de uso común entre nós: *galpón*. A localización dos topónimos fainos pensar que eses *caramuxos* e ese *caramanchel* poderían ser *galpóns* onde se traballaba a pedra extraída das canteiras situadas nas estremas de Beade con Matamá e Castrelos.

Carballases ► 05. Carballo do Pazo, O

Carballeira ► 05. Carballo do Pazo, O

Carballo do Pazo ► 05. Carballo do Pazo, O

Carneiras, As

As Carneiras é o nome dunha área contigua ás escolas de Babio, na estrema coa parroquia de Matamá, onde se atopa a entidade de poboación denominada *As Carneiras*. Coma outros topónimos da zona, o plural é relativamente recente, e na documentación antiga adoita aparecer o singular **A Carneira**. Así, no Catastro de Ensenada sitúase nunha pedra chamada *Pena da Carneira* un dos puntos que establecen a demarcación entre Matamá e Beade. Segundo os informantes locais, nesa zona houbo no pasado unha especie de mercado, mais non puidemos confirmar ese pormenor na documentación escrita. *Carneira* e *Carneiras* son probablemente formas derivadas dunha raíz prerromana CAR- 'pedra, dureza', coma *Carnota, Carnós* e outros topónimos galegos semellantes, e orixinariamente designarían un lugar pedregoso ou abundante en pedras. A mesma área da estrema entre

as dúas parroquias próxima ao núcleo das Carneiras tamén é coñecida co nome de *A Aparicia* ou *A Paricia* (véxase).

Carpiza, A

A Carpiza é o nome dunhas terras no Pinal da Venda, estremando co camiño das Cañoteiras. Descoñecemos a orixe e o significado deste topónimo, mais cremos probable que se trate dun feminino en función adxectiva creado a partir dun apelido de propietario (*A Carpiza* equivale a 'a de Carpizo'). *Carpizo* é apelido de orixe castelá, que ten na provincia de Ávila o seu foco de maior densidade. Segundo a Cartografía dos apelidos de Galicia, do Instituto da Lingua Galega, en Galicia este apelido castelán *Carpizo* unicamente ten presenza significativa no concello de Vigo.

Carraceda, A

Denomínase **A Carraceda** un terreo edificado no ramal do camiño da Batalla que vai dar ao camiño do Cu da Viña, entre As Guinchueiras e Os Campos da Batalla, no barrio da Coutada. *Carraceda* é un fitotopónimo, un nome de lugar que fai referencia á vexetación, neste caso un derivado mediante o sufixo colectivo *-edo, -eda* do substantivo *carrizo*, denominación xenérica de varias especies de plantas herbáceas propias de sitios húmidos ou pantanosos. As características físicas do lugar, aínda na actualidade, fan verosímil esta explicación. Con todo, ao non posuírmos documentación antiga deste topónimo de Beade, debemos admitir tamén a posibilidade de que realmente proceda dun sobrenome ou apelido de propietario, coma tantos outros microtopónimos da parroquia. De ser así, é máis probabe que esta *Carraceda* sexa un feminino adxectival equivalente a 'a de Carracedo' e non un apelido ou un sobrenome coa forma feminina, vista a distribución do masculino e do feminino na toponimia (o Nomenclátor de Galicia recolle trinta entidades de poboación chamadas *Carracedo* e só un feminino *Carraceda*) e, consecuentemente, no apelido (segundo a Cartografía dos apelidos de Galicia do Instituto da Lingua Galega, o censo de 2006 recolle en Galicia 2341 persoas apelidadas *Carracedo* e ningunha apelidada *Carraceda*).

Carreiro, Carreira

Carreiro e *carreira* son substantivos comúns en galego que designan camiños. Aínda que ambos son derivados de *carro*, o feminino mantivo un significado próximo ao orixinario 'camiño apto para carros', en tanto que o masculino pasou a especializarse como 'camiño estreito apto para persoas ou para o gando, pero non para carros'. En Beade temos o **Carreiro das Forgueiriñas** (véxase *Filgueira, Folgueira*), o **Carreiro do Coto** e mais o **Carreiro do Cantón** (véxase *Cantón*) e un feminino **A Carreira** (denominación alternativa do *Camiño do Portelo*, na Coutada).

Carteira, A

A **Fonte da Carteira** son dous canos que aínda hoxe podemos ver botando auga, situados nun carreiro que sae da rúa da Cavada, en dirección ás terras que denominan As Gándaras. Descoñecemos a orixe desta denominación, un derivado de *carto* ou *carta* (< latín QUARTUM, QUARTAM). Quizais responde a motivacións semellantes ás do seguinte topónimo.

Carto do Viño, O

Coñécense como **O Carto do Viño** unhas terras de labor na Barxa de Abaixo, onda o camiño da Venda para O Porto. O nome ten relación cos tributos ou coas cargas que gravaban as terras, coma outros topónimos da parroquia (véxase, por exemplo, *Dimadeus*). Neste caso, refírese ao foro da cuarta parte da produción de viño que se pagaba polo usufruto dos terreos. Non podemos saber cando se estableceu esa carga sobre esas terras de labor, pero no século XVIII xa era un topónimo consolidado, como vemos no Catastro de Ensenada «en el Carvallo do Pazo y Quarto do viño», «sitio do Carto de Viño», «en el Carto do Viño», «donde dicen Carto do Viño». Nalgunha ocasión figura cunha variante que presenta en feminino o segundo elemento: «un tojal en el sitio do carto da viña», «sitio de Quarto da Viña».

Carrexón

O **Camiño dos Carrexóns** ou o **Camiño da Carrexona** é a denominación popular alternativa para a vía pública oficialmente chamada o *camiño dos Muiñeiros*, en Babio, e ten orixe nun alcume da familia propietaria. *Carrexón, Carrexona* son derivados do verbo *carrexar*; o seu emprego como sobrenomes persoais posiblemente ten relación co *carrexo* da pedra extraída das canteiras da zona, pois no pasado eran moitos os veciños da parroquia que se dedicaban a esa actividade.

Casa

O substantivo común *casa* (< latín vulgar CASAM 'cabana') entra na formación dos seguintes topónimos de Beade: a **Casa Nova** (nome duns campos onda a estrada do Porto), a **Casa dos Furas**, cuxo segundo elemento semella un alcume de familia, acaso relacionado co verbo *furar*, a **Casa das Carballas**, as **Casas Vellas**, a **Casa de Po** (probablemente dun apelido de propietario *Poo*, de orixe luguesa, cántabra ou asturiana), a **Casa de Leirós** (tamén cun apelido de propietario), a **Casa Charrusco** (un sobrenome persoal, quizais relacionado con *charruscar* 'requeimar, chamuscar'), a **Casa do Chato** (no camiño dos Barros, en Babio, cun sobrenome persoal relativo ao aspecto físico do primeiro portador) e a **Casa de Campaneiro** ou a **Casa de Donata Campaneiro**. Está tamén presente o substantivo *casa*, na forma apocopada *cas-*, en **Casmarcelo** e o **Camiño de Casmarcelo**.

Castañal ► Castiñeira

Castaño, O ► Castiñeira

Castiñeira, Castiñeiro, Castañal

Castiñeiro é o nome común galego da árbore que dá castañas. O seu nome, o mesmo ca a forma feminina *castiñeira*, son derivados do nome da froita (*castaña* < latín CASTANEAM) mediante os sufixos *-eiro, -eira*.

Na toponimia estes nomes fan referencia á presenza desas árbores no lugar. Antes da difusión do cultivo da pataca, chegado de América, ata a segunda metade do século XVIII as castañas eran un elemento básico da alimentación do pobo galego. En Beade tamén constituían unha das principais producións agrícolas da parroquia, como observamos no Catastro de Ensenada, que rexistra o número exacto de exemplares produtivos de cada souto: «en terreno avierto del lugar da Gandra veinte y quatro castaños» «en el monte baldío que se nombra Porto Loureiro honze castaños». Ademais dos que conteñen o substantivo *souto* (véxase), os seguintes topónimos son testemuña da antiga abundancia de castiñeiros en Beade: **A Castiñeira** (campos de labradío no Coto, Abalde, entre o camiño das Pedras e o camiño da Garula); **A Castiñeira** (terras e casa no camiño do Romeu, no Carballo do Pazo); **A Castiñeira** (campos arredor do camiño das Castiñeiras, no Porto, á beira do parque tecnolóxico); **Camiño da Castiñeira** (carreiro que une a estrada da Venda co camiño do Ramón dos Pinos, no Carballo do Pazo); **As Castiñeiras** (campos de labradío onda o camiño das Castiñeiras e a Cortiña de Saa); **Camiño das Castiñeiras** (no barrio do Porto); **Fonte das Castiñeiras** (no Carballo do Pazo); **Camiño do Castiñeiro** (no Carballo do Pazo) e **Os Castiñeiros** (campos de labradío no Carballo do Pazo, entre o camiño do Castiñeiro e a rúa de Ramiro Pascual).

Tamén fai referencia á presenza de castiñeiros o derivado colectivo mediante o sufixo *-al* (< latín -ALE), *castañal*. Témolo nos nomes do **Camiño do Castañal** (na Pena), **O Castañal** (terras arredor do camiño do Castañal) e da **Rúa do Castañal** (no rótulo «Rúa Castañal», desde a estrada do Porto ata a estrada dos Seixiños).

Segundo os informantes locais, tamén fai referencia a un castiñeiro que había no lugar o nome da zona coñecida como **O Castaño**, un recanto de casas que estrema co camiño do Frascuelo e coa rúa de Ramiro Pascual, no Carballo do Pazo. Engaden que no pasado a parroquia de Beade celebraba nese lugar do Castaño unha festa tradicional en honor de Santa Ana.

Castor

Castor é un nome persoal masculino. Aínda que tamén se escoita este nome con acento na primeira sílaba, por imitación do nominativo

latino *Cástor* (polo nome dos personaxes mitolóxicos *Cástor* e *Pólux*, os xémeos do zodíaco), a forma tradicional galega (e tamén castelá) deste nome persoal é aguda ou oxítona, co acento na sílaba final, pois procede do acusativo latino CASTOREM. Está presente no nome da fonte chamada a **Fonte de Castor**, no camiño da Barreira, na Gándara. Segundo os informantes, trátase dun topónimo recente, pois antes era coñecida como a **Fonte Nova**.

Catro Camiños ▶ Camiño / Cruz, Cruceiro

Cavada, Cachada, Vesada, Asucada

Estas formas e outras de significado equivalente (*rotea* ou *arrotea, anovado* etc.) están presentes en topónimos que foron aplicados no pasado a terras gañadas ao monte para destinalas a labores agrícolas, especialmente nos séculos XVII e XVIII, cando os novos produtos chegados de América (primeiro o millo, logo a pataca) alteraron sensiblemente a agricultura e a paisaxe.

Os derivados do verbo *cavar* (< do latín CAVARE) son habitualmente formas femininas do participio. Repítense en Beade en **A Cavada** (terras de labor onda o río das Freixas, próximas á estrema coa parroquia de Sárdoma), **A Cavada** (terras na rúa do Lombeiro, na Pena), **Rúa da Cavada** (vía pública na estrada de Abalde á Pouleira), **Camiño da Cavadiña** (vía pública no mesmo lugar), **As Cavadiñas** (terras de labor no camiño do Cu da Viña). Estes e outros topónimos semellantes atopámolos documentados no século XVIII no Catastro de Ensenada para Beade: «una dehesa (...) en la Cavadiña», «sitio de la Cavadiña», «sitio da Cavadiña», «en la Cavada», «donde dicen Cavada Vella», «en la Cavada Bella», «sitio da Cavada»…

Un sinónimo de *cavada* é *cachada*, substantivo procedente do participio do verbo *cachar*, derivado de *cacho* 'fragmento, pedazo' (< latín *CACCULU). Na acepción presente na toponimia, *cachar* significa 'britar, romper monte, amansar terras bravas', e designa igualmente terras incultas ou de arboredo que foron aradas para o cultivo. Temos en Beade os seguintes topónimos que conteñen estes substantivos: **A Cachada** (área de monte na parte alta da estrada dos Seixiños), **As Cachadas de Arriba** (na parte alta da precedente), **Rego da Cachada**

(onda as anteriores), **A Cachada de Arriba** (terreos ao final do camiño do Covelo), **A Cachada de Abaixo** (terreos ao norte do anterior). Xa os rexistramos en 1752 no Catastro de Ensenada: «sitio da Cachada», «en la Cachada», «sitio da Cachada Nova», «en las Cachadas» etc.

Co mesmo significado de *cachada* tamén ten certa presenza na toponimia a forma *cacharela*, que pode ser un derivado directo de *cachar* ou ben unha alteración do diminutivo *cachadela*, quizais por interferencia do común *cacharela* 'fogueira'. Así e todo, nos **Campos do Cacharelo** (nas Longas, en Babio, preto da estrema con Matamá e o centro de saúde), o segundo elemento podería ser un alcume ou un sobrenome de propietario.

Un terceiro termo equivalente a *cavada* e a *cachada* é *vesada*, participio do verbo *vesar* 'arar', procedente do latín VERSARE, 'arar, remover a terra para cultivala'. En latín recibían o nome de *versos* os sucos paralelos trazados polo arado na terra, e por extensión ou en uso metafórico, este termo agrícola pasou a aplicarse ás liñas da escrita, especialmente na poesía, e de aí procede o significado habitual do substantivo *verso*. En galego recibe o nome de *vesadoiro* (< latín VERSATORIU) unha especie de arado grande, destinado a romper monte nunca antes labrado. Unha *vesada* é, polo tanto, unha terra arada gañada ao monte para dedicala a cultivos. Está presente este nome en **As Vesadas** (terras de labor onda o camiño das Castiñeiras, en Saa) e outras **As Vesadas** (campos de labradío na estrada do Porto, ao final do camiño das Cañoteiras). No Catastro de Ensenada rexistramos estes topónimos e outros semellantes: «sitio das Vesadas», «sitio de Besadas», «de Vesadas», «en la Besadiña», «situacion das Vesadas», «sitio de Besadas», «sitio das Vesadas», «da Vesadiña» etc.

Se os topónimos precedentes se explican polo significado orixinario de *verso* 'suco ou sulco que abre o arado na terra', os derivados destes sinónimos (*suco, sulco*) tamén deixan pegada na toponimia co mesmo significado. En Beade temos un exemplo en **As Asucadas**, nome dunhas terras de labor próximas a Dornelas. Igual que acontece con outros topónimos que en orixe tiñan forma singular e na actualidade se empregan en plural, este tamén figura en singular no século XVIII, cunha vacilación nas grafías que amosa que daquela xa non era unha palabra transparente: «sitio de Azucada», «da Sucada», «tierra en el sitio da Azucada», «Axucada» etc.

Cerdeiras, As

As Cerdeiras é o nome dun pequeno campo de labradío no camiño da Galeota, a carón do denominado Cocho das Canas, no barrio do Porto. Parece facer referencia á presenza no lugar da árbore chamada *cerdeira* (do latín CERESARIA), a árbore que dá cereixas. As cereixas constitúen un dos produtos característicos da parroquia de Beade. Con todo, o feito de rexistrarmos o apelido *Cerdeira* en Beade na documentación histórica relativa a propiedades localizadas no barrio do Porto obríganos a admitir a posibilidade de que o topónimo conteña un apelido de propietario.

Cerqueiras, As

Coñécense como **As Cerqueiras** un conxunto de campos de labradío con algunhas casas no barrio de Saa, a ambos os lados da rúa da Lagoa e estremando co camiño da Brea. O topónimo semella facer referencia á presenza ou á abundancia no lugar de exemplares da variedade de carballo chamada tamén *cerqueiro* ou *cerquiño*. O nome desta especie é un derivado do nome latino do carballo, QUERCUS. Na actualidade non hai vestixio de arboredo nesa zona, toda ela ocupada por campos cultivados ou ermos, polo que cautamente debemos admitir tamén a posibilidade, menos probable, de que o topónimo conteña un apelido de propietario ou un derivado de *cerca* 'sebe, muro, valado'. Atopamos este topónimo no Catastro de Ensenada con variación de formas: «sitio da Cerqueira», «sitio de Cerqueiras». Se o topónimo actual é en efecto sobrevivencia dunha carballeira de cerquiños nun tempo do pasado máis ou menos remoto, a súa área chegaba ata o río de Eifonso, pois no Catastro de Ensenada, un veciño de Bueu era propietario dun muíño «en el sitio de Zerqueiras» na parroquia de Sárdoma.

Chabarras, As

A actual **Rúa das Chabarras** toma o seu nome dunhas propiedades próximas ao Camiño Real coñecidas co nome de **As Chabarras**. É un topónimo de aparencia opaca, pois non ten correspondencias nin na

toponimia nin no léxico galegos. Dado que nos nomes das terras de labor da parroquia de Beade é frecuente o emprego dun feminino derivado do nome masculino do propietario, é verosímil que *As Chabarras* significase orixinariamente 'As de Chabarro', un sobrenome. Cabería a posibilidade de que fose unha alteración de *chibarro* 'cabuxa, cabrito', 'certo peixe mariño', xa que temos constancia do emprego deste zoónimo, derivado de *chibo, chiba* 'cría da cabra', como alcume en galego e en portugués. Non obstante, existe ou existiu en Aragón un apelido *Chabarro, Chavarro*, pois malia que non se rexistra na actual cartografía de apelidos españois do Instituto Nacional de Estatística (INE) (**http://www.ine.es/**), podemos atopalo na documentación do Arquivo Histórico Nacional ofrecida polo Portal Pares (**http://pares.mcu.es/**); por exemplo, un «Vicente **Chabarro**, carpintero, natural y vecino de Alcañiz (Teruel)», xulgado pola Inquisición de Zaragoza en 1781.

Chan

No galego occidental conflúen nun mesmo resultado *chan* as formas correspondentes ao latín PLANUM e mais PLANAM, de xeito que é o artigo o que permite saber se estamos ante un masculino *O Chan* ou un feminino *A Chan* (no galego estándar, *Chá*). Ambas as formas designan na toponimia espazos caracterizados pola súa condición de chairas máis ou menos extensas. O masculino e o feminino teñen practicamente o mesmo significado, aínda que o feminino adoita empregarse para áreas planas situadas en monte ou en áreas de orografía moi irregular, en tanto que o masculino ten un emprego moito máis xenérico. Na parroquia de Beade recollemos os seguintes exemplos: **As Chans** (área do monte de Beade, onde se volve máis chan; inclúe o parque forestal de Beade, o campo de fútbol e por debaixo deste), o **Camiño das Chans** (toma o seu nome do topónimo precedente; chega ata o parque forestal e separa as parroquias de Beade e de Bembrive, no barrio do Porto), **A Chan** (campo triangular que estrema co camiño do Coto, a rúa da Lagoa e o camiño do Facho e remata no chamado Carreiro do Coto), **A Chan da Vella** (terras situadas ao norte do camiño da Barreira), **O Chan da Merla** (área edificada que estrema co camiño dos Barros e o actualmente chamado camiño de Dimadeus), **O Chan de Ferrán** (área chan onda o camiño dos Barros e o Lugar da Tía Sabel) e **O Chan do Pateiro** (chaira

no monte de Beade). Nestes últimos o segundo elemento do composto é probablemente un nome ou un alcume de propietario.

Formando parte de compostos, está presente tamén en **Souto do Chan** (véxase Souto) e outros topónimos formados a partir deste.

Contén unha forma do plural castelanizada, *Chanes*, o topónimo a **Fonte de Chanes**, nome alternativo da **Fonte do Regueiro** para unha fonte situada no camiño denominado oficialmente na actualidade *camiño de Alén* (antigamente coñecido como *camiño do Regueiro*), no lugar da Quinta, na Coutada. A casa e o terreo situados fronte á fonte reciben o nome da **Casa de Chanes**, e o regueiro que baixa seguindo o camiño de Alén, e que motivou a antiga denominación deste camiño, é coñecido así mesmo co nome alternativo do **Rego de Chanes**. *Chanes* é aquí un alcume familiar. Os informantes poden identificar o portador dese alcume (avó da actual propietaria), mais descoñecen a razón do sobrenome. Semella unha castelanización de *Chans*, que acaso lle foi aplicado a alguén proveniente das Chans, na veciña parroquia de Bembrive.

Chanes ► Chan

Charomba, A de

A de Charomba é o nome dunha propiedade edificada no camiño das Presiñas, en Babio. *Charomba* é un alcume ou un sobrenome, de xeito que estamos ante un exemplo máis dos moitos topónimos de propietario que responden ao esquema *a + de + nome persoal*. Descoñecemos a orixe e a motivación deste sobrenome. En Ourense foi célebre a comezos do século XX un individuo moi corpulento chamado así mesmo *O Charomba*, que traballaba transportando vultos na estación do tren e que foi incluído por Eduardo Blanco Amor como personaxe da súa novela *Xente ao lonxe*.

Charrusco

É coñecida como **Casa Charrusco** unha casa cos seus terreos na parte máis alta da estrada dos Seixiños. O topónimo contén un sobrenome

de propietario *Charrusco*, posiblemente relacionado co verbo *charruscar* (ou *churruscar, churrascar*) 'requeimar'.

Chato

A *Casa do Chato* é unha propiedade no camiño dos Barros, en Babio. Constitúe outro exemplo de topónimo formado a partir dun sobrenome de propietario, neste caso co adxectivo *chato* 'de nariz pequeno ou pouco prominente'.

Chavo, O

É coñecido como **O Chavo** un campo de labradío situado ao final da rúa da Alza, estremando coa porción de monte do camiño dos Seixiños. O topónimo contén probablemente o substantivo castelán *ochavo*, nome dunha antiga moeda española de moi pouco valor que circulou desde o século XVII ata mediados do XIX. Esta moeda debe o seu nome ao feito de que en orixe valía unha oitava parte dunha onza. Descoñecemos a motivación exacta do emprego deste substantivo para denominar unhas terras; quizais se aplicou en sentido figurado para referirse ás pequenas dimensións da propiedade, á pouca renda que pagaba ou a algunha outra razón semellante, pois o chavo era unha moeda de exiguo valor. Debe de ser un topónimo relativamente recente, talvez de comezos do século XX, pois non consta no Catastro de Ensenada nin no *Libro de afanegados de Beade*.

Chouso, O

Chouso, chousa son o resultado galego do latín CLAUSUM, CLAUSAM, participio do verbo CLAUDERE 'pechar, cerrar'. Na fala de moitas áreas de Galicia o feminino *chousa* segue a ser unha palabra de uso frecuente para designar unha propiedade, particularmente de monte, cercada ou pechada sobre si. En áreas do galego occidental, nos topónimos que conteñen estas formas pode chegar a impoñerse unha pronunciación *Chouzo*, por interpretar erradamente o S como efecto do seseo. É o que

sucede coa zona coñecida como *O Chouzo* en Vigo, á beira da praza da Industria, que corresponde a un antigo *O Chouso*. Por razóns semellantes, os topónimos idénticos de Beade tenden a ser interpretados como **O Chouzo**, malia que a pronuncia común é **O Chouso**, co seseo propio da zona. Temos este nome en **O Chouso** (terras de arboredo no Porto, a ambos os lados do camiño do Falcoído), o **Regato do Chouso** (regato que atravesa as terras do Chouso e da Pousa, no Porto) e **O Chouso** (campo de labradío no camiño da Pouleira, na Gándara).

Clareo, O

Entre os veciños é coñecida como **O Clareo** unha parte do campo chamado Os Pociños, no camiño do Xestal. Alí estendíase ao sol a roupa despois de lavada, posta *a clareo*. *Clareo* é un substantivo creado a partir do verbo *clarear*, e este un derivado do adxectivo *claro* (< lat. CLARU).

Cocho, O

Cocho é palabra aínda viva no galego de ambas as beiras da ría de Vigo co significado de 'pedazo de terra cultivada dedicada a horta'. Na toponimia de Beade, coma na de toda a comarca, son numerosos os topónimos que conteñen este xenérico, que xa se rexistra reiteradamente nos nomes de herdades cultivadas no Catastro de Ensenada de Beade: «en el Cocho de la Devesa», «sitio de Cocho do Muíño», «al sitio del Cocho» etc. Está presente en **O Cocho** (campo alongado na encrucillada do Porto, a carón da cancha de baloncesto), outro **O Cocho** (na estrada do Porto, por debaixo do camiño da Latiña), **O Cocho** (no camiño das Castiñeiras, fronte ao comezo do camiño de Marinasia), **Os Cochos** (campos na Costa da Gándara, por detrás da Costeira), **O Cocho Correa** (hoxe desaparecido, preto das Campaceiras), **O Cocho das Canas** (leira no camiño da Galeota, no Porto), **O Cocho do Monte Grande** (nunha volta do camiño do Facho, na Gándara), **O Cocho do Muíño** (no Porto), que inclúe **O Cocho do Muíño de Arriba** e **O Cocho do Muíño de Abaixo** (son campos de labor onda o camiño da Galeota, na estrema da parroquia). Coa forma do diminutivo hai en Abalde

O Cochiño, **O Cochiño da Pereiriña** e mais **O Cochiño da Veiga de Abaixo**, este último contiguo das Veigas do Outón. Os informantes lembran tamén **O Cocho da Igrexa** ou **O Cocho do Adro** a carón da igrexa, onde agora se fai o baile da festa de Beade. **O Cocharelo** (viña na rúa da Cavada) semella un derivado de *cocho* con doble sufixación en *-aro* e *-elo*, coma en *coto-cótaro-cotarelo*, mais tamén podería ser o resultado dun cruzamento de *cocho* cun antigo *cacharelo* (emparentado con *cachar, cachada*).

Cometerra, Os de

Coñécese co nome de **Os de Cometerra** unha propiedade entre o camiño de Pasales e o camiño das Barallas, no barrio de Babio. Coma outros compostos do verbo *comer* e mais un substantivo, semella un alcume familiar de carácter humorístico e orixe anecdótica.

Concello

Leva o nome de **Camiño do Concello** unha vía pública que vai desde a estrada do Porto ata a estrada da Venda. Non rexistramos este topónimo na documentación antiga e descoñecemos a motivación que lle deu orixe. Aparentemente contén o substantivo *concello* (< lat. CONCILIUM), quizais en referencia á entidade administrativa que abriu ou reparou o camiño, pero nunha área de seseo coma esta podería tratarse tamén do substantivo *consello* (< lat. CONSILIUM).

Coquetas

O **Lugar dos Coquetas** é unha propiedade edificada que estrema coa rúa de Ramiro Pascual, o camiño do Muiñeiro e o camiño de Rosalía, en Babio. O *Coquetas* semella un sobrenome da familia propietaria. Ignoramos se ten relación co adxectivo *coqueto, coqueta* ou co nome do moble chamado *coqueta*, ou se acaso ten algo que ver con algunha característica da fala do primeiro individuo a quen se lle aplicou ese alcume.

Corcho, O

O **Camiño do Corcho** é o nome dunha vía pública transversal da rúa do Seixo, en Saa, onde tamén dá nome ao **Monte do Corcho**. Descoñecemos a orixe e o significado exactos do segundo elemento destes topónimos, que aparentemente conteñen o substantivo castelán *corcho* 'cortiza'. Quizais fai referencia á presenza de sobreiras no lugar ou a algunha actividade relacionada coa cortiza.

Coro, O

É coñecida como **O Coro** ou a **Casa do Coro** a casa de pedra que fai esquina na rúa do Seixo coa rúa das Chabarras, en Babio. Era unha antiga escola pública onde se celebraban diversas actividades sociais e culturais, como os ensaios do coro que lle deu nome. Algúns informantes dixéronnos que antigamente, sen precisar datas, nesa casa «organizaban os comunistas reunións clandestinas».

Corno, Cornucho

A presenza do substantivo *corno* (do latín CORNUM) e os seus derivados na toponimia adoita facer referencia a prominencias no terreo, normalmente pétreas (coma a famosa *Pena Corneira*, na comarca do Ribeiro de Avia), mais tamén pode designar pequenas propiedades debido á súa forma, longa e aguzada, tal como se empregan *rabo* ou *manga* e os seus derivados con valores semellantes (como vemos en *Rabela, Manquelas* ou *Manguelas* etc.). Algunha destas motivacións debeu orixinar o nome da área chamada o **Campo do Corno**, situada por detrás do aparcadoiro da asociación de veciños, na Coutada, a menos que o segundo elemento sexa un alcume de propietario, como sucede noutros casos. O mesmo podemos dicir doutro derivado de *corno* presente na toponimia de Beade: a **Fonte do Cornucho**, nome dun lavadoiro (*lavadouro*, na fala local) situado en Abalde, ao comezo do carreiro coñecido por algúns veciños como o *camiño da Barxiña*. Este lavadoiro tamén se coñece como a *Fonte do Galomacho*. Aquí *cornucho* tamén podería ter en orixe un significado de 'recuncho, curruncho, recanto, esquina'.

Correa

O nome común *correa* 'tira de coiro ou doutro material semellante' empregouse como alcume, aplicado posiblemente a persoas de constitución magra, e consolidouse como apelido. Este apelido ten presenza en Beade desde hai centos de anos, e aparece reiteradamente na documentación histórica dos séculos XVII, XVIII e XIX relativa á parroquia. Do apelido *Correa* de antigos propietarios han de proceder os topónimos a **Volta Correa** (curva pronunciada no camiño do Facho, en Abalde), **O Cocho Correa** (nas inmediacións das Campaceiras) e mais o *Camiño de San Correa* ou **Camiño de Sancorrea** (vía que vai da rúa do Coto ata o camiño do Facho), que interpretamos como alteración dun orixinario *Xan Correa*, onde o nome persoal *Xan*, variante popular de *Xoán*, acabou derivando no apócope de *santo*, o que indica que o topónimo xa non resultaba intelixible para os falantes.

Corredoura, A

Está presente este substantivo no topónimo **A Corredoura**, nome duns terreos no Porto, inmediatos á primeira casa do actual camiño da Latiña. *Corredoura* é a variante local, característica do galego da diocese tudense e doutras áreas suroccidentais, correspondente ao galego común *corredoira*. Este substantivo aparece como CURRITORIA ou CORRITORIA no latín dos documentos medievais, e é un derivado do verbo *correr* (latín CURRERE). Designa un camiño entre valados e herdades que permite o paso de carros. O Nomenclátor de Galicia recolle máis de sesenta entidades de poboación chamadas *(A) Corredoira* ou *(As) Corredoiras*, mentres que a variante *Corredoura* só está presente no nome de dous núcleos de poboación nos concellos de Salvaterra de Miño e de Tui. Esta zona chamada *A Corredoura*, no Porto, rexístrase con ese nome en 1752 no Catastro de Ensenada: «una tierra (…) en la Corredoura», «sitio da Corredoura», «donde llaman la Corredoura».

Cortiña, A

O substantivo común *cortiña*, derivado de *corte* (< do latín vulgar CORTEM), e este do latín clásico COHORTE(M) 'recinto, curral', designa en

galego un pedazo de terra de labor, habitualmente cercado ou murado, próximo á vivenda. Na fala local de Beade escóitase con máis frecuencia *curtiña*, coa habitual pechazón da vogal pretónica cando a tónica é un *i*. Temos este nome no topónimo **A Cortiña de Saa** (terras de labor próximas ao lugar de Saa). Rexístrase no Catastro de Ensenada co mesmo nome actual: «campo da Cortiña de Sa», «en Cortiña de Saa», «en la Cortiña de Sa» etc.

Costa

O substantivo *costa* (< latín COSTA) ten moita presenza na toponimia e designa espazos ou, máis frecuentemente, tramos dos camiños situados en pendente. En Beade témolo en **A Costa** (terras de cultivo e arboredo nas inmediacións do camiño do Cu da Viña), a **Costa de Casmarcelo** (nome alternativo do camiño de Casmarcelo), a **Costa da Gándara** (vía pública na Gándara) e mais no **Camiño da Costa da Rúa** (vía pública no Carballo do Pazo). O primeiro destes topónimos, correspondente á zona situada no interior do ángulo formado pola bifurcación do camiño do Cu da Viña, ten tamén unha denominación alternativa en diminutivo **A Costiña**, e no Catastro de Ensenada recóllese cos dous nomes: «Campo da Costa», «campo da Costiña», «situación de la Costa», «a la Costiña». Os veciños da Pena tamén denominan **A Costa** un conxunto de campos, uns traballados, outros a bravo e un edificado, situados por detrás da área chamada Os Campos da Pena, no camiño da Pena.

De *costa* tamén deriva *costeira*, propiamente un adxectivo que significa 'en costa, en pendente'. Témolo en **A Costeira** (casa e terreos no alto da Costa da Gándara). A finais do século XVIII e comezos do XIX, había neste lugar unha **Viña da Costeira** que pagaba foro a San Domingos de Pontevedra.

Cotarela ► 06. O Coto

Coto ► 06. O Coto

Coutada ► 07. A Coutada

Cova, A; Covelo, O

É coñecida como **A Cova** unha zona de campos, a maioría sen cultivar, con prados, caneiros, matorral e arboredo, no espazo que vai de leste a oeste dende o camiño de Dornelas ata o inicio do camiño dos Marzos. Dado que non hai na zona ningunha cova nin mina de auga, cremos que neste caso *cova* (< do latín hispano COVAM, un celtismo) non está como substantivo, senón como o feminino do adxectivo *covo, cova* 'cóncavo, afundido', e fai referencia á orografía da zona, en acusado declive. O correspondente masculino, en forma diminutiva, atopámolo en **O Covelo**, nome das terras situadas ao final do **Camiño do Covelo**, na Coutada. **O Covelo das Pedras** é o campo situado a continuación do Covelo, cara ao oeste. Tamén neste caso é evidente o significado orográfico do topónimo, pois designa áreas situadas no fondo dunha pendente pronunciada.

Crego, o Lugar do ▶ Cura

Cruz, Cruceiro

O substantivo feminino *cruz* (< latín CRUCEM) ten moita presenza na toponimia. Responde a dúas motivacións principais: ou ben designa unha encrucillada de camiños (unha *cruz* de camiños, o masculino un *cruce* é denominación recente), e entón estamos ante un topónimo viario, ou ben fai referencia á presenza no lugar dunha cruz, símbolo cristián, realizada en pedra ou en calquera outro material, e entón sería un haxiotopónimo ou topónimo relativo aos cultos relixiosos. Mais como a tradición adoitaba erguer cruces e cruceiros nas encrucilladas, os topónimos resultan así duplamente motivados pola realidade física que designan. Na toponimia de Beade as encrucilladas viarias adoitan denominarse co castelanismo *cruce* (masculino): o **Cruce de Babio**, o **Cruce do Porto**. Está presente o feminino en a **Coutada da Cruz** ou a **Cruz do Canizo** (do Caniso), nome da área onde se encontra a encrucillada da rúa do Falcoído co camiño do Gualdino, no Porto.

O derivado co sufixo *-eiro, cruceiro*, adoita designar o monumento de pedra consistente nunha cruz no alto dunha columna. En Beade témolo no **Camiño dos Cruceiros** (nome tradicional do actual camiño

da Quinta, en Babio) e o **Lugar dos Cruceiros**, núcleo habitado arredor dese camiño. Segundo os informantes locais, o nome débese a que existían antigamente nese sitio tres cruceiros de pedra (hoxe só hai un), e no pasado discorría por ese camiño unha procesión de Semana Santa.

Outra denominación alternativa dunha encrucillada, neste caso mediante un numeral, témola no topónimo **Catro Camiños**, que designa a confluencia do camiño da Canicouva, o camiño do Norberto e a rúa de Babio.

Cu da viña, O

Entre os usos toponímicos do substantivo *cu* (< do latín CULUM) é relativamente frecuente o que serve para designar camiños cegos, ou sen saída, isto é, que dan acceso a lugares dos cales só é posible saír pola mesma vía de entrada. Ten paralelo no francés *cul-de-sac* 'camiño cego, rúa sen saída'. Na actualidade segue sendo un camiño cego (o asfalto cesa de súpeto no seu remate) o chamado **Camiño do Cu da Viña**, que aínda hoxe vai entre viñas, campos de millo, canavais e salgueiros nas inmediacións do camiño de Dornelas, na Coutada. No seu tramo inicial, á beira do camiño, consérvanse o **Lavadouro do Cu da Viña** ou a **Fonte do Cu da Viña** e mais a **Presa do Cu da Viña**. Son coñecidos así mesmo como **O Cu da Viña** os campos de labor situados na parte alta dese camiño ata a encrucillada co camiño de Dornelas.

Cunquiño, O

O Cunquiño é un campo de labradío situado na parte central da rúa da Cavada, entre o camiño da Pedra e o coñecido como camiño da Garula, no barrio de Abalde. Contén o substantivo *cunco*, masculino de *cunca* (< latín CONCAM), pero descoñecemos a motivación do topónimo. Os dicionarios recollen *cunco* como nome de diversos recipientes (para recoller o viño, para darlles de comer aos animais...). O topónimo quizais fai referencia á orografía cóncava do lugar, mais tamén podería aludir ás pequenas dimensións da propiedade, pois *cunco* e o feminino *cunca* ou *conca*, coma outros nomes de recipientes (o máis coñecido é o *ferrado*) tamén foron usados como medidas de capacidade e de superficie.

Cura

Son coñecidas como a **Casa do Cura** dúas casas, unha a carón da outra, situadas na parte alta do camiño do Cu da Viña, na Coutada. A **Coutada do Cura** era o nome dunha propiedade onda o camiño das Campaceiras, nos terreos que hoxe levou o hospital. En ambos os casos, os topónimos deben de facer referencia a un propietario que era sacerdote. No primeiro, a veciñanza identifica cada unha das casas como a **Casa do Cura Nova** e a **Casa do Cura Vella**. Un sinónimo *crego* (< latín CLERICUM) está presente no nome da propiedade denominada o **Lugar do Crego** ou o **Lugar da Peteta**, situada no recanto entre a rúa de Babio, o camiño de Rosalía e a rúa de Ramiro Pascual, en Babio.

Curtiña ► Cortiña

Demo, O

A presenza do nome do *Demo* na toponimia pode responder a diferentes motivacións. A máis frecuente é a súa aplicación a tramos dun camiño moi costentos ou moi estreitos que ofrecían dificultades ou perigo para o paso de carros, de animais ou de persoas. Dado que o nome do *demo* tamén se ten empregado como alcume satírico de persoas, podemos atopalo así mesmo en topónimos de posesor ou de propietario. Esta última é a motivación dos topónimos a **Volta do Demo**, a **Fonte do Demo** e mais a **Viña da Volta do Demo**, tamén chamada a **Viña do Demo**, na estrada da Coutada, pois aseguran os informantes que *Os do Demo* ou *Os Demos* era o alcume dunha familia que vivía na zona.

Devesa, A; Devesas, As; Devesiña, A

Na toponimia galega, o substantivo *devesa* (< lat. DEFENSAM) adoita ter o significado de 'bosque (habitualmente de carballos) en terreo comunal'. Moitos dos lugares que portan este nome, especialmente nas proximidades do litoral, son antigas *devesas reais*, carballeiras en monte de man común (ou sexa, expropiadas á parroquia en nome do rei) destinadas en orixe a fornecer madeira para a construción naval.

Durante o Antigo Réxime, practicamente desde o século XVI ata o XIX, as devesas reais foron motivo de litixios entre a administración e o pobo. No século XIX moitas desas devesas pasaron a mans particulares. Na toponimia de Beade temos este nome en **A Devesa** (campos na estrada do Porto, onda As Coutadiñas), **A Devesa** (campo de labradío e viña no camiño do Romeu) e **A Devesiña** (campo de labradío no ángulo que forma o camiño do Riomao coa Costa da Gándara). A estes podemos engadir **A Devesa do Rei**, na estrema coa parroquia de Bembrive.

Na fala local presentan unha variante coa vogal pretónica labializada (*dovesa*, coma en *lovar* por *levar*). Na documentación escrita aparecen ás veces castelanizados como *dehesa*. No Catastro de Ensenada, a *Devesa do Rei* ou *Real Dehesa* situada en Riomao contaba 50 ferrados, e formaba parte do «monte baldío de Riomau, asiento del común». Atopamos tamén nese catastro outros topónimos que conteñen este mesmo substantivo: «una dehesa en el sitio do Seijo», «Campo da Devesa», «donde llaman Cocho da Dehesa» «cocho da Devesa» etc.

Diego

Diego é o resultado galego e castelán (en portugués impúxose a variante *Diogo*) dun nome de orixe hispana que se rexistra en latín como *Dídaco* (DIDACUS). Témolo na denominación do **Camiño do Señor Diego**, que segundo a veciñanza era o nome tradicional do camiño que actualmente consta na documentación municipal e na rotulación como «Camiño da Latiña», no Porto.

Dimadeus

Existe este topónimo na parroquia de Beade como nome dunha vía pública coñecida como o **Camiño de Dimadeus**, que comunica o camiño de Souto do Chan co camiño dos Barros, no Seixo, e mais dunha área de terras de cultivo e de arboredo nas súas proximidades chamada tamén **Dimadeus**. É un topónimo altamente interesante, pois baixo a escura aparencia garda memoria dunha das claves sociais da historia da parroquia de Beade no longo período que vai desde a Idade Media ata a primeira metade do século XIX.

Na fala sobrevive como *Dimadeos* e *Dimadeus*. Na rotulación municipal aparece cun artigo («Os Dimadeos», «Camiño dos Dimadeos») que non rexistramos noutras fontes escritas e que debeu de xurdir dunha falsa interpretación do topónimo como un plural. As formas con que o recolle o Catastro de Ensenada en 1752 dannos luz para a súa interpretación, pois alí figura como «Dizmadeus», «sitio de Dizmadeus», «en Dizmadeus», «sitio de Diezmo a Deus».

O *dizmo a Deus* ou simplemente *dizmo* (tamén chamado *dízimo, décimo* ou *desmo*, castelán *diezmo*) era un tributo polo cal a Igrexa percibía cada ano a décima parte de todos os produtos da terra, así agrarios como pecuarios. Instituído na Alta Idade Media en Europa occidental seguindo o modelo dos tributos relixiosos dos antigos israelitas, tivo vixencia durante séculos e constituíu unha sólida fonte de ingresos para a Igrexa católica. Nas primeiras décadas do século XIX, a vontade de abolir este tributo formou parte do programa de reformas da agricultura das políticas liberais (foi suprimido polas Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812 e restaurado varias veces, ata a abolición definitiva durante a rexencia de Espartero en 1840).

No Antigo Réxime, segundo se advirte na resposta á cuestión número 15 do Interrogatorio xeral do Catastro de Ensenada (1752) desta parroquia, todas as terras do termo parroquial de Beade estaban suxeitas a este tributo (advírtase que daquela tamén se incluía na relación de Beade a entidade de poboación de Moledo, hoxe pertencente á parroquia de Sárdoma): «que sobre las tierras del termino está impuesto el diezmo eclesiastico que perteneze de por mitad al obispo de Tuy y al abad párrocho de la poblacion, excepto el de las del lugar de Moledo, que corresponde al Comendador de Beade del Horden de San Juan, Don Phelipe de Bargas».

Dado que todas as terras da parroquia estaban sometidas a el, podería parecernos estraño que se recorrese á referencia a este tributo para dar nome a unhas propiedades. Debemos ter en conta que cando unhas propiedades eran caracterizadas como de *dizmo a Deus* ou *de dízimo a Deus*, significaba que estaban exentas de calquera outra carga, renda ou foro. Con ese significado atopamos a expresión na documentación antiga, por exemplo, en diplomas de San Clodio do Ribeiro dos séculos XIII a XV:

> quanto eu y ajo et podia auer de meu dereyto, tan ben de foro como **de dizimo a Deus** (n.o 212, ano 1286).

que tenades as ditas tres leiras et as aiades de **dizimo a Deus** et non diades delas nen de cada huna delas ao dito moesteiro de foro, nen de nouersario... (n.o 352, ano 1361).
herdades et casas et vinas et aruores que eu ayo et me perteesçen de aver de dereito, que son **de dizimo a Deus** (n.o 419, ano 1401).
que chantedes et façades de viña todo o monte et erdades que en estas dytas erdades estouer para fazer, tan ben en as do foro como en as outras miñas de **dizimo a Deus** (n.o 515, ano 1428).
que as ajades **dizimo a Deus**, sen outro carrego et çenso et trabuto alguun (n.o 517, ano 1428)
que ajades de **dizimo a Deus** livre et quite doutro foro et çenso alguno (n.o 545, ano 1437).

A área que recibe este nome sitúase ao sur de Souto do Chan, por riba do actualmente chamado *camiño de Souto de Chan (sic)*, antigamente coñecido como **Camiño de Dimadeus.**

Dornelas ► 08. Dornelas

Dorindo o Terrible

No **Lugar de Dorindo o Terrible** temos un exemplo de topónimo de propietario formado polo nome persoal acompañado do sobrenome ou alcume. Neste caso o alcume é o adxectivo *terrible* (< latín TERRIBILEM 'que infunde terror') precedido de artigo. É a denominación dunha propiedade no camiño do Lombeiro.

Eido

O substantivo común galego *eido* procede do latin ADITUM, participio do verbo ADIRE 'engadir', e en orixe designou o 'terreo engadido ou anexo á casa' e, por extensión, 'campo cultivado próximo á casa' ou, cun significado máis xenérico, 'campo cultivado'. En Beade temos este substantivo en varios topónimos: o **Eido Vello** (propiedade edificada recentemente no camiño de Morrohome, próxima á curva máis pronunciada do camiño, no barrio da Pena), outro **Eido Vello** (campos de labradío na estrada do Porto, próximos ao camiño da Mangueliña), o **Rego do Eido** (terras e rego onda o camiño do Xestal, na Gándara), **Debaixo do Eido** (viña na rúa da Cavada), **Traloeido** ('Tras o Eido', terras por debaixo do camiño do Riomao, entre O Pedruco e Os Poulos, lindeiras coas Barxas) e **Portelo do Eido** (carreiro no camiño do Portelo).

Eifonso

O río que serve de estrema entre as parroquias de Beade e de Bembrive recibe hoxe a denominación de **Río de Eifonso**. No Catastro de Ensenada aparece comunmente como río de San Cibrán, polo nome do monte onde ten nacemento. Cremos que a súa denominación actual ten orixe nun muíño coñecido como *De Eifonso*, que consta nese castastro e que constitúe a motivación do nome da área aínda hoxe coñecida como o **Muíño de Eifonso**, compartida coa parroquia de Bembrive, nas dúas beiras do río, e do da veciña ponte chamada a **Ponte de Eifonso**, na estrema entre as dúas parroquias. Desde ese muíño debeu de estenderse a denominación ao resto do curso do río, que recibe as augas do río de Babio e vai desaugar no Lagares ou Sárdoma. O viaduto da autoestrada de Vigo a Baiona (AG-57) tamén recibe o nome de **Viaduto do Río de Eifonso**, ou, segundo o rótulo da propia autoestrada «Ponte do río Eifonso».

O nome medieval de orixe xermánica *Adefonsus* deu como resultado común en galego *Afonso*. *Eifonso* podería ser outro resultado de *Adefonsus*, variante de *Afonso*, pero non parece verosímil ese resultado anómalo precisamente nunha área onde tivo notable presenza *Afonso* como nome e apelido, hoxe este castelanizado como *Alonso* (véxase o que dicimos no topónimo **Os Alonsos**), polo que cremos que o nome actual o **Muíño de Eifonso** é unha alteración fonética dun antigo o **Muíño de Afonso**, relaxado o hiato /-de-a-/ en ditongo -dei-. A documentación antiga poderá confirmar ou desmentir esta explicación. No século XVIII apelídase Alonso (ou así consta en Ensenada) un dos propietarios dese muíño, que é denominado «**de Yfonso**».

Eigón

Na documentación municipal e na rotulación viaria aparece como **Camiño Eixón** un camiño que no pasado comunicaba a zona das Barallas, en Beade, cos núcleos das Coutadas e Macal, na parroquia de Castrelos. Hoxe o *vial* da Universidade ou estrada de Clara Campoamor atravesa esa zona e corta o camiño na súa parte leste, a correspondente a Beade, de xeito que o camiño do Eixón só conserva funcionalidade a occidente do *vial*, na parte de Castrelos. Así e todo, a referencia ao

seu nome serviu para que un petróglifo prehistórico situado en Beade, preto do punto onde ese camiño confluía co camiño das Barallas, fose bautizado como **Petróglifo do Eixón**. Con ese nome está catalogado como Ben de Interese Cultural. Mais esas denominacións son resultado de interpretar erradamente como castelanismo a gheada da pronuncia local, *Eighón*. Así o confirma a documentación escrita, onde o topónimo se recolle como *Eigón*. No *Libro de afanegados de Beade*, na enumeración das propiedades de Manuel Fernández de Sá en Catrelos lemos «Eigón», «sitio de Eygon, labradío».

Eigón é un topónimo escuro, probablemente de orixe prerromana. Debido ao paralelo co topónimo ourensán *San Cristovo de Regodeigón* (< *Rego de Eigón*), nome dunha parroquia do concello de Ribadavia, cremos que pode ser un hidrónimo, un topónimo relativo ás augas. O nome do río, val e comarca leoneses de *Valdeón*, ao pé dos Picos de Europa, rexístranse na documentación medieval en latín como *Valle de Eigone*, entre outras variantes gráficas. Talvez *Eigón* e *As Barallas* foron denominacións alternativas dunha mesma realidade, acaso ese tramo do río das Barxas.

Eitón ▶ Outeiro, Outón

Eira, A

Eira é un termo común en galego, que designaba o espazo aberto onde se realizaban a malla e outros labores agrícolas; procede do latín AREAM 'área'. En Beade témolo nos topónimos **A Eira** (parte dos terreos dunha propiedade con vivenda na rúa de Ramiro Pascual, próxima á encrucillada de Babio), **A Eira Vella** (terreo de monte no camiño do Castañal, na Pena, onde hoxe está o transformador) e o **Campo da Eira** (campo de labradío por detrás do camiño do Lombeiro, entre A Portiña e A Esquina, no barrio da Pena). Un diminutivo **A Eiriña** é o nome que lle dan os seus propietarios ao terreo da casa, no camiño de Dornelas, no barrio da Coutada.

Cabe a posibilidade de que os nomes **A Sueira** e o **Camiño das Sueiras** conteñan unha forma composta polo substantivo *eira* precedido dunha preposición *so, sub* 'debaixo de', pero non temos certeza de que sexa esa a orixe deses topónimos, que tamén admiten outras posibles explicacións (véxase *Sueiras*).

Eixido, O; Enxido, O

Do latín EXITUM 'saída', participio do verbo EXIRE 'saír, ir fóra' procede o galego *eixido*, paralelo do castelán *ejido*, nomes que en orixe designaban o terreo inmediato á casa, habitualmente con horta, viña e árbores froiteiras. No século XVIII, cando se realizou o Catastro de Ensenada, unha parte considerable das vivendas da parroquia contaban co seu *eixido* particular ou constituían un *lugar*, nun hábitat disperso que difería moito do hábitat de vivendas formando rúas propio do urbanismo vilego.

Na actualidade, a profunda alteración da paisaxe de Beade por mor da edificación fixo desaparecer case todos eses espazos tradicionais. Na fala local, coma en todo o galego tudense e noutras áreas, *eixido* presenta unha variante con nasal *enxido* ou *inxido*, resultado da alteración do ditongo decrecente (algo semellante ao que acontece na conxugación verbal, onde as formas do galego común *sei, cantei, levarei* presentan as variantes *sen, cantén, levarén*). Temos este substantivo nos topónimos **O Enxido** (parte do terreo da Xouba de Arriba, no camiño da Vaca Morta, na Coutada), **O Enxido** (o terreo no exterior dunha casa no camiño de Dornelas, na Coutada), **O Enxido** (área no camiño da Pena, fronte á Eira Vella), **O Enxido** (saído dunha casa entre o camiño das Presiñas e a rúa de Ramiro Pascual, en Babio) e **O Enxido** (terreo dunha vivenda no Caramuxo, no barrio do Porto). Outros topónimos con este substantivo que rexistramos na documentación antiga non sobreviviron ata hoxe.

Ervellido, O

É coñecida como **O Ervellido** unha área do Carballo do Pazo, nas inmediacións da vía pública denominada **Camiño do Ervellido**.

Ervellido é un fitotopónimo, un nome que fai referencia á flora. Neste caso, un derivado de *ervella* ou *ervilla* (do latín ERVILIAM) 'chícharo'. Adoita escribirse erradamente con H- inicial, talvez porque se interpretou como un nome relacionado con *herba* ou co castelán *hervir* 'ferver' (sucede o mesmo coa entidade de poboación chamada *Os Ervillás*, en Vincios, outro topónimo derivado de *ervilla* ou *ervella*, que habitualmente se ve escrito como *Os Hervillás*). Na relación de foros que o convento de San Domingos de Pontevedra tiña na parroquia de Beade

nos séculos XVII e XVIII vemos o topónimo **Campo do Ervellido** escrito indistintamente con V e con B, con H e sen el.

Esquina, A

É coñecido como **A Esquina** un campo de labradío onda o camiño do Lombeiro, estremando coa porción de monte inmediata ao camiño dos Seixiños, no barrio da Pena. Contén o substantivo *esquina* 'ángulo, canto, recanto', un termo de orixe xermánica común ao galego e ao castelán. O topónimo quizais está motivado pola situación do campo, no ángulo que forman as propiedades contiguas.

Estévez

Por coincidir coa advocación parroquial, o nome de *Estevo* (< STEPHANU) tivo tradicionalmente moito uso en Beade. Aínda que a partir do século XVI o nome e a advocación tenden a castelanizarse como *Esteban* ou *Estevan* nos textos escritos, cando se trata de apuntamentos ou notas informais asoma a forma *Estebo* ou *Estevo*, que era sen dúbida a empregada pola veciñanza. Sirva de exemplo o apuntamento dun libro de apeos de San Domingos de Pontevedra, onde lemos «apeo de lugar do souto do porto en la frª de **S. Estebo de** [...] / apeo de lugar de quintián en dha frª de Biade» (*dha* é abreviatura de *dicha*; *frª*, de *feligresía*).

O apelido patronímico derivado de *Estevo* é **Estévez**, que ten presenza na parroquia desde a Idade Media, como vemos nunha *Ana Estévez de Beade* (de *Viade* no texto) que tiña aforado o Souto do Porto a finais do século XVI e comezos do XVII.

Na toponimia actual da parroquia temos este apelido nun topónimo constituído por un nome persoal de propietario: **Pepa Estévez** (propiedade situada na traseira dos campos do Velouro). *Pepa* é común como hipocorístico (variante familiar) do nome persoal *Xosefa*.

Estrada, A

Estrada, como *Brea*, *Camiño Real* e outros, é un topónimo viario, que fai referencia ás vías de comunicación. *Estrada* procede do latín

STRATA(M) 'vía ou camiño empedrado ou estrado de laxes'. Ese é o significado que mantivo ao longo dos séculos, e só en épocas recentes adquiriu o significado común actual 'camiño ancho e asfaltado, xeralmente de dobre dirección, destinado á circulación de vehículos automóbiles'. Ademais dos topónimos onde *estrada* se emprega como denominación xenérica de vía pública para tránsito rodado (**Estrada da Venda**, **Estrada do Porto**, **Estrada de Clara Campoamor**...), na toponimia de Beade temos este nome en **A Estrada**, nome dunha zona habitada no barrio de Babio, que abrangue os campos de Dimadeus e mais Souto do Chan. A motivación deste topónimo **A Estrada** ha de ser a mesma ca a dos seus equivalentes A Brea e o Camiño Real, isto é, fai referencia á antiga estrada ou camiño real de Tui a Vigo por Castrelos (véxase *Camiño Real*).

Estripeiral, O

Coñécense como **O Estripeiral** uns campos de labradío onda o camiño do Concello, no Carballo do Pazo. O nome é un derivado colectivo de *estripeiro* (do latín STIRPARIU). O *estripeiro* ou *estripo* é un 'arbusto espiñoso, bravo, da familia das rosáceas, de flores brancas e aromáticas, e de froito non comestible que se usa para enxertar'. É moi abundante en todo o val de Fragoso e non é insólita a presenza deste nome e dos seus derivados na toponimia. Este atopámolo rexistrado no *Libro de afanegados de Beade* de 1812 como *O Estripeyro* e *O Estripeyral* e dedicado a labradío.

Eucaliptos, Os

Coñécese localmente como **Os Acolitos** (deformación popular de *Os Eucaliptos*) un terreo en pendente poboado destas árbores e situado na parte de atrás do camiño do Corcho, entre este e o camiño da Casa Vella, no barrio de Saa.

Facho, O ► 09. Facho, O

Falcoído

Denomínase **Rúa do Falcoído** a vía pública que vai desde a estrada da Venda ata o inicio do campus universitario. Contén aparentemente un derivado do nome da ave de rapina *falcón* (< do latín FALCONEM), e probablemente toma o seu nome dunha área do monte que atravesa. Os sufixos *-ido, -edo* empréganse polo regular para formar colectivos de nomes de plantas, pero excepcionalmente tamén crean derivados a partir de nomes de animais para designar lugares onde se crían en abundancia, como en *Rendo* (< RANETUM, onde abundan as ras), *Cazapedo* (os *cazapos*, as crías dos coellos) ou *Lebredo* (as lebres), polo que non é inverosímil que o nome do **Falcoído** veña motivado pola presenza ou abundancia de falcóns no lugar. A súa localización, nunha área de monte (hoxe de piñeiros) na parte alta da parroquia, é axeitada para o hábitat desas aves. Con todo, dado o insólito do derivado dun nome de ave con este sufixo, non podemos dar por segura esta etimoloxía.

Ferrán

En galego a *ferraia* ou *ferraña* (< latín FERRAGINEM) 'orxo, avea ou outra clase de forraxe que se sementa para alimentar o gando' ten unha variante *ferrán*. Con todo, é probable que o topónimo **O Chan de Ferrán**, nome dunha área de cultivos onda o camiño dos Barros, non conteña este substantivo, senón un apelido idéntico *Ferrán*. Este é un apelido da metade oriental da península (aragonés, catalán, valenciano), correspondente ao patronímico do nome persoal *Fernando*. En Galicia é un apelido infrecuente, como era de esperar dada a súa orixe xeográfica, mais ten certa presenza significativa no concello de Vigo.

Ferreirito, As do

O sobrenome ou o apelido de propietario *Ferreiro* (< do latín FERRARIUM) 'o que traballa no ferro' está presente na toponimia de Beade en **As do Ferreirito**, nome dunha propiedade edificada na parte sur do

Camiño Real. *Ferreirito* é un diminutivo de *ferreiro*, mediante o sufixo *-ito*, propio do castelán e usado tamén en portugués, pero insólito en galego, polo que quizais foi empregado aquí con intención burlesca, xa que probablemente se trata dun alcume de propietario.

Figueira, Figueiras ► 10. Figueirós

Figueiró, Figueirós ► 10. Figueirós

Filgueira, Folgueira

Os informantes recoñecen co nome de *A Frigheira* ou *A Forgheira* unha fileira de campos (hoxe ocupados por edificacións) ao longo da vía denominada oficialmente Camiño do Lago, no barrio do Carballo do Pazo, dende a estrada do Porto ata o camiño do Romeu. Así mesmo, unha área contigua é recoñecida por algúns veciños como *As Forgueiriñas, A Forgheira de Abaixo, A Frigueiriña de Abaixo*. Dáse a mesma variabilidade de denominacións no nome do camiñiño chamado *Carreiro das Forgueiriñas* ou da *Forgheira / Frigheira de Abaixo*. Interpretamos que estes nomes son alteración de **As Filgueiriñas**, **A Filgueira de Abaixo** e **Carreiro das Filgueiriñas** ou **Carreiro da Filgueira**, e que corresponden ao mesmo lugar que aparece como *Filgueira* e *A Filgueira* na documentación escrita (no Catastro de Ensenada: «dos cavaduras (...) al sitio da Filgueira, en el carballo do Pazo»). O topónimo facía referencia, na súa orixe, á flora espontánea do lugar, pois *filgueira* significa 'fenteira, fental, lugar onde medran os fentos'. *Filgueira* é unha das formas galegas correspondentes ao latín FILICARIAM, derivado de FILICTUM 'fento'.

Filomena

A da Filomena ou a **Finca da Filomena** é un campo de labradío que ocupa o espazo que vai da estrada da Coutada ata o camiño da Barreira, a continuación do Lugar da Meana, na Gándara. Contén o nome persoal feminino *Filomena*, formado a partir do grego FILOMELA 'amante da música', nome do reiseñor. O substantivo *finca* é considerado un castelanismo en galego.

Fonas

Descoñecemos a orixe e o significado do topónimo viario **Camiño de Fonas**, en Babio. Ademais desta denominación existe a variante de *camiño do Fonas*, que permite interpretar o seu segundo elemento como posible sobrenome de propietario. Na rotulación municipal aparece escrito como «Camiño Fonas».

Fonte

O substantivo galego *fonte* (do latín FONTEM) ten abundantísima presenza na toponimia e pode designar xa un nacedoiro ou un manancial de auga natural, sen ningún tipo de intervención humana, xa a construción de pedra, con cano e pía, que fornece da auga conducida dunha mina ou dun manancial. En Beade temos este nome en numerosos topónimos. Os máis deles responden á estrutura *fonte* + *de* + *x*, onde *x* é ou ben o topónimo que designa o lugar onde se acha a fonte ou ben un nome persoal ou de familia de antigos propietarios. Para a orixe e o significado do segundo elemento dos topónimos que seguen este esquema remitimos aos apartados correspondentes, de acordo coa orde alfabética. Coa estrutura *fonte* + *adxectivo*, ademais das abundantes *Fonte Nova*, na toponimia das fontes de Beade unicamente temos dous exemplos: *Fonte Cova* e *Fonte Fría*.

1. **Fonte + de + segundo elemento**

   Fonte da Bouza (fonte de propiedade privada na zona coñecida como A Bouza, en Babio; tamén chamada o Lavadouro da Bouza)

   Fonte da Carballeira (fonte no camiño da Carballeira, en Abalde, na estrema con Bembrive)

   Fonte da Carteira (fonte de dous canos nun carreiro que sae da rúa da Cavada)

   Fonte da Coutada (fonte na rúa do Porto, fronte ao xeriátrico; toma o nome dos terreos en que se encontra)

   Fonte das Coutadas (na Coutada)

   Fonte da Lameira (fonte na rúa de Abalde)

   Fonte da Leira (fonte en Babio)

   Fonte da Morena (fonte no camiño do Xestal, no barrio da Gándara)

Fonte da Quinta (dous lavadoiros e unha presa nunha propiedade privada chamada A Quinta, preto da estrada da Coutada e do camiño de Alén)
Fonte da Venda (fonte en Babio)
Fonte da Vila (nome que recibía a actualmente denominada *Fonte do Tallo*, nos Cruceiros, Babio, e que na actualidade sobrevive como nome de campos e dun grupo de casas fronte ao camiño de Suafonte)
Fonte da Xoanela (fonte na Coutada, nos campos do Velouro)
Fonte das Castiñeiras (fonte no Carballo do Pazo)
Fonte das Pajarillas (nome alternativo da *Fonte das Xepas*)
Fonte das Portaleiras (fonte no Porto)
Fonte das Presas (fonte nas Presas, próxima á Pena)
Fonte das Presiñas (fonte no camiño das Presiñas, en Babio)
Fonte das Xepas (fonte no cabo do camiño do Covelo, no barrio da Coutada; nome alternativo da *Fonte das Pajarillas*)
Fonte de Abalde (fonte no barrio de Abalde)
Fonte de Castor (fonte no camiño da Barreira, no barrio da Gándara. É un topónimo recente, pois a veciñanza afirma que antes lle chamaban a *Fonte Nova*)
Fonte de Chanes (nome alternativo da *fonte do Regueiro*, no camiño de Alén)
Fonte de Dimadeus (onda o camiño dos Barros)
Fonte do Barranco de Patuco (tamén chamada a *Fonte do Regueiro*, antigo lavadoiro e presa xa desaparecidos, nos terreos onde están a construír na actualidade o conservatorio, nun desnivel do terreo por baixo da estrada da Coutada, fronte á asociación cultural)
Fonte do Caramuxo (fonte na área habitada do Caramuxo, preto do Porto de Arriba)
Fonte do Cornucho (lavadoiro no barrio de Abalde, no comezo do camiño da Barxiña; nome alternativo da *Fonte do Galomacho*)
Fonte do Demo (pequena fonte situada no camiño da Barreira, preto da Volta do Demo, no barrio da Gándara)
Fonte do Facho (fonte no núcleo habitado do Facho)
Fonte do Franco (nome alternativo da *Fonte Nova*, na estrada do Porto, no barrio do Carballo do Pazo)
Fonte do Galomacho (lavadoiro no barrio de Abalde, no comezo do camiño da Barxiña; nome alternativo da *Fonte do Cornucho*)
Fonte do Larín (fonte situada no final do camiño da Batalla)

Fonte do Naranxo (nacedoiro de auga, hoxe en propiedade privada no barrio do Carballo do Pazo)
Fonte do Negreira (lavadoiro no camiño do Riomao, no barrio da Gándara)
Fonte do Norberto (fonte onda o camiño do Norberto, en Babio)
Fonte do Outón, do Oitón ou do Eitón (fonte hoxe soterrada, en Abalde)
Fonte do Porto (fonte no núcleo habitado do Porto)
Fonte do Regueiro (nome alternativo da *Fonte de Chanes*, no camiño de Alén)
Fonte do Regueiro (nome alternativo da *Fonte do Barranco do Patuco*, lavadoiro e presa hoxe desaparecidos no barrio da Coutada)
Fonte do Riomao (nome alternativo do *lavadoiro do Riomao*, no barrio da Gándara)
Fonte do Seixo, dos Seixos ou dos Seixiños (fonte hoxe desaparecida, nos terreos denominados Os Seixos, onde se levanta o hospital novo)
Fonte de Souto do Chan (é o nome con que sempre se coñeceu a que agora aparece rotulada erradamente como «Fonte de Dimadeus»)
Fonte do Tallo (fonte nos Cruceiros, Babio, antigamente chamada a *Fonte da Vila*)
Fonte do Toural (fonte na estrada da Venda)
Fonte dos Infernos (fonte en Babio)
Fonte dos Lagumeiros (presa –hoxe desaparecida– e fonte en Quintián, estremando co camiño de Gualdino e a estrada do Porto)
Fonte dos Vilas (fonte na Coutada; nome alternativo da *Fonte da Xoanela*)

Ademais dos precedentes, temos un único exemplo co derivado diminutivo en **As Fontiñas**, nome que recibe un conxunto de terras no ángulo que forma a pronunciada curva central da rúa de Saa do Monte. A carón destas terras, polo leste, atópase outro conxunto de labradíos denominado **A Fonte**.

2. Fonte + adxectivo

Fontecovas (extensión de monte na estrema con Zamáns, que chega ata Fontefría, onda a entrada do parque forestal). Coma noutros topónimos da zona, o plural é creación recente que substituíu a forma tradicional, **Fonte Cova**, co adxectivo *covo, cova*, concordando en singular co substantivo *fonte*. *Covo, cova* é moi común na toponimia para referirse a lugares (neste caso unha fonte) 'situado nun fondal ou na parte baixa dunha pendente' (véxase *Cova*).

Fontefría. É tamén moi común na toponimia de Galicia e doutras áreas o composto *Fontefría* ou *Fonte Fría* (ou a variante *Fonfría*), co adxectivo

fría, do latín FRIGIDA(M). Na actualidade o topónimo **Fontefría** designa unha ampla extensión de monte pertencente ás parroquias de Beade e de Zamáns. Toma o seu nome dunha fonte situada a poucos metros da estrema entre as dúas parroquias, coñecida como a **Fonte de Fontefría**. Nas proximidades de Fontefría produciuse en marzo de 1809 a vitoriosa acción dos veciños de Castrelos e de Beade contra as tropas francesas que viñan de Tui a Vigo.

Está presente a mesma denominación noutros topónimos da parroquia de Beade: o **Rego de Fontefría**, que serve de estrema de Beade con Valadares, e mais **A Vagoada de Fontefría**, o fondal situado fronte á fonte de Fontefría, onde se pode ver o **Marco de Fontefría** que sinala a delimitación de Beade, Zamáns e Valadares.

A estes debemos sumar tres exemplos co adxectivo *nova*: a **Fonte Nova** (campos de labor na Gándara, por riba do camiño da Barreira), a **Fonte Nova** (nome antigo da fonte de Castor, no camiño da Barreira) e a **Fonte Nova** (nome alternativo da Fonte do Franco, na estrada do Porto).

3. Outros topónimos que conteñen o substantivo *fonte* son:

Entre as Fontes/Entre Fontes (terras de monte entre o camiño de Campaneiro e a segunda circunvalación)

Campos da Fonte (inmediacións da fonte da Morena, no camiño do Xestal, no barrio da Gándara)

Camiño da Fonte da Vila (nome con que se coñecía antigamente, segundo algúns informantes, o camiño de Suafonte)

Presa da fonte da Vila (presa en Babio, onda o camiño da Fonte da Vila)

Suafonte e Camiño de Suafonte (terras e camiño no lugar dos Cruceiros, en Babio)

Neste último o artigo feminino vai precedido da preposición *so* (< do latín SUB), de xeito que *Suafonte* ou *Soafonte* significa '(por) debaixo da fonte'. Na placa do rótulo municipal consta erradamente como «Camiño da Súa Fonte».

Forno da Cabra ► Cabra, Cabreiro

Fanchonas, As; Franchonas

Recibe o nome de **As Fanchonas** a primeira liña de campos de labradío que se estenden polo norte da rúa de Abalde, desde onde remata

o camiño de Casmarcelo ata a encrucillada coa rúa da Cavada. O topónimo, que se repite no **Camiño das Fanchonas**, ten orixe no alcume familiar dos propietarios, segundo os informantes locais. Este alcume parece formado a partir do substantivo *fanchón* 'bica ou torta de millo'. Na documentación histórica rexistramos un alcume idéntico nun proceso da Inquisición «contra el ciego Andrés Cougil y su criada Isabel Rodríguez Maceda alias la Fanchona» (AHN Inquisición 3726, 16, ano 1783). Tamén podería tratarse dunha alteración fonética, condicionada por ese substantivo *fanchón* 'torta, bica', dun adxectivo feminino creado a partir do apelido *Franchón*, que rexistramos en Vigo no século XIX. *Franchón* é apelido de orixe francesa e en España é característico de áreas orientais e da costa mediterránea; o seu significado sería equivalente a 'franco, francón, francés do norte', relativo ao pobo xermánico dos *francos*.

Franciscanos, Os

Levan o nome de **Os Franciscanos** ou **Campo dos Franciscanos** unhas terras de arboredo onda o camiño de Palmira, no Porto. Temos constancia documental de que polo menos dous mosteiros franciscanos tiveron no pasado propiedades ou rendas na parroquia de Beade: o convento de Nosa Señora dos Remedios de Vigo, de franciscanas menores observantes, e os franciscanos menores de Baiona, que tiñan o convento onde hoxe está o parador. É probable que este topónimo de Beade faga referencia a propiedades ou a rendas dalgunha desas comunidades relixiosas.

Un topónimo **A de Menora**, ao comezo do camiño dos Campos Grandes, na Pena, podería ter tamén orixe nunha propiedade dos franciscanos ou franciscanas menores, como sucede noutros *La Menora* ou *As Menoras* da toponimia peninsular, mais neste caso os informantes afirman que *Menora* é o sobrenome da propietaria.

Franco, O

Actualmente recibe o nome de **O Franco** a área situada entre O Ervellido, a estrada do Porto e o actual camiño do Ervellido, detrás dun

bar chamado «Los lunes al Sol». Tamén é coñecida como **Fonte do Franco** a fonte situada na estrada do Porto que aparece no catálogo municipal como *Fonte Nova* (a veciñanza coñécea como *Fonte do Franco* porque se acha nos campos coñecidos como *O Franco*).

O Franco é propiamente un apelido de propietario e en orixe significaba 'francés'. Na documentación histórica atopamos a presenza deste apelido entre os habitantes de Beade. Como vemos nesa documentación («a Úrsula Franca y a su hijo Gerónimo Franco»), o apelido tiña flexión de xénero, masculino ou feminino, segundo se aplicase a un home ou unha muller, fenómeno común para os apelidos que tiñan orixe en sobrenomes. A creación do Rexistro Civil, no último terzo do século XIX, fixou como invariable a forma masculina.

Frascuelo

O **Camiño do Frascuelo** é o nome dunha vía pública no Carballo do Pazo. Supoñemos que recibiu esta denominación a partir do sobrenome dalgún veciño das inmediacións coñecido como *Frascuelo*. *Frascuelo* foi o nome artístico dun toureiro andaluz do século XIX (1842-1898), que acadou enorme celebridade e que nos serve de referencia cronolóxica para datar a orixe do topónimo.

Freixa, A; Feixa, A

Xa o Padre Sarmiento se interesou no século XVIII pola palabra galega *feixa*, que designa un cachón ou unha fervenza nun río. Na fala e na toponimia presenta dúas variantes: *feixa*, que sería a forma tradicional, e *freixa*, cun *-r-* adventicio que atopamos tamén noutras palabras, especialmente nas iniciadas por *f-* (véxase o que comentamos sobre o topónimo *Friales*). A orixe de *freixa* ou *feixa* é escura ou controvertida; hai autores que o relacionan con *fraga* e co verbo latino *frango* 'romper', mais tamén se ten proposto como étimo o latín FALASIA, polo que o nome *feixa* galego sería parente do francés *falaise* 'acantilado, desnivel pronunciado'. O propio Sarmiento comenta a existencia (e censúraa) dunha variante con *-r-* (*freixa*) e compáraa co nome das fabas chamadas *feixóns*, que tamén recibían o nome de *freixóns*:

> El lunes 20 por la tarde fui a ver las *feixas* da roca, que están casi media legua de la casa del cura en el río Caldelas (...) A vista de Pontevedra se oye la *feixa* o *freixa* del río de Marcón y del de Borela. (...) el decir algunos *freijas* será por el abuso de añadir R, como *feijons, freijon*s, etc. Es horror ver el espumarajo y oír el ruido que el agua hace en las mismas. (Sarmiento, *Viaje a Galicia de 1745*)

É un topónimo relativamente frecuente no suroeste de Galicia (ademais das mencionadas no texto de Sarmiento que transcribimos podemos lembrar *A Freixa* ou *A Feixa* de Reboreda, en Redondela, no río Albedosa; *A Freixa* de Pontearеas, no Tea etc.). *A Freixa* é topónimo compartido por Beade e Sárdoma, pois a *feixa* ou cachón que suscitou o nome do lugar sitúase no río que establece a liña divisoria das parroquias. Está presente este nome nos topónimos **A Freixa** (zona do monte do Gorgoso, na estrema entre Beade e Sárdoma), **Río da Freixa** (tramo do río no mesmo lugar), **Camiño das Feixas** ou **Camiño das Freixas** (vía pública, oficialmente denominada camiño de Treístas) e **As Freixas** (terras de labor nas inmediacións do camiño das Feixas ou camiño de Treístas).

O plural *As Freixas* ou *Feixas* é un plural secundario, semellante ao doutros topónimos que aparecen na documentación antiga só en singular e que presentan alternancia de número na actualidade, debido a que dan nome a terras de diferentes propietarios denominadas por un topónimo común. Polo Catastro de Ensenada sabemos que este topónimo de Beade e de Sárdoma só tiña a forma do singular no século XVIII; nesa época, a variante tradicional (*Feixa*) xa convivía coa forma con -r-: «Campo da Feixa», «tierra en el lugar da Feixa», «sitio da Freixa», «sitio da Feija».

Friales

É coñecida como **Friales** unha área do monte de Beade. Este topónimo constitúe probablemente unha variante de *Feales* cun *-r-* adventicio (coma en *Feixa / Freixa*). *Feales* é un plural de *feal*, derivado colectivo mediante o sufixo *-al* a partir do nome da planta chamada *feo* (< latín FOENUM), unha especie de xunco.

Frigueira ► filgueira, Folgueira

Galeota, A

A Galeota era o nome dunhas terras de labor no espazo onde hoxe se erixen as naves do parque tecnolóxico, no cabo do camiño así mesmo denominado **Camiño da Galeota**. Semella un sobrenome formado sobre o substantivo común *galeote* 'condenado a galeras', usado como sobrenome e apelido. Coma outros topónimos constituídos pola forma feminina dun apelido ou dun alcume, podería ser en orixe un feminino en función adxectiva relativo a un propietario masculino (A Galeota = 'A do Galeote' ou 'A de Galeote'). O Catastro de Ensenada recolle na parroquia de Candeán un muíño situado «en el sitio da Galeota», que ha de responder á mesma motivación ca este topónimo de Beade.

Galiñeira, A

A Galiñeira é o nome duns campos situados a ambos os lados da estrada do Porto, xa pasado o camiño da Galeota, entre A Moucha e O Tranqueiro. O topónimo é un derivado de *galiña* (< latín GALLINAM), mais descoñecemos a motivación que lle deu orixe. Podería facer referencia á presenza de galiñas no lugar, ben galiñas domésticas ou, máis verosimilmente, aves silvestres como as chamadas *galiñolas*. Con todo, non podemos desbotar a posibilidade de que o topónimo se orixinase a partir dun sobrenome persoal ou familiar *Galiñeiro* ou *Galiñeira*.

Galomacho

A **Fonte do Galomacho** é unha denominación alternativa do lavadoiro coñecido tamén como *A Fonte do Cornucho*, en Abalde (véxase *Corno, Cornucho*). *Galomacho* é un composto de *galo* (a ave) co adxectivo *macho*. Quizais foi en orixe un alcume persoal de propietario.

Gándara ▶ 11. Gándara, A

Garula, A

Denomínanse **A Garula** unhas propiedades situadas preto da rúa da Cavada, ás cales se accede a través do camiño coñecido polos veciños

como **Camiño da Garula**, en Abalde. Coma tantos outros topónimos de Beade, ten orixe no alcume da familia propietaria, aínda que non sabemos se se trataba dun alcume masculino, e entón o topónimo representa un feminino adxectival (A Garula co valor de 'A do Garulo') ou se xa presentaba orixinariamente forma feminina. Posiblemente ten relación co verbo *garular* 'armar ruído e barullo con voces e berros', mais o alcume tamén podería orixinarse a partir dun significado de *garulo* como 'cocón, ser ficticio con que os maiores asustan os nenos', acepción recollida por Elixio Rivas en Saiáns: «**garulo**. s.m. Coco de los niños (Sayáns): *Que vén o gharulo e cómete*» (E. Rivas: *Frampas*, 1978, en DdD, s. v.).

Gabianceira, A

A Gabianceira Grande era o nome tradicional dunhas terras de labor hoxe ocupadas por unha propiedade edificada no inicio do actual camiño dos Seixiños, na Pena. O topónimo semella conter un derivado de *gabián*, palabra de orixe xermánica que se emprega en galego cos significados de 'certa ave de rapina' ou 'brote longo, voluble e delgado da vide que lle serve para asirse e gabear'. Tamén podería tratarse dunha forma derivada directamente do verbo *gabear*, da mesma orixe. No primeiro dos casos podería ser un zootopónimo, relativo á presenza ou á abundancia de gabiáns (as aves) nesa zona. Con todo, dada a localización, próxima ao monte comunal, tamén é verosímil que o nome faga referencia á expansión das terras de labor provocada pola xeneralización do millo groso ou millo americano, que fixo que os cultivos se estendesen *gabeando* cara ás terras elevadas, gañándolle territorio ao monte (véxase *Cachada, Cavada* etc.). O topónimo aparece rexistrado no Catastro de Ensenada, de 1752: «Coutada da Gabianzeira», «en la Gavianceira». Tamén consta no *Libro de afanegados de Beade*: «Gavianceyras», «sitio das Gavianceyras», «Gavianceyra».

Goaldino ► Gualdino

Gorgoso, O

Na toponimia de Beade está presente este nome en **O Gorgoso** (monte no barrio de Saa, na estrema coa parroquia de Sárdoma) e o

Muíño do Gorgoso (muíño –que sobrevive– onda o monte do mesmo nome). Aínda que tamén cabería a posibilidade de que se trate dun hidrónimo, relativo a un nacedoiro onde gurgulla a auga, cremos que *Gorgoso* é máis verosimilmente un derivado de *gorgo* ou *gorga* (< do latín vulgar *GURGAM), planta parasita tamén coñecida como *barba de raposo*, de nome científico *Cuscuta*, semellante a fíos vermellos que se enredan noutras plantas. *Gorgoso* deriva deste nome mediante o sufixo *-oso* e, polo tanto, estaría motivado pola abundancia desa especie na vexetación do lugar. O monte aparece no Catastro de Ensenada coa mesma denominación (*O Gorgoso*); daquela estaba dedicado a piñeiral e a toxal.

Granxas, As

Granxa e *graña* son os resultados galegos do latín GRANEAM, derivado de granum 'gran, cereal'. As granxas medievais eran polo regular establecementos dependentes dun mosteiro situado noutra localidade que se ocupaban da administración das súas propiedades. En Beade é coñecida actualmente como **As Granxas** unha área de campos e de vivendas unifamiliares situada na parte alta da rúa de Saa. Debe de ser o mesmo topónimo que aparece como «lugar de la Granxa de Saa» nun preito da parroquia de Castrelos do ano 1644. Como sucede noutros topónimos da parroquia, o plural substituíu a forma singular orixinaria.

Grila, A

A Grila é o nome dun campo de labradío situado entre a estrada da Coutada e o camiño da Barreira, no ángulo que forman estas dúas vías preto da Volta do Demo. Contén unha forma feminina de *grilo* (< latín GRYLLUM), nome do coñecido insecto ortóptero. O nome do *grilo* foi moi empregado como alcume ou sobrenome. Aínda que a forma feminina do topónimo fai pensar que en orixe podería referirse a unha muller así alcumada, cremos máis probable que conteña, coma outros microtopónimos da parroquia, un feminino adxectivo a partir dun nome masculino de propietario (*A Grila* equivalería a 'A [propiedade] do Grilo').

Gualdino

Gualdino é un nome persoal masculino difundido desde Italia, onde se venera a figura de san Gualdino mártir. En España é de uso infrecuente, en Portugal é máis común. Algún propietario así chamado deixou pegada do seu nome na toponimia de Beade na denominación do **Camiño do Gualdino** («de Goaldino», na rotulación municipal), no Porto.

Guardiana

O **Camiño da Guardiana** é unha denominación alternativa do **Camiño das Pedras** (no rótulo municipal «Camiño da Pedra»). O feminino debe de corresponder a un adxectivo formado a partir dun alcume de propietario masculino, de sorte que *A Guardiana* viría sendo equivalente a 'A do Guardián', un sobrenome de oficio ou de profesión.

Güello, A do

É coñecida como **A do Güello** unha propiedade en Babio, a ambos os lados da rúa de Ramiro Pascual, ao pasar a Volta do Can Grande en dirección leste. Contén un alcume ou un sobrenome de propietario, mais descoñecemos a orixe e o significado dese alcume. Quizais é unha alteración do substantivo castelán *degüello*.

Guillermo de Seudores

Segundo os informantes locais, o actual camiño da Barxa de Arriba, no Carballo do Pazo, era coñecido no pasado como **Camiño de Guillermo de Seudores**, probablemente polo nome dalgún propietario ou residente nese lugar. *Guillermo* (< WILIELMUS) é un nome persoal de orixe xermánica, que en galego adoita presentar unha variante con *-e* final, *Guillerme*. Descoñecemos a orixe e o significado do elemento *Seudores*. Non sería inverosímil que se tratase dun nome persoal portugués *Seu Dores* ('Senhor Dores') dado o uso que ten *Dores* en nomes masculinos (e non só femininos) en Portugal, onde tamén é común o

emprego de *Seu* como forma abreviada de *Senhor*. En calquera caso, só a documentación escrita permitirá confirmar esta hipótese.

Guinchas, As; Guinchoeira, A

A Guinchoeira (ou **Guinchueira**) ou **As Guinchas** son os nomes con que se coñecen os campos situados desde a bifurcación do camiño da Batalla ata o primeiro carreiro transversal do camiño do Cu da Viña. En galego *guincho* e *guincha* son nomes comúns que designan calquera «obxecto ou instrumento afiado ou de punta aguzada». Existen tamén en castelán cos mesmos significados, e tamén o verbo *guinchar* «picar o herir con la punta de un palo». Son palabras comúns ao galego, portugués e castelán, probablemente emparentadas con *gancho* (o dicionario da Real Academia Española cre que *guincho* é resultado dun cruzamento de *gancho* e *pincho*) e de orixe céltica, segundo Corominas.

Na súa aplicación toponímica, *As Guinchas* quizais puido designar campos caracterizados por manteren o restrollo (*as guinchas* ou canotos do cereal) desde a sega ata a labra da colleita do ano seguinte, mais tamén puido empregarse en sentido figurado, probablemente para designar propiedades de forma longa e estreita (véxase *Manguela, Rabela, Xuguiñas* etc.). A denominación alternativa, *Guinchoeira* ou *Guinchueira*, un derivado co sufixo *-eira*, non parte de *guincha* (nese caso esperariamos *guincheira*), senón probablemente de *guinchón* ou doutra forma semellante, o que explica o U ou o O de *Guinchueira, Guinchoeira*.

Hervellido, O ► Ervellido, O

Home, Camiño de Morre O ► Morrer, Morte

Jaco, A do

É coñecida como **A do Jaco** unha propiedade edificada no recanto formado pola rúa de Ramiro Pascual co camiño das Presiñas. *Jaco* semella un alcume de propietario; podería estar relacionado co substantivo común castelán *jaco, jaca* 'cabalo de montar' ou acaso é forma apocopada do nome persoal *Jacobo*.

Lago, O; Lagoa, A

Os substantivos *lago* e *lagoa* (do latín LACUM, LACUNAM) teñen moita presenza na toponimia, e tanto poden designar masas de auga permanentes como sitios facilmente inundables durante parte do ano. Temos o primeiro destes substantivos en dous topónimos de Beade motivados pola mesma realidade xeográfica: **O Lago** (zona de arboredo no barrio da Pena) e o **Camiño do Lago** (vía pública no mesmo lugar). O feminino *lagoa* está presente en varios microtopónimos da parroquia de Beade: **A Lagoa** (campo sen traballar no final do camiño do Covelo, na Coutada), **A Lagoa** (campos de labradío no ángulo da rúa de Babio coa vía de Clara Campoamor) e **A Legoa** /leghóa/ ou **A Lagoa** (horta na estrada do Porto, no Carballo do Pazo), a **Rúa da Lagoa** (en Saa e Abalde), **A Lagoa** e a **Fonte da Lagoa** (campos e fonte onda a rúa da Lagoa) e un plural **As Lagoas** (campos de labor ao final do camiño da Barxa de Arriba, por detrás do Loureiro, en Babio).

Entre as propiedades que pagaban foro ao convento de San Domingos de Pontevedra entre os séculos XVIII e XIX na parroquia de Beade atopábase un *Campo da Lagoa*, en Saa, que cremos que se corresponde coa actual zona da rúa da Lagoa.

Lagumeiro

Lagumeiro é un substantivo común galego que os dicionarios definen como 'terreo moi húmido no que xeralmente nace a auga' (DRAG). Está presente no nome da **Presa dos Lagumeiros**, situada na parte de abaixo do camiño do Gualdino, no Porto, hoxe desaparecida. *Lagumeiro*, e o seu sinónimo *lagoeiro*, son derivados do latín LACUM 'lago'.

Lameiro, O; Lameira, A

Lameiro e *lameira* son derivados do substantivo galego *lama* 'barro, lodo, terra barrenta, terra enchoupada'. *Lama* é unha palabra de orixe prerromana que sobreviviu na toponimia de Galicia e do norte peninsular (en Asturias e en León presenta a variante *llama*) e tamén no léxico común do galego. Nalgunhas zonas de Galicia (en Ourense e no

sur de Lugo) *lama* e o seu derivado *lameiro* pasaron do significado orixinario de 'terreo con auga abundante' ao de 'prado, terreo destinado a pasteiro de herba'. Na toponimia de Beade temos ambas as formas, masculina e feminina: **A Lameira** e a **Fonte da Lameira** (propiedades e fonte na rúa de Abalde) e **O Lameiro** e mais o **Camiño do Lameiro** (campos e vía pública no Carballo do Pazo).

Laranxo, ► Naranxo, O

Largo

Do adxectivo *largo* (< latín LARGUM 'amplo') procede o substantivo común *largo*, que designa unha especie de praza ou espazo aberto e común situado entre edificacións. Está presente no topónimo **O Largo das Presas**, área chá próxima á Ponte das Presas, na Pena.

Larín

O **Camiño do Larín** («de Larín» no rótulo municipal) é unha vía pública no Carballo do Pazo. Os campos dos arredores, entre O Sorrego e A Batalla, reciben o nome de **Campos do Larín**. No final do camiño da Batalla, próxima á presa dos Mortos, atópase a **Fonte do Larín**. O elemento *Larín* que conteñen estes topónimos semella un sobrenome ou un apelido de propietario, acaso coñecido así por ser orixinario dalgunha das catro entidades de poboación chamadas *Larín* que recolle o Nomenclátor de Galicia. O topónimo *Larín* é o resultado dun xenitivo *Lallini*, dun nome persoal altomedieval *Lallinus* (de onde procede tamén *Lalín*).

Lascas, As

Son coñecidas como **As Lascas** unhas coutadas nas inmediacións da estrada dos Seixiños, á beira da vía pública denominada **Camiño das Lascas**. Estes topónimos probablemente fan referencia a certas formacións pétreas, de cantos agudos, nas proximidades deses lugares. O substantivo *lasca* 'fragmento desprendido dun óso ou pedra', común

ao galego, ao castelán e ao portugués, é unha palabra de orixe dubidosa, probablemente céltica ou en calquera caso prerromana.

Lata, Latiña

De entre as diferentes acepcións que ten en galego o substantivo *lata*, de orixe prerromana, na toponimia adoitan estar presentes dúas: a de *lata* como 'estrutura que sostén unha parra', e a de 'tira longa e estreita', aplicada esta a propiedades que teñen esa forma (véxase *Rabela, Manguela* etc.). Temos un diminutivo no **Camiño da Latiña** («Camiño A Latiña», no rótulo) no Porto, que tomou o seu nome dunhas terras próximas chamadas **A Latiña**. Segundo os informantes, o nome tradicional dese camiño era **Camiño do Señor Diego**.

Lavadouro

O substantivo común galego *lavadoiro* (< latín LAVATORIUM) presenta en toda a área suroccidental de Galicia a variante *lavadouro* (coma en *corredoira / corredoura*). Desde finais do século XIX, a forma tradicional galega foi perdendo uso fronte ao castelanismo *lavadeiro* (adaptación ao galego do castelán *lavadero*). Con todo, na documentación antiga da parroquia de Beade rexistramos reiteradamente a forma local non castelanizada: «situación dos Lavadouros» (en Abalde), «donde dicen Lavadouro» (en Riomao), «sitio del Lavadouro» etc. Na fala local de Beade, os *lavadouros* son tamén coñecidos como *fontes*, como acontece con o **Lavadouro da Bouza** ou **Fonte da Bouza** (fonte e lavadoiro privados nos terreos coñecidos como A Bouza, en Babio), **Fonte** ou **Lavadouro da Lagoa**, **Fonte** ou **Lavadouro da Morena** e **Fonte** ou **Lavadouro do Barranco de Patuco**.

Lavandeira, A

A Lavandeira é o nome que recibe un conxunto de terras situadas na zona de Saa, lindando xa con Abalde, comprendidas entre o camiño da Barxiña, o camiño da Brea e os campos coñecidos como As Barxiñas.

Lavandeira é unha forma relativamente común na hidronimia galega, e designa polo regular zonas que resultan anegadas polo desbordamento dun curso de auga nas enchentes ou nas partes do río onde se producen frecuentes inundacións. Aínda que a tradición popular adoita relacionar este nome co verbo *lavar*, o feito de que moitos topónimos *A Lavandeira* se atopen a moita distancia dos núcleos habitados obriga a desbotar a relación directa cos lavadoiros ou *lavadouros*, e fai máis verosímil a hipótese de que *Lavandeira*, coma moitos outros hidrónimos ou nomes relativos ás augas, sexa unha palabra de orixe prerromana conservada no galego. Algúns estudosos interpretan a súa raíz LAV- como unha variante de NAV- moi común na hidronimia (*Navia, Navea, Navego*), pero as atestacións en latín medieval, sempre con L-, fan pensar noutra raíz indoeuropea *LOU-, *LAU, da cal procede tamén o latín LAVARE, antepasado do noso *lavar*. Na parroquia de Beade atopamos esta mesma forma noutros topónimos como **A Lavandeira Pequena** (terras en Saa, a continuación das Barxiñas, en dirección sur), o **Lugar dos Lavandeira** (propiedade privada en Babio, ao lado da encrucillada de Babio, na actual rúa de Ramiro Pascual, en dirección leste) e mais o **Camiño da Lavandeira** (carreiro que une a rúa do Caramuxo co camiño das Presas, na parte alta do Porto).

Polo uso do artigo masculino plural no nome do *Lugar dos Lavandeira* vemos que neste caso *Lavandeira* é un sobrenome ou un apelido da familia propietaria. Para o significado do substantivo *lugar*, véxase o apartado correspondente.

Legoa ► Lago, Lagoa

Leira, A

Leira é un dos termos comúns do galego para designar unha parcela cultivada. É unha palabra de orixe prerromana, que se rexistra como *larea* no latín dos documentos galegos medievais, probablemente de orixe céltica a partir dun étimo *PLAREA 'chan'. **A Leira Grande** e **A Leira Pequena** son dous campos de labradío no Caramuxo, no Porto. Tamén era coñecida como **A Leira** unha área onde se atopaba a antiga **Fonte da Leira**, nos terreos onde agora se asenta o novo hospital.

Liberal

Levan o nome de **A do Liberal** ou **A de Liberal** uns terreos edificados na rúa das Chabarras. Contén un sobrenome ou un alcume persoal, acaso relacionado coa opción política do propietario durante o período (no primeiro terzo do século XIX) que enfrontaba liberais contra absolutistas. Os termos *liberal, liberalismo*, estendidos logo a outras linguas, naceron na España dos tempos das Cortes de Cádiz de 1812.

Lobo ► Toba do lobo, A

Lodeiro, O

Eran coñecidas como **O Lodeiro** unhas terras en Babio, hoxe desaparecidas coa construción do cinto de circunvalación. *Lodeiro* pode ser o resultado do latín LUTARIUM, abundancial de LUTUM 'lodo, lama', e nese caso o topónimo designaría terras húmidas ou lamacentas, mais tamén cabe a posibilidade de que faga referencia á árbore de nome científico *Celtis australis*, tamén chamada en galego *lodeiro* ou *lodoeiro* (< latín *LOTANARIUM), entre outras denominacións.

Lombeiro ► 12. Lombeiro, O

Longas, As

O adxectivo galego *longo, longa* (< latín LONGUM, LONGAM) ten moita presenza na toponimia, e polo regular fai referencia ás formas da orografía ou das propiedades. En Beade, **As Longas** é unha denominación alternativa dos *Campos do Cacharelo*, terras situadas na estrema da parroquia, próximas ao centro de saúde de Matamá.

Loureiro, O

O nome galego do *loureiro* é un derivado de LAURUM, nome latino desta árbore. Ademais de **Porto Loureiro**, que aparece tradicionalmente nas demarcacións do territorio de Beade facendo estrema co de

Castrelos, pero que é propiamente un topónimo desta última parroquia, temos exemplos deste substantivo no nome do campo chamado **O Loureiro**, terras de labor ao final do camiño da Barxa de Arriba, en Babio, e mais **O Loureiro**, terreos edificados na rúa da Lagoa, a ambos os lados da rúa de Saa.

Lugar

Ademais do significado xenérico de 'sitio, localización', o substantivo *lugar* ten en moitas áreas de Galicia o significado de 'pequena entidade de poboación, aldea'. Pola contra, na fala e na toponimia de Beade, e en xeral en boa parte do territorio da diocese de Tui, *lugar* ten un uso específico para designar unha vivenda unifamiliar illada e as súas propiedades inmediatas pechadas sobre si: a casa, o eixido (*enxido* na fala local) con viñas ou árbores froiteiras, o curral e algunha construción auxiliar. Nos libros de apeos do convento de San Domingos de Pontevedra no século XIX hai varias referencias a un «Lugar de Bastián de Figueiró» entre as propiedades anexas ao *Foro do Carballo do Pazo*, en Beade. O significado que ten aí o termo *lugar* é o mesmo que en documentación cen anos anterior se explica como a «casa y quinteiro» en que vive o foreiro.

Recollemos este termo nos nomes do **Lugar de Agustín** ou do **Lugar dos Agustinachos** (no camiño da Barreira, na Gándara), o **Lugar da Meana** (campos de labradío na estrada da Coutada), o **Lugar dos Paradas** (propiedade edificada no camiño do Pombal, contén no seu nome un apelido de propietarios), o **Lugar de Abaixo** (propiedade na rúa do Lombeiro, na Pena), o **Lugar da Venda** (propiedade edificada no camiño das Campaceiras), o **Lugar do Crego** ou o **Lugar da Peteta** (propiedade edificada entre a rúa de Babio, o camiño de Rosalía e a rúa de Ramiro Pascual, en Babio), o **Lugar de Marta** (propiedade edificada en Babio, preto da anterior), o **Lugar dos Coquetas** (propiedade edificada entre a rúa de Ramiro Pascual, o camiño dos Carrexóns e o camiño de Rosalía, en Babio), o **Lugar da Bica** (propiedade na estrada da Venda, inmediata á primeira curva en dirección ao Porto), o **Lugar dos Cruceiros** (no camiño da Quinta, en Babio), o **Lugar dos Lavandeira** (propiedade privada en Babio, ao lado do cruce de Babio, na actual rúa de Ramiro Pascual, en dirección leste), o **Lugar do Monte** (área que abrangue un

conxunto de casas ao longo do camiño do Norberto, en Babio), o **Lugar de Dorindo o Terrible** (propiedade no camiño do Lombeiro, na Pena), o **Lugar de Matías** (na Pena, hoxe desaparecido) e o **Lugar do Ramón dos Pinos**, entre Babio e O Carballo do Pazo, no final da vía chamada Camiño do Ramón dos Pinos.

Manguela ► Rabela

Manota, Os de

Cremos que contén un sobrenome formado co adxectivo e co substantivo *manoto, manota* 'manco', derivado de *man*, o topónimo **Os de Manota**, nome dun campo de labradío entre a estrada da Coutada e o camiño da Barreira.

Marta

O **Lugar de Marta** é o nome unha propiedade edificada en Babio, no curruncho de casas que hai entre a rúa de Babio, o camiño de Rosalía e a rúa de Ramiro Pascual. Contén o antropónimo feminino *Marta*, que supoñemos o nome dunha propietaria.

Marcelo, Casmarcelo ► Casa

Marco Grande

O **Marco Grande** era unha pedra de demarcación situada na parte máis elevada de Beade, no Porto, que servía de referencia para o linde do monte de tres parroquias estremeiras: Beade, Bembrive e Zamáns. Atopábase antigamente a carón do depósito de auga de Beade, no actual campus universitario (Cuvi).

Marinasia

Este nome está presente en dous topónimos de Beade: **Marinasia** (terras de labor nas inmediacións do Seixo e de Saa) e o **Camiño de**

Marinasia (vía pública no mesmo lugar). Na rotulación viaria e na documentación municipal recente atopamos a presenza dun artigo vacilante para estes topónimos, **A Marinasia e camiño *ao* (sic) *Marinasia*, pero a tradición escrita recolle este topónimo sempre sen artigo. Nun testamento de hai máis dun século (1903), na enumeración de varias herdades en Beade lemos «un cuarto de ferrado (…) en donde dicen **la de Marinasia**», «…que llaman **la de Marinasia**», «el mismo sitio de **Marinacia**».

Esta última grafía, que corrixe o seseo da fala local, permite interpretar o topónimo como o nome feminino **María Ignacia**. Para sabermos quen puido ser esa muller que deixou memoria de si na toponimia de Beade, o propio nome pode axudarnos a establecer unha cronoloxía aproximada.

Ignacio, nome persoal de orixe hispana e incorporado ao repertorio onomástico latino, tivo emprego como nome masculino na península desde hai centos de anos, pero a súa época de maior difusión coincide cos momentos de máximo poder dos xesuítas entre os séculos XVII e XVIII. Durante ese período, o nome *Ignacio* pasa a situarse entre os nomes de home máis comúns, e tamén adquire significativa frecuencia de uso o correspondente feminino. Unha ollada ao libro do vecindario do Catastro de Ensenada de calquera parroquia abonda para advertir o común que era o nome feminino *Ignacia* a mediados do século XVIII. No último terzo dese século, non obstante, diminúe notablemente a imposición deses nomes aos bautizados, e aínda que o masculino sobreviviu e continuou tendo certa vixencia (no século XX habería de coñecer un novo incremento de uso), o correspondente feminino entrou en decadencia. As datas significativas que enmarcan a época en que estivo de moda o nome *Ignacia* son 1622, ano da canonización de Ignacio de Loyola polo papa Gregorio XV, e 1767, data de expulsión da Compañía de Xesús no reinado de Carlos III. Así pois, é moi probable que a muller chamada *María Ignacia* que deixou pegada na toponimia de Beade nacera no período comprendido entre esas datas.

Por outra parte, a ausencia dese topónimo nos libros do Catastro de Ensenada relativos á parroquia de Beade (1752) lévannos a reducir aínda máis o abano cronolóxico. Da documentación que se manexou para buscar mulleres chamadas *María Ignacia* en Beade nun período que ocupa a segunda metade do século XVIII e as primeiras décadas do XIX, as sospeitas recaen sobre unha monxa que andou por Beade e por Castrelos no mes de marzo de 1809, pouco antes dos sucesos que

referimos ao tratarmos o topónimo A Batalla. Chamábase *María Ignacia* Montenegro.

No libro titulado *Tierra de Fragoso*, José Espinosa, cronista de Vigo, ao referirse aos sucesos de marzo de 1809, coa toma da cidade polos franceses e a posterior liberación ou reconquista, dá noticia de que no *Libro de defuntos* de Castrelos se consigna a sepultura nesa parroquia de tres veciños de Beade, mortos polos franceses o día 28 de marzo. Mais no capítulo onde copia as tres anotacións dese *Libro de defuntos*, vemos unicamente dous enterramentos dese día. A terceira anotación (a primeira, en orde cronolóxica) corresponde a tres semanas antes e refírese á defunción e ao enterro de María Ignacia Montenegro. Polo texto da nota sabemos que a relixiosa abandonara o convento das Encerradas de Tui, fuxindo «de la fiereza de los franceses», para buscar refuxio en Castrelos, onde vivía a súa familia. As palabras de Espinosa, que falan de tres mortos, dan a entender que a monxa tamén foi asasinada polos franceses, pero no *Libro de defuntos* fálase sucintamente dun *accidente*. Semella verosímil que María Ignacia Montenegro padecera o seu *accidente* mortal no termo de Beade e que logo fora enterrada en Castrelos, pois alí residía temporalmente. Acaso tivo lugar ese *accidente* nas terras que hoxe levan o seu nome? As anotacións correspondentes aos outros dous defuntos reproducímolas ao falar do topónimo *A Batalla*. Velaquí a relativa a esa María Ignacia:

> En la iglesia parroquial de Santa María de Castrelos, el día seis de Marzo del año de mil ochocientos y nueve, yo Don Ramón Alvarez, Cura Párroco y Prior de ella, asistí a dar sepultura eclesiástica al cadáver de **doña María Ignacia Montenegro**, religiosa profesa del combento de Tuy, que se havia refugiado en esta parroquia **por oyr de la fiereza de los franceses**; recibió el Sacramento de la Extremaunción, no el de la Penitencia y Comunión, **por averse muerto de un accidente**; aistieron a su entierro treinta y ocho señores sacerdotes yncluso yo el párroco, y para que conste lo firmo. - Ramon Alvarez.

Aínda que existe certa tradición local que relaciona outro topónimo de Beade, *A Batalla*, cos sucesos de marzo de 1809, a documentación histórica obríganos a desmentir esa relación. Pero se, como supoñemos, a *María Ignacia* que deu nome á paraxe de *Marinasia* e ao *camiño de Marinasia* foi esta fidalga monxa que fuxiu do convento tudense por medo dos franceses e acabou morrendo dun *accidente* en Beade, xa temos aquí un topónimo relativo a aqueles días das *Proezas de Galicia*. A solemnidade dun enterro con nada menos que trinta e oito sacerdotes

era cousa ben extraordinaria, e non é de estrañar que deixara pegada na memoria das xentes e no nome dun lugar relacionado coa vida ou coa morte da súa protagonista.

Marzos

É escuro o segundo elemento do topónimo o **Camiño dos Marzos**, en Dornelas. Talvez se trate do plural dunha forma apocopada ou hipocorística do nome persoal *Marcelo*, que acaso se aplicou a terreos que eran propiedade do mesmo individuo que motivou o topónimo *Casmarcelo*, non moi distante do camiño dos Marzos, ou quizais se lles aplicou o sobrenome de *Os Marzos* aos fillos ou aos herdeiros dese Marcelo.

Mata

Mato e *Mata* son palabras de orixe prerromana que designaban o monte bravo ou o bosque. A forma feminina está presente no nome da veciña parroquia de *Matamá* e, precedida da preposición *so-, su-* (< latín SUB), no nome do **Camiño de Sumata**, no Facho.

Matías

O nome persoal *Matías* é de orixe hebrea. Como nome dun dos apóstolos, difundiuse co cristianismo e tivo entre nós un uso relativamente frecuente. Está presente en dous topónimos que designaban dúas realidades hoxe desaparecidas, onda o antigo campo de fútbol das Presas, na Pena: o **Lugar de Matías** e o **Muíño de Matías**.

Meana, A

Reciben o nome de **A Meana** ou o **Lugar da Meana** uns campos de labor na estrada da Coutada, na parte que baixa dende a encrucillada coa estrada dos Seixiños. Debe de tratarse dun feminino adxectival creado a partir dun sobrenome ou dun apelido *Meán* (< MEDIANUM), de xeito que *A Meana* viría sendo equivalente a 'A de Meán'.

Merla

Aínda que o feminino *merla* (< latín MERULAM) e o masculino *merlo* son denominacións dunha ave moi común, tamén é frecuente o emprego destes ornitónimos como alcumes ou sobrenomes persoais, polo que cremos que o nome **O Chan da Merla** (unha propiedade que estrema co camiño dos Barros e co actualmente chamado camiño de Dimadeus) non fai referencia á presenza desas aves no lugar, senón que contén un alcume ou un apelido de propietario, ben a partir dunha muller alcumada *A Merla*, ben como feminino adxectival dun sobrenome masculino (*A Merla* co valor de 'A do Merlo').

Menora ► Franciscanos

Mezquita, Mesquita

A Mezquita era o nome duns terreos, hoxe desaparecidos, á beira do tamén desaparecido camiño das Campaceiras, onde se edificou o novo hospital. Aínda que o Padre Sarmiento recolle *mezquita* ou *mesquita* como nome portugués da planta tamén chamada *xilbarda* ou *xilbarbeira*, o *Ruscus aculeatus*, non temos constancia do emprego desa denominación no galego destas áreas e debemos atribuírlle outra orixe a este topónimo. Quizais é unha recreación humorística dalgún topónimo precedente, acaso vinculado aos *mouros* das tradicións populares (que non son propiamente musulmáns, senón precristiáns, por iso se asocian aos monumentos megalíticos e aos restos arqueolóxicos prehistóricos) ou a algún propietario alcumado **Mouro**. Que non se rexistre no Catastro de Ensenada fainos considerar que é un topónimo relativamente recente.

Millada, A

Recibe o nome de **A Millada** unha propiedade edificada na área coñecida como Os Campos do Larín, no camiño do Larín, no Carballo do Pazo. O topónimo é un derivado de *millo*, probablemente co mesmo valor que ten en *pan millado* 'pan con millo', acaso porque se dedicou esa terra ao cultivo dese cereal. Refírese probablemente ao que hoxe coñecemos como *millo*, isto é, o *millo groso* ou *millo americano*, e non ao

millo tradicional ou *millo miúdo*, que na comarca recibía comunmente o nome de *paínzo*. Deste lugar toma o seu nome o **Camiño da Millada**.

Os informantes locais advirten que tradicionalmente era coñecida como **A Millada** ou **Camiño da Millada** a vía pública hoxe denominada Camiño da Batalla, mentres que o camiño que hoxe leva a placa de **Camiño da Millada** é propiamente coñecido como **O Realexo**.

Mellora, A

A Mellora (*A Millora* na fala local) é o nome dun campo da rúa de Saa, entre As Granxas e O Roupeiro. É probablemente un topónimo que fai referencia ás transmisións de propiedades, pois no dereito tradicional galego, a *mellora* son os bens que, ademais da lexítima, recibe en herdanza o fillo ou filla que queda na casa dos proxenitores.

Menora ▶ Franciscanos, Os

Mina

O substantivo común *mina* (< latín MINAM) na toponimia de Beade adoita designar a obra subterránea que capta a auga dun manancial. Está presente este substantivo nos topónimos **O Campo da Mina** (campo de labradío ao oeste do camiño da Brea) e **A Mina do Pumariño** (no camiño do Romeu).

Miragaia, A; Viragaia, A

Miragaia é un topónimo composto do verbo *mirar* e un antigo adxectivo de orixe provenzal *gaio, gaia* 'alegre', emparentado co verbo latino *gaudio* 'gozar, alegrarse'. Deste verbo deriva tamén o adxectivo *gaudiosus* 'alegre', cuxo resultado galego *gaioso* ten presenza entre nós como topónimo e como apelido. *Miragaia* significa, xa que logo, o mesmo ca *Vista Alegre*. *Miragaia* é un nome que se repite na toponimia de Galicia e de Portugal, e ten presenza relativamente común no val de Fragoso. Ademais do nome dunha vía urbana da cidade de Vigo, entre as rúas do

Areal e de Rosalía de Castro, houbo outra *Miragaia* en Pardavila, que acabou alterándose en *Miranaia* por efecto da proximidade de *Naia*, tal como explica Iván Sestay no seu estudo da toponimia de Lavadores.

Miragaia existe tamén como apelido, habitualmente con grafía castelá *Miragaya*, nos máis dos casos de orixe toponímica (coma o equivalente portugués, que ten un importante foco de irradiación na populosa freguesía de Miragaia, na cidade do Porto), mais tamén foi usado como sobrenome.

En Beade atopamos **A Viragaia** como nome dunhas propiedades no camiño da Galeota, no Porto, tamén chamadas A das Mortes. Segundo os informantes, tanto unha coma a outra denominación responden a alcumes ou a sobrenomes de propietarios. A alteración de *mira-* en *vira-* é un fenómeno fonético común, indicio de que o composto *Miragaia* xa non resultaba intelixible para os falantes, de xeito que calquera motivación, coma a eventual presenza dunha curva do camiño nese lugar, puido favorecer a atracción do verbo *virar*. A antiga *Miragaia* de Pardavila, antes de que se consolidase a alteración motivada por *Naia*, tamén tiña unha variante *Viragaia*, que é a que aparece rexistrada no Catastro de Ensenada, segundo informa Iván Sestay. O nome das terras chamadas con este nome no camiño da Galeota, en Beade, quizais teña a súa orixe remota nese lugar da parroquia de Lavadores, acaso porque a familia propietaria procedía de alí.

Talvez teña a mesma orixe (un sobrenome de propietario) o nome dos campos denominados **A Miragaia** ou **A Viragaia**, lindantes cos chamados A Lagoa, onda a fonte da Lagoa, en Abalde.

Moledo, O

O Moledo ou **Os Moledos** é o nome que recibía tradicionalmente a área de casas e de campos situada entre o camiño das Relfas, a Subida ás Relfas, o camiño da Cova e o tramo da rúa de Saa comprendido entre os dous primeiros camiños, isto é, na estrema con Sárdoma. **O Moledo de Arriba** localízase na parte máis elevada deste sector, no camiño que o divide de norte a sur cara á rúa de Saa. Conteñen o resultado galego do latín MOLLETUM, derivado de MOLLIS 'brando'. Dada a proximidade co núcleo de Moledo, na parroquia de Sárdoma, cabe pensar que estes topónimos de Beade puideron orixinarse por referencia aos seus pro-

pietarios, acaso veciños de Moledo, en Sárdoma, mais tamén podería tratarse de topónimos idénticos motivados por unha mesma realidade física: o carácter *brando* ou *mol* da constitución do terreo ou da súa vexetación, coma noutros topónimos *Moledo* ou *O Moledo* (media ducia de entidades de poboación con ese nome, todas na Galicia suroccidental). No Catastro de Ensenada atopamos referencias a estes lugares da parroquia de Beade como «Campo de Moledo», «sitio de Moledo».

Monte

Na toponimia de Beade o substantivo *monte* (< latín MONTEM) responde á acepción de 'terreo cuberto de vexetación espontánea como toxos, fentos, silvas, arbustos etc., que pode estar poboado de árbores' (DRAG), aínda que en ocasións a fisonomía actual dos espazos que designa xa non conserva nada do monte orixinario. Témolo nos topónimos **O Monte** (campos próximos á rúa de Ramiro Pascual, en Babio), o **Lugar do Monte** (área de vivendas e de terreos ao longo do camiño do Norberto, en Babio), o **Campo do Monte** (terras nas inmediacións do camiño de Fonas, tamén en Babio), as **Parcelas do Monte** (área de monte onda o camiño de Campaneiro), o **Camiño do Monte** (próximo á estrema con Castrelos), a **Presa do Monte** (na Gándara, nas terras denominadas Os Poulos) e **O Cocho do Monte Grande** (véxase Cocho). A estes temos que engadir o **Monte da Venda** (na Venda), o **Monte da Bica** (o outeiro onde se encontra o instituto de Beade), o **Monte do Corcho** (no camiño do Corcho, en Saa) e o **Monte do Gorgoso** (en Saa, na estrema con Sárdoma).

Morena, A

A Morena, a **Fonte da Morena**, os **Campos da Morena** e a **Casa da Morena**, situados nas inmediacións do camiño do Xestal, semellan conter un sobrenome ou un apelido. Aparentemente fan referencia a unha muller propietaria, pero podería tratarse, coma noutros exemplos da toponimia de Beade, dun feminino adxectival (a Morena = 'a de Moreno ou do Moreno'). *Moreno* é moi común como sobrenome e como apelido, que en orixe facía referencia á cor da pel ou do cabelo da persoa a quen se lle aplicaba.

Morrer, Morte, Mortos

O nome do **Camiño de Morre o Home** (/morroóme/), na Pena, coma outros topónimos semellantes, é probablemente de orixe anecdótica, suscitado por algunha morte accidental no lugar. Tamén ha de ter orixe anecdótica o nome do **Camiño da Vaca Morta**, na estrada dos Seixiños, no Facho. Cabería pensar así mesmo nunha orixe semellante para **A das Mortes** e o **Campo de Xunta á das Mortes**, denominacións alternativas de A Viragaia ou A Miragaia, aínda que os informantes identificaron *das Mortes* como un alcume ou sobrenome familiar dos propietarios.

A proximidade do topónimo a **Presa dos Mortos** ao lugar da Batalla (véxase este topónimo) suscitou na fantasía popular certas interpretacións relacionadas cunha suposta batalla na zona, pero outros informantes aseguran que o nome da presa está motivado pola súa proximidade ao cemiterio da igrexa parroquial, pois polo camiño inmediato pasaban os enterros.

Moscabeiriñas

Era coñecida como **Moscabeiriñas** unha coutada de monte situada no barrio do Porto, nos terreos ocupados na actualidade polo parque tecnolóxico. Este nome é un topónimo replicante doutro topónimo veciño, *Moscabeira* ou A *Moscabeira*, unha área de monte inmediata pero xa en territorio da parroquia de Valadares. *Moscabeira* é a denominación que recibe nalgunhas zonas de Galicia unha especie de mosca tamén chamada *mosca das bestas* ou *mosca de burro*, segundo o *Dicionario de Dicionarios*. Ten por nome científico *Hippobosca equina*. *Moscabeiriñas* é un diminutivo creado por referencia ao veciño *A Moscabeira*, e este responde probablemente á presenza ou á abundancia desas moscas no lugar.

Moucha, A

A Moucha é o nome dunhas terras en Quintián, no Porto; estreman co camiño do Gualdino e coas terras coñecidas como A Galiñeira. O

emprego de *moucho, moucha* como sobrenomes persoais é común en galego, polo que interpretamos o nome dese lugar como un topónimo de propietario. Puido referirse a unha posuidora alcumada *A Moucha* ou, máis probablemente, o emprego do feminino ten aquí valor adxectival, de xeito que *A Moucha* equivalería a 'A (propiedade) do Moucho'.

Mouráns

Reciben o nome de **As Mouráns** ou **Os Mouráns** unhas terras en Quintián, no encontro do río de Quintián coa autoestrada, na estrema con Valadares. Delas toma o seu nome o **Camiño das Mouráns** ou **dos Mouráns**. Mourán podería ser aquí un adxectivo de cor, derivado de *mouro, moura* 'escuro'.

Múa

O topónimo o **Camiño do Múa** (na rúa da Lagoa, en Saa), dado o uso do artigo masculino cun nome feminino, debe de conter un alcume ou un sobrenome de propietario. *Múa* é unha forma galega antiga de *mula*, o animal híbrido de asno e egua. *Múa* constituía o resultado regular en galego (latín MULAM > galego *múa*), con perda do L intervocálico coma en VOLARE > *voar* ou CANDELAM > *candea*.

Muíños

Os muíños tiveron no pasado unha relevante función na vida social e económica da parroquia, e algúns deles deixaron pegada na toponimia. O substantivo *muíño* (< latín MOLINUM) está presente nos seguintes topónimos, onde designaba o muíño propiamente dito, que nalgúns casos subsiste na actualidade, e a área en que se atopa: o **Muíño de Abalde**; o **Muíño de Acevedo** na Gándara; o **Muíño das Barallas** (son dous muíños na zona coñecida como As Barallas, en Babio, na estrema con Castrelos, e pódense ver dende a estrada de Clara

Campoamor); o **Muíño do Gorgoso**, en Saa; o **Muíño da Canóniga** en Babio, na estrema con Matamá (desapareceu hai uns anos coas obras do segundo cinto de circunvalación); o **Muíño da Cotarela** (son dous, situados na estrema entre Porto e Babio, no río da Barxa, recentemente restaurados; véxase 06. O Coto); o **Muíño da Cova** (en Abalde, na estrema con Bembrive e con Sárdoma); o **Muíño de Eifonso** (no río do mesmo nome); o **Muíño de Eixón**, en Saa (véxase Eigón), o **Muíño Novo**, na Gándara; o **Muíño do Muxo** e o **Muíño do Roxo** (onde os muíños propiamente ditos están na banda de Bembrive); o **Muíño da Pousada** (que sobrevive na confluencia do *vial* da Universidade e do camiño dos Cañotais); o **Muíño das Presas**, na Pena; os **Muíños de Babio** (*o Muíño de Arriba* e *o Muíño de Abaixo*), os **Muíños do Foxo** (no Porto, uns pertencen a Beade e outros a Valadares) e o **Muíño das Presas** (na Pena).

Ademais dos precedentes, conteñen este substantivo os topónimos **O Cocho do Muíño** (do camiño da Galeota ata a estrema de Valadares, no río de Quintián, onde aínda sobreviven as ruínas do vello muíño), as **Veigas do Muíño** e o **Camiño das Veigas do Muíño** (no mesmo río de Eifonso, en Beade e en Bembrive).

O derivado *muiñeiro*, a persoa que se ocupa do muíño, está presente no nome do **Camiño do Muiñeiro**, en Babio.

Naranxo, O

Na rotulación municipal actual aparece como «Camiño do Laranxo» o nome dun camiño no Carballo do Pazo. A xente do lugar infórmanos de que recibiu ese nome dunhas terras, hoxe propiedade privada edificada, coñecidas como **O Naranxo**, onde existe un nacedoiro de auga que quizais orixinou o topónimo.

A grafía con L- da rotulación oficial supón que o topónimo foi interpretado como relacionado coas *laranxas* e as *laranxeiras*, identificado co nome castelán da laranxeira, *naranjo*. Só a documentación antiga pode confirmar ese extremo, pois tamén podería tratarse dun topónimo prerromano dunha raíz hidrónímica NAR-, coma a de *Narón, Neira, Naraío* etc., e nese caso estaría motivado polo propio manancial a que fixemos referencia. No *Libro de afanegados de Beade* rexístrase este topónimo en 1844 coa forma *Naranjo*.

Negreira, O

É coñecido como a **Fonte do Negreira** un lavadoiro situado no camiño do Riomao, no barrio da Gándara. A discordancia entre o artigo masculino e a morfoloxía feminina de *Negreira* indícanos que estamos ante un topónimo de propietario formado cun sobrenome ou cun apelido. O apelido *Negreira* é de orixe toponímica; ten o seu foco de irradiación no actual concello de Negreira, na provincia da Coruña.

Nogueiras, As

As Nogueiras é o nome dun campo de labradío que se atopa baixando pola rúa da Lagoa, xusto a continuación da fonte da Lagoa, no barrio de Abalde. Fai referencia á presenza no lugar de exemplares de *nogueira* (< latín NUCARIAM), a árbore que dá noces. Xa aparecía no Catastro de Ensenada como «sitio das Nogueiras».

Norberto, O

O **Camiño do Norberto** é unha vía pública de Babio que une o camiño da Venda co camiño da Canicouva. Preto del existe o lavadoiro coñecido como a **Fonte do Norberto**. *Norberto* é un nome persoal de orixe xermánica, de uso infrecuente na onomástica galega tradicional anterior ao século XIX, polo que supoñemos que o topónimo é relativamente recente. A comezos dese século XIX tiña propiedades na parroquia de Beade un célebre personaxe da época, Norberto Velázquez Moreno, industrial vigués orixinario de La Rioja, mais non dispomos de información que nos permita relacionar con el estes topónimos.

Orxal, O

Segundo o Catastro de Ensenada, entre os grans con que se pagaban en especie algúns dos tributos ou das rendas de Beade menciónanse o trigo, o centeo, o millo miúdo ou paínzo, o millo groso e a cebada. Esta última, tamén chamada en galego *orxo* (< latín ORDEUM) deixou pegada na toponimia de Beade mediante un derivado co sufixo colectivo *-al*

(< latín -ALEM) no **Camiño do Orxal**, en Saa, que toma o seu nome dos campos coñecidos como **O Orxal** ou **Os Orxales**, situados entre ese camiño e o camiño da Lagoa, ao norte dos Toucelos. Atopamos estes mesmos topónimos documentados nese catastro do ano 1752: «sitio do Orjal», «situacion de el Orxal», «sitio del Orxal». O *orxo* constituíu un dos cultivos tradicionais da agricultura galega, e o seu nome ten notable presenza na toponimia de Galicia (o Nomenclátor de Galicia recolle cerca de vinte localidades chamadas *Orxal, Orxás, Orxeira* etc.).

Outeiro, O; Outón, O

Outeiro é un termo moi común na toponimia galega. Contén un derivado do adxectivo *alto* e designa montículos e elevacións do terreo. Na toponimia dalgunhas zonas de Galicia, *outeiro* adquiriu tamén un segundo significado específico para desginar prominencias pétreas. Así acontece na fala popular dos arredores rurais de Vigo, onde se emprega *outeiro* co significado de *pena* e *penedo*, en tanto que estes termos non sobreviven no léxico común. Calquera destes dous significados puido motivar os nomes de **O Outeiro** (monte en Saa, onde está situado o instituto de Beade), **O Outeiro** (área do barrio da Pena, entre os camiños de Morrohome e do Castañal), **O Outeiriño** (campos e área habitada arredor da actual rúa do Outeiriño, en Abalde), o **Camiño do Outeiriño** ou a **Rúa do Outeiriño** (vía pública en Abalde), o **Camiño do Outeiro**, en Saa (a vía que vai da rúa do Seixo ao Outeiro e ao instituto), o **Outeiro de Quintián**, tamén chamado **As Pedras do Outeiro** (orientadas de norte a sur na parte central do monte de Beade, entre a autoestrada e o camiño de Campaneiro; a metade das pedras que motivaron este topónimo desapareceron coa construción da autoestrada).

Tamén é un derivado de *alto*, ou máis propiamente do latín ALTU(M), o nome *Outón*. Na fala de Beade, esta forma tradicional **Outón** convive coas variantes *Oitón* e *Eitón*, que responden a fenómenos de disimilación vocálica, do mesmo xeito que no galego dalgunhas áreas o común *outeiro* presenta as variantes *oiteiro* e *eiteiro*. Conteñen este derivado *outón* e as súas variantes os topónimos a **Fonte do Outón** [Oitón ~ Eitón], hoxe aterrada, na rúa da Lagoa, en Abalde; as **Veigas do Outón** [Oitón ~ Eitón], campos próximos ao lugar onde estaba esa fonte; as **Presas do Outón** [Oitón ~ Eitón], presas de auga nas Veigas do Outón.

Padriño, O

O Padriño é o nome duns campos de labradío atravesados pola estrada do Porto, aproximadamente á altura do viaduto. É probablemente un alcume de propietario.

Palomar ▶ Pombal

Pancadas, As

Os dicionarios recollen un substantivo *pancada* co significado de 'golpe brusco dado coa man, co pé ou cun obxecto'. É un derivado de *panca* (< latín PALANCAM). Descoñecemos a motivación da súa aplicación toponímica ao campo denominado **As Pancadas**, terras de labor entre o monte do Gorgoso e as Cavadas, en Saa, moi preto da estrema coa parroquia de Sárdoma.

Palmira

O **Camiño de Palmira** é un ramal da rúa do Falcoído, no Porto. Contén un nome persoal feminino *Palmira*. Algúns informantes din este topónimo con artigo (*camiño da Palmira*), polo que tamén cabe a posibilidade de que o nome persoal que o motivou fose o correspondente masculino *Palmiro*, e entón o topónimo contería un feminino adxectival: *A Palmira = A de Palmiro*. Os nomes *Palmiro* e *Palmira* eran habituais en Italia desde a Idade Media, mais entre nós só comezou a difundirse o seu uso a partir do século XVII.

Paquete, A de

Unhas viñas no camiño das Barallas son coñecidas como **A de Paquete**. O mesmo topónimo **A de Paquete** designa tamén unha propiedade no camiño das Presiñas. Pola estrutura *a + de + nome* interpretamos que este topónimo contén un alcume de propietario. Podería ser o substantivo común *paquete*, mais tamén é verosímil que se crease

como derivado diminutivo co sufixo *-ete* a partir de *Paco*, hipocorístico ou variante familiar do nome persoal masculino *Francisco*.

Pardiñeiro, Pardiñeira

Recibe o nome de *As Pardiñeiras* unha área que foi de viñas e de campos de labradío, hoxe edificada e habitada, a ambos os lados do camiño da Pedra, en Abalde. *Pardiñeiro* é un nome común galego que designa os restos dunha construción arruinada, e procede do latín PAR(I)-ETINARIUM 'muros e ruínas de edificacións vellas'. A mediados do século XVIII rexistrámolo en masculino e en singular no *Real de Eclesiásticos* do Catastro de Ensenada: «O Pardiñeyro» (369, viña), «Os Pardiñeyros» (575, labradío).

Paricia, A ► Aparicia

Parede, Boca Da ► Boca

Pasales

Pasal é un derivado de *paso* (< latín PASSUM) que na toponimia adoita designar o lugar por onde un camiño salva un curso de auga mediante *poldras* ou pedras colocadas no seu leito, que permiten atravesalo sen mollarse. Na forma do plural *pasales* témolo en Beade nos topónimos **Pasales** (área habitada no barrio de Babio, próxima ao río de Babio ou das Barxas, onde debía estar situado o pasal que orixinou o topónimo) e **Camiño de Pasales** (vía pública na mesma localización, onda o río de Babio e a rúa das Chabarras).

Pascual ► Ramiro Pascual

Patelas, Pateiro, Patuco

Reciben o nome de **Patelas** unhas terras do monte de Beade, entre o segundo cinto de circunvalación e a rúa do Falcoído. *Patela* consta

nos dicionarios co significado de 'cesta ou caixa de bordo baixo, que utilizan as peixeiras para transportar e expoñer o peixe' (DRAG). Como vimos ao tratarmos do topónimo Dornelas, existen algúns termos que se empregan como nomes de recipientes ou nomes de embarcacións e que teñen uso na toponimia para referirse ás características orográficas dun lugar. Neste caso, o nome de Patelas posiblemente faría referencia á súa orografía de pequena chaira, en consonancia coas características do recipiente homónimo. Temos a mesma raíz e significados próximos no castelán *patera* 'certa embarcación de fondo plano'.

Cremos que contén un derivado da mesma raíz PAT- o segundo elemento de **A Chan do Pateiro**, tamén no monte de Beade. De ser así, estariamos ante unha formación tautolóxica ou redundante, dado que *Pateiro* significaría aproximadamente o mesmo ca *Chan*. Con todo, non podemos desbotar a posibilidade de que neste caso *Pateiro* sexa un alcume ou un sobrenome de propietario. O mesmo podemos dicir do *Patuco* dos topónimos o **Barranco de Patuco** e a **Fonte do Barranco de Patuco**.

Pazo, Pazos

Leva o nome de **Os Pazos** un terreo edificado e os campos contiguos, situados á beira das Barxas en Babio, fronte á nave da estrada de Clara Campoamor. O **Camiño dos Pazos** era o camiño de servizo que conducía a esa casa e a eses campos. Neste caso o topónimo non debe de vir motivado pola existencia de pazos no lugar, senón probablemente dun apelido de propietario. Na documentación anterior ao século XIX rexistramos reiteradamente en Beade o apelido *Pazo* ou *Do Pazo*.

O mesmo substantivo está presente no segundo elemento do topónimo composto **O Carballo do Pazo**. Neste caso cremos que si tivo orixe nun pazo ou nunha edificación principal.

Pedras, As; Pedra Cabalaria, A

O substantivo *pedra* (< latín PETRAM), o mesmo ca os seus derivados, é moi frecuente na toponimia. Xa vimos nas páxinas precedentes algúns dos topónimos de Beade que o conteñen, como o **Camiño das Pedras** (nome alternativo do camiño da Guardiana, que no rótulo municipal

figura erradamente como «Camiño da Pedra»), **O Covelo das Pedras** (véxase *Cova, Covelo*) ou **As Pedras do Outeiro** (véxase *Outeiro, Outón*). **A Pedra Rachada** é o nome dunha área de monte ao sur das Pedras do Outeiro, entre a rúa do Falcoído e o camiño de Campaneiro. Segundo os informantes debe o seu nome a que no pasado existía alí unha pedra partida, que talvez é a mesma que deu orixe a un topónimo **A Pedra Fendida** que se rexistra na documentación histórica da parroquia e que se atopaba próxima da paraxe denominada Fontefría.

A pedra coñecida como **A Pedra Cabalaria** está situada na parroquia de Bembrive, mais no monte de Beade tamén se lle aplican, por proximidade, os nomes de **A Cabalaria** ou **A Pedra Cabalaria** ao alto onde está situada a antena repetidora de sinal de telefonía. Un dos informantes referiu que, segundo a tradición local, nese lugar do monte de Beade existen unhas pedras dispostas en forma circular que corresponden a un antigo cemiterio romano. O mesmo informante fálanos de que na época da posguerra e do racionamento, as mulleres ían vender o aceite ao Porriño polo atallo que vai pola Pedra Cabalaria e baixa pola Pedra Rachada. O nome de *Cabalaria* é derivado de *cabalo*, pero non fai referencia a estes animais, senón a pedras superpostas, isto é, dispostas unhas *a cabalo* doutras. Ademais do máis frecuente *Pedra Cabalaria*, na documentación escrita dos séculos XVIII e XIX aparece este topónimo con outras variantes como P*edra Cabalar, Pedra Cabalgada* e *Pedra Cabalgar*, xunto co simple **A Cabalaria**.

Pedro, A de

A de Pedro é o nome dunhas propiedades no Pinal da Venda, á beira da Carpiza. É un topónimo transparente, co reiterado esquema *a + de + nome*. *Pedro* (< latín PETRUM) é un nome masculino da tradición cristiá, presente en numerosas advocacións parroquiais de Galicia (por exemplo, na de Sárdoma) e moi usado en todas as épocas.

Pedruco

O Pedruco, tamén coñecido como o **Pedruco da Costa da Gándara**, é o nome dunhas terras de labor por detrás da Devesiña, na Gándara.

Semella un derivado de *pedra*, quizais alteración dun antigo *Pedrouco*, nome relativamente común na toponimia galega, e nese caso faría referencia a algún penedo que existiu no lugar. Non obstante, *Pedruco* tamén podería ser un nome persoal derivado de *Pedro*.

Peixiña, A

A Peixiña é o nome dos terreos situados preto da estrada dos Seixiños, ao final do camiño dos Seixiños e por riba da zona denominada O Lago. Podería ser un exemplo máis de feminino creado a partir dun alcume ou dun sobrenome de posesor, aquí formado co diminutivo de *peixe* (< latín PISCEM). Nese caso, *A Peixiña* sería equivalente a 'A de Peixiño'.

Pena ► 13. Pena, A

Pepa Estévez ► Estévez

Pereiros, Os; Pereiriña, A

Estas formas, que na fala de Beade alternan coas variantes con síncope da vogal da sílaba inicial (*P'reiros, P'reiriña*) son particularmente abundantes na toponimia galega. A maior parte dos topónimos que as conteñen son derivados do latín PIRAM 'pera', e foron aplicados a lugares caracterizados pola presenza de calquera das variedades de árbores que dan *peras* ou *peros*. En ocasións, non obstante, conflúen con estas mesmas formas algúns derivados de PETRAM 'pedra' (coa mesma perda do D que vemos no nome persoal medieval *Pero*, variante de *Pedro*, da cal procede o apelido patronímico *Pérez* –e non **Pédrez*–), de xeito que non sempre estamos en condicións de coñecer con certeza a verdadeira orixe e o significado destes topónimos. O exame das características físicas de cada lugar pode facernos inclinar por unha explicación ou pola outra en cada un dos casos, sempre que o permitan as profundas transformacións que experimentou o medio físico de Beade nas últimas décadas. Temos estes nomes nos seguintes topónimos: **Os Pereiros** ou

Os Preiros (campos de labradío na rúa de Abalde), **As Pereiriñas** ou **As Preiriñas** (en fronte dos anteriores, do outro lado da rúa de Abalde ata a confluencia coa rúa da Lagoa), **A Pereiriña** (área ao sur da coñecida como Os Cañotais, en Babio, estremando coa recentemente bautizada como estrada de Clara Campoamor e mais co río de Babio) e o **Camiño da Pereiriña** (unha das transversais do camiño do Concello, entre Babio e O Carballo do Pazo).

Perica, A

A Perica (ou ben *A Pirica* e A *Pr'ica* na fonética local) é o nome dunha propiedade no camiño das Presiñas, en Babio. O substantivo *perica* designa en galego unha ovella nova. Coma outros nomes de animais, tivo e ten uso como sobrenome ou como alcume de persoa, polo regular a partir das connotacións de 'inquieta, espelida'. É moi probable que o topónimo *A Perica* proceda tamén dun uso de *perica* como alcume persoal ou familiar, e polo tanto sería un exemplo máis dos numerosos topónimos de propietario da toponimia de Beade.

Peteta

O **Lugar da Peteta** é unha denominación alternativa do *Lugar do Crego*, en Babio (véxase *Cura, Crego*). Temos que relacionar este topónimo co nome *da Costa da Peteta*, no linde da parroquia de Sárdoma con Bembrive, e mesmo é probable que o topónimo de Beade faga referencia a unha familia propietaria veciña ou orixinaria desoutro lugar. *Peteta* ten aparencia de alcume feminino ou de adxectivo formado a partir dun masculino *Petete*, que foi moi común no século XIX (popularizado porque así se chamou un célebre toureiro de mediados dese século XIX; véxase tamén *Frascuelo*). Dada a particular orografía da *Costa da Peteta* entre Sárdoma e Bembrive, tamén cabe pensar nunha forma emparentada co adxectivo *peto, peta* 'en pendente pronunciada', e as locucións *a peto, ao peto* 'costa arriba', e *de peto* 'de punta, moi pendente' (Elixio Rivas en DdD). No concello lugués de Friol, parroquia de Xiá, hai tamén unha aldea denominada *A Peteta*.

Piñeiro, Pino, Pinal

Piñeiro é o nome tradicional galego da árbore denominada *pino* en castelán. Os piñeiros de repoboación, empregados desde o século XVIII na reforestación dos montes e doutros espazos, divulgaron en Galicia o castelanismo *pino*, de xeito que ambos os nomes conviven na actualidade na fala. Teñen relación con estas árbores os topónimos **As Piñeiras** (campos e arboredos por detras da Boavista, na Pena), que contén ou ben un feminino con valor colectivo ('lugar poboado de piñeiros') ou ben un derivado de *piña* (tradicionalmente empregada como combustible). O castelanismo *pino* está presente en **Os do Pino** (conxunto de campos e de casas entre a Volta do Can Grande e o camiño do Muiñeiro, en Babio) e no nome persoal Ramón dos Pinos, que motivou tres topónimos entre Babio e O Carballo do Pazo: o **Lugar do Ramón dos Pinos**, o **Camiño do Ramón dos Pinos** e a **Canicouva do Ramón dos Pinos.**

Pío

Os topónimos **A do Pío**, **O Pío de Acá** e **O Pío de Alá** son nomes dunha área de casas e de terreos no ángulo que forman o camiño da Mangueliña e o camiño do Gualdino, no Porto. Poderían ter relación cun nome persoal *Pío* (< do latín PIUM 'piadoso'), popularizado por ser o nome de varios pontífices de Roma, mais tamén é probable que faga referencia á presenza no lugar dun *pilón* ou *pío* (< latín PILUM) para conter auga ou, máis problemente, a un *pío* da industria artesanal da pel, pois *píos* eran os lugares onde se empozaban as peles, con casca de piñeiro (*pío de casca*) ou con cal (*pío de cal*) para eliminar delas os residuos orgánicos e proceder ao seu curtido. Coma o topónimo *Os Pelames*, de Bembrive, sería un vestixio da presenza destas industrias na zona.

Pirica ► Perica

Pisas, A de

A de Pisas é unha propiedade edificada no camiño das Presiñas, en Babio. Igual ca noutros topónimos que presentan a mesma estrutura

(*a* + *de* + *nome*), *Pisas* é probablemente un alcume de propietario, quizais relacionado co verbo *pisar*. No cultivo tradicional dos castiñeiros, denominábase *pisa* o labor agrícola que viña despois de abalar ou varear as árbores, consistente en *pisar* os ourizos para extraerlles as castañas, mais non sabemos se foi esa a motivación do sobrenome.

Pombal, O

O Pombal é na actualidade unha área de monte entre a rúa do Lombeiro e o camiño da Boavista. Tamén recibe oficialmente o nome de **Camiño do Pombal** unha vía que parte da encrucillada que forman a estrada dos Seixiños e a rúa do Castañal. A veciñanza infórmanos de que esa denominación é recente, pois antes esa área era coñecida como *O Seixo*.

Co substantivo en castelán, o topónimo **O Palomar** dá nome a unha casa e aos seus extensos terreos no barrio da Coutada, tamén coñecidos por *Os Rubiños* polo apelido ou o sobrenome da familia propietaria. A primeira destas denominacións fai referencia a un pombal (construción destinada á crianza de pombas) existente no interior desa propiedade. *Pombal* é o resultado galego do latín PALUMBALEM, derivado de *palumba* 'pomba'.

O Pombal é tamén o nome dunhas terras de labradío, hoxe en parte edificadas, ao final do camiño do Xestal, na estrema da Gándara coa Coutada.

Pomar ► Pumar

Ponte

O substantivo ponte (< latín PONTEM) está presente no topónimo a **Ponte de Abalde** («da Balde» erradamente na rotulación) ou a **Ponte de Eifonso**, a ponte que cruza o río de Eifonso, na estrema entre Beade e Bembrive. Como vimos ao tratarmos do topónimo *Eifonso*, na autoestrada tamén leva o rótulo de «Ponte do Río Eifonso» o viaduto que supera o estreito val por onde discorre o curso alto deste río.

Porta, Portaleira, Portelo, Porto ► 14. Porto, O

Poula, Poulo ► 15. Pouleira, A

Pousa, A; Pousada, A

O **Camiño da Pousa**, que ten o nome alternativo do *camiño da Canalla*, é un ramal da rúa do Falcoído, no Porto. **A Pousa** é o nome duns campos entre este camiño e o camiño de Palmira. Os dicionarios definen *pousa* (< do latín PAUSAM) como 'casa de campo', e especificamente como 'segunda residencia de alguén que vive na cidade', igual ca a que orixinou o topónimo *A Pousa do Bispo*, a algúns quilómetros de Tui. Na toponimia, adoitan empregarse tamén *pousa* ou os seus derivados (*Pousadoiro, Pousadouro*) e compostos (*Pousafoles*) como topónimos viarios para designar relanzos onde o camiño é menos costento ou a aba fai unha *pausa*. Non sabemos cal das dúas motivacións puido orixinar o topónimo, e aínda cabe a terceira posibilidade de que aquí *Pousa* sexa un apelido de propietario, como sucede en tantos outros microtopónimos da parroquia. No Castastro de Ensenada (1752) rexístrase en toda a parroquia de Beade unha única casa de campo: «... que el vecindario de que se compone la nominada Feligresia (...) ascendra [*sic*] a ciento sesenta y un Vecinos y en el termino tiene una casa de campo y granja Don Juaquin Boubeta, vecino de Vigo».

Pertence á mesma familia léxica de *pousa* o substantivo *pousada* (< latín PAUSATAM), presente no nome do **Muíño da Pousada** (véxase *Muíños*). Como non temos constancia de ningunha *pousada* nas inmediacións, e rexistramos na documentación histórica de Beade o apelido *Pousada* e a súa variante castelanizada *Posada*, ademais dunha *Casa de Posada* en 1844, segundo o *Libro de afanegados de Beade*, é probable que o nome do muíño conteña un apelido de propietario, polo que a forma antiga sería *Muíño* de (e non *da*) *Pousada*.

Pozo

Os Pociños era a denominación de dous canos de auga no actual camiño do Xestal, que deron nome aos campos inmediatos, coñecidos tamén como **Os Pociños**. É un diminutivo plural do nome común pozo (< latín PUTEUM).

Presa ▶ 16. Presas, As

Priscallos, Os

Leva o nome de **Os Priscallos** unha propiedade edificada no camiño de Fonas, en Babio, estremando coa paraxe denominada A Flora da Quinta. Descoñecemos a orixe e o significado do nome *Priscallos*. Quizais é un derivado de *pedra* ou do seu derivado *pedrisco*, a partir dunha forma **Pedriscallos* > *Priscallos*, e faría referencia á presenza de pedras miúdas no terreo.

Pumar

Pumar ou *pomar* é un derivado do latín POMA 'mazá', e designa un terreo plantado de árbores froiteiras, principalmente maceiras. Na toponimia de Beade recollemos este substantivo nos topónimos **O Pumariño** (terreos edificados no final do camiño do Romeo, no Carballo do Pazo), a **Presa do Pumariño** (presa de auga ao pé dos terreos precedentes) e a **Mina do Pumariño** (manancial no mesmo lugar).

Na fala convive a forma *Pumariño* cunha variante *Plumariño, Pulmariño*. Interpretámola como unha alteración popular, talvez influenciada polo nome común *pluma* ou calquera outra razón, o que nos indica que a xente xa non recoñece a palabra. Temos constancia da presenza dun apelido toponímico *Pumares* en Beade nos séculos XVIII e XIX, polo que non podemos desbotar a posibilidade de que a motivación do topónimo fose o apelido da familia propietaria.

Quinta, A

O significado do substantivo *quinta* é practicamente o mesmo que vimos para *pousa* 'residencia de recreo no campo'. En orixe é un numeral derivado de *cinco*, posiblemente por referencia ás propiedades rurais que pagaban de renda ou de foro a quinta parte da produción agrícola. Está presente na toponimia de Beade nos topónimos **A Quinta** (propiedade privada próxima á estrada da Coutada e ao camiño de Alén), a **Fonte da Quinta** (no mesmo lugar da anterior), o **Camiño da**

Quinta (en Babio, tradicionalmente coñecido como *camiño dos Cruceiros*) e **A Flora da Quinta** (no camiño de Fonas, en Babio). Este último semella conter un nome persoal de propietaria, onde o primeiro elemento é o antropónimo feminino *Flora*.

Quintián ► 17. Quintián

Quintianciño ► 17. Quintián

Quirincosta, A

A Quirincosta é o nome duns terreos no barrio da Pena, entre a rúa da Alza e o camiño do Lombeiro. O **Camiño da Quirincosta** é a denominación tradicional do carreiro que comunica o camiño da Pena coa rúa do Castañal, e que na rotulación oficial consta co mesmo nome de Camiño da Pena. *Quirincosta* é unha variante popular, característica do galego suroccidental, de *congostra* (< latín CO-ANGUSTAM) 'camiño estreito entre valados ou paredes', formado a partir do adxectivo latino ANGUSTUM 'estreito'. Na alteración de *Congostra* en *Quirincosta* conflúen varios fenómenos fonéticos. Co paso de G en K tras nasal, propio das áreas de gheada (como en d*ominko, ninkén, Mankelas*, por *domingo, ninguén, Manguelas*) e a metátese de R, que pasa á sílaba anterior (coma en *probe, craba*, por *pobre, cabra*), o resultado sería **Cronkosta*, e desde aquí, por disimilación vocálica resulta **Crinkosta*, para engadir finalmente unha vogal anaptítica no grupo KR- inicial (coma en **birisca* por brisca, *Quiristo* por Cristo).

Rabela, Manguela, Ardemáns

Ao falarmos do substantivo *cocho* comentamos que designaba pequenos terreos cultivados. Outros topónimos que fan referencia á reducida dimensión das parcelas labrantías son os que tratamos neste apartado, polo común aplicados en orixe a propiedades estreitas e alongadas.

Rabo aparece nos dicionarios cos significados, entre outros, de 'apéndice caudal dun animal', 'mango' e 'por extensión, calquera cousa

alongada situada nun extremo doutra'. O seu derivado *rabela* é o nome da 'parte posterior alongada do arado, onde apoia a man o labrador'. En sentido figurado, *rabo* ou *rabela* aplícanse na toponimia a propiedades longas e estreitas. Temos esta última forma en **As Rabelas**, nome dunhas terras de labor próximas ao sitio de Dimadeus.

No Catastro de Ensenada aparece este topónimo en singular: «labradío en la Rabela», «sitio de la Rabela», «situacion de Rabela», «en la Rabela», «da Ravela».

Como o apelido ou o sobrenome *Rabelo* se documenta en Vigo e arredores polo menos desde o século XVII, non podemos desbotar a posibilidade de que o topónimo **A Rabela** se orixinase a partir dun sobrenome ou dun apelido de propietario, e nese caso sería seguramente un feminino en función adxectiva equivalente a 'A de Rabelo'.

Os substantivos *mango* e *manga* proceden do latín MANICUM, MANICAM, que á súa vez derivan de MANUM 'man'. O *mango* dunha ferramenta é a parte alongada por onde a colle a man humana, e nesa acepción e outras semellantes ten como sinónimo o substantivo *rabo*, como vimos. Na toponimia, *mango* e *manga* e as súas formas correspondentes noutras linguas románicas designan en orixe accidentes xeográficos alongados e estreitos, tanto en terra coma no mar (pénsese na *Manga do Mar Menor,* en Murcia, ou no que en francés se chama *Canal de la Manche*, adaptado como «da Mancha» cando en rigor en francés significa «da Manga»). Na fala de Vigo, coma noutras zonas do galego occidental que presentan gheada na fala, o G pode enxordecerse despois de N (coma en *lonco, dominco* por *longo, domingo*), de aí que os topónimos *Manga*, *Manguela* presenten por veces na fala a variante *Manca, Manquela*. Está presente esta última forma, que constitúe un diminutivo de *manga*, en **As Manguelas** (terras de labor próximas a Quintián, hoxe zona industrial), **A Manguela** ou **As Manguelas** (terras de labor próximas ás Relfas, na estrema con Sárdoma), **A Mangueliña** (terras de labor, tamén en Quintián), **Camiño da Mangueliña** (vía pública no mesmo lugar do anterior). O primeiro destes topónimos aparece documentado en singular no Catastro de Ensenada: «A Manguela», «sitio de Manguela», «sitio da Manguela», «en Manguela».

O terceiro dos nomes que dan título a este apartado, *Ardemáns*, é aparentemente un topónimo escuro. Está presente en **Ardemán** (terras de labor próximas á estrema da parroquia con Sárdoma e con Bembrive, aproximadamente no ángulo que forma o camiño da Brea co camiño da Barxiña). Na fala convive a denominación **Ardemán** coas variantes **Eira**

de Man e **Ardemáns**. A documentación do século XVIII dános a clave para interpretar estes nomes. Coma moitos outros topónimos que denominan terras cultivadas, o plural *Ardemáns* usado na actualidade é recente, pois a forma tradicional era en singular. No Catastro de Ensenada atopámolo con diversas formas, algunhas das cales amosan que xa non resultaba transparente para moitos veciños: «en Arademán», «sitio de Ardemán», «sitio do arado de man», «de arado de man», «otra tierra en donde dizen Arado de man». Estas últimas formas fannos interpretar o topónimo como unha denominación motivada pola forma das propiedades, que na práctica ou en sentido figurado eran tan estreitas que para labralas sería necesario empregar *arado de man*, pois un arado levado por xugada de bois non cabería nelas. A forma *Eira de Man* con que denominan o lugar algúns dos informantes obedece a unha reinterpretación do topónimo.

Ramiro Pascual

A diferenza doutros nomes persoais que quedaron fixados na toponimia de Beade como antropotopónimos tradicionais, derivados do nome de antigos posuidores ou usuarios das propiedades agrícolas e acuñados anonimamente pola comunidade ao longo de décadas e de séculos, o nome da rúa de Ramiro Pascual procede dun acto administrativo e constitúe un exemplo do que se denomina *toponimia conmemorativa*. A pesar de que os organismos internacionais que se ocupan da toponimia e do patrimonio cultural (o Grupo de Expertos de Nacións Unidas para os Nomes Xeográficos e mais a Unesco) desaconsellan esta clase de toponimia, especialmente cando se superpón a denominacións tradicionais, na actualidade é a que predomina nos nomes das vías públicas urbanas. Ramiro Pascual Lorenzo, enxeñeiro de obras públicas, foi un dos deseñadores da rede viaria de Vigo e da expansión urbana da cidade nas primeiras décadas do século XX, e tamén un dos artífices dos tranvías vigueses.

Rialexo, O

O **Camiño do Rialexo** («Camiño Realexo» na placa municipal) é na actualidade o nome dunha pequena rúa situada no inicio da estrada do

Porto, a escasa distancia da súa confluecia coa rúa de Ramiro Pascual. Propiamente tomou o seu nome dunha área situada algo máis ao leste, chamada **O Rialexo**, onde daba nome ao **Camiño do Rialexo**, denominación popular do que hoxe se coñece como *camiño da Millada* («Camiño Millada» na placa). O nome *Rialexo* semella conter un derivado do substantivo galego *rial* (< RIGALEM) 'condución de auga para o rego', e podería ter relación co aproveitamento dun nacedoiro de auga situado a curta distancia nas inmediacións, no camiño do Laranxo (véxase *Naranxo*), mais tamén puido formarse a partir do nome dun propietario apelidado **Rial**, pois este é un apelido relativamente frecuente na zona e documentado desde hai séculos na parroquia de Beade. O apelido *Rial* na área de Vigo ten o seu foco de expansión orixinario na aldea chamada *O Rial*, na parroquia de Santo André de Comesaña.

Ramiso, O ► Canteira

Recapilla, A

A Recapilla é o nome dunhas terras en Quintián, no ángulo entre o camiño do Gualdino e o camiño das Mouráns. O topónimo semella formado sobre o castelán *capilla* 'capela', quizais en referencia á posicion relativa do lugar, situado no pé do monte que o separa da capela de San Cibrán. Tamén podería ser nome aplicado a propiedades cuxo produto ou renda estaban destinados a algunha capela ou fundación relixiosa. En tanto non dispoñamos de máis información debemos consideralo un topónimo de orixe e de significado escuros.

Redonda, A

É coñecida como **A Redonda** unha propiedade na rúa de Saa, na área denominada As Breas. Contén o adxectivo galego *redonda*, procedente do latín ROTUNDAM, un derivado de ROTA 'roda'. Quizais deba este nome á súa forma máis ou menos circular, mais tamén é posible que proceda dun apelido ou dun sobrenome *Redondo* (A Redonda = A de Redondo), coma en tantos outros nomes de propiedades rústicas na parroquia.

Rego, Rega, Regato, Regueiro

Rego é un substantivo común en galego que cos seus derivados e compostos ten abundante presenza na toponimia. É un hidrónimo que designa pequenos cursos fluviais ou conducións de auga debidas á man humana. Este nome ten orixe probablemente céltica (*REKU), mais na práctica confluíu cos derivados do verbo latino RIGARE > gal. *regar*. Témolo precedido da preposición *so-* (< latín SUB) no topónimo *Sorrego* (que propiamente significa 'por debaixo do rego, na parte de abaixo do rego'), presente na **Presa do Sorrego**, situada nas Cerqueiras, que servía para regar os campos tamén chamados **Sorrego** ou **Os Sorregos**.

Un feminino **A Rega** dá nome a unha área do monte comunal de Beade, ao sueste das Pedras do Outeiro. Toma o seu nome do regueiro que baixa por ese zona.

Son tamén derivados de *rego* os substantivos *regato* e *regueiro*, presentes asemade na toponimia de Beade para denominar correntes fluviais. O primeiro témolo nos seguintes hidrónimos: o **Regato do Caramuxo** (no Porto), o **Regato do Chouso** (atravesa os Campos da Pousa, no Porto), o **Regato de Fontefría** (no monte de Beade) e o **Regato do Riomao** (véxase Riomao).

O derivado *regueiro* está presente no topónimo **O Regueiro**, denominación dun campo na rúa de Saa, entre As Granxas e o Roupeiro. **O Regueiro de Abaixo** é o nome dunha propiedade por debaixo do aparcadoiro que hai diante do edificio da asociación de veciños, na Coutada, por onde pasa un pequeno regato tamén denominado **O Regueiro de Abaixo**. O diminutivo **Regueiriños** dá nome a unhas terras de monte próximas á Casa de Campaneiro, no Porto. O camiño da Cachada, na Pena, ten tamén a denominación alternativa de **Camiño dos Regueiriños**.

Para o nome doutras correntes de auga, véxase máis adiante *Ríos*.

Relfas

As Relfas é o nome dun dos núcleos tradicionais da veciña parroquia de Sárdoma, á cal fan referencia os topónimos de Beade que conteñen este nome (**Camiño das Relfas** ou **Camiño ás Relfas** e **Subida ás Relfas**). As Relfas é topónimo de orixe e de significado escuros. Tense vinculado

co portugués *relva*, un termo derivado do verbo *relvar* (< latín RELEVARE, usado co significado de 'deixar a poula un campo, deixar a barbeito'). Os dicionarios desa lingua definen *relva* como «vegetação espontânea que serve de pasto ao gado ou que se colhe para o alimentar». A explicación de *As Relfas* a partir desta etimoloxía é verosímil, mais presenta dificultades fonéticas, pois o esperable en galego sería tamén *relva* e non coa consoante *-f-* que ten o topónimo.

Resteba, A

A Resteba é o nome dunha propiedade alongada no camiño das Barallas, en Babio. Contén o substantivo común galego *resteba* ou *restreba* 'segunda colleita anual dun terreo cultivado', 'terreo que se volve arar tras a primeira colleita para dedicalo a unha segunda'. No século XVIII, o Padre Sarmiento definía así esta palabra no seu *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*: «Resteba. Significa la segunda sementera. En Pontevedra, después de haber cogido el trigo o centeno, se ara y se siembra o maíz o mijo menudo o panizo u otro fruto, en la misma tierra». O propio Sarmiento suxire unha etimoloxía de *resteba*: «Acaso porque la *esteba* o arado vuelve».

Ribas, As

As Ribas é un conxunto de campos de labradío por debaixo dos Campos do Medio, entre A Coutada e Abalde. **As Ribas de Arriba** están ao sur, mentres que **As Ribas de Abaixo** se sitúan máis ao norte. **As Ribas** é tamén o nome dunhas propiedades ao oeste do camiño do Cu da Viña, entre As Guinchoeiras e As Cavadiñas. Estes topónimos conteñen o substantivo *riba* (< latín RIPAM 'ribeira'), quizais motivado pola situación destes campos a ambos os lados do rego dos Borralleiros, mais *Ribas* (*Rivas*) tamén podería ser un apelido de propietario.

Renco

O **Campo do Renco** é o nome dun terreo edificado na rúa da Cavada, nas inmediacións da curva máis pronunciada desta vía, coñecido tamén

como *A Coutadiña*. Contén o adxectivo galego *rengo* 'coxo, [persoa ou animal] que coxea'. A alteración de G en K tras nasal (*Rengo~Renco*) é paralela da que vimos en *Manguelas~Manquelas*, fenómeno fonético propio das áreas de gheada. Debe de tratarse dun exemplo máis de topónimo formado a partir dun alcume de propietario.

Rica, A

O segundo elemento do topónimo **O Cano da Rica** (véxase *cano*) é moi probablemente un alcume de propietaria, formado a partir do adxectivo común *rica* ou acaso como flexión feminina dun apelido *Rico* (A Rica = A de Rico ou A do Rico).

Ríos

Velaquí unha enumeración dos topónimos de Beade que conteñen o substantivo xenérico *río* (< latín RIVUM). Para a etimoloxía do nome específico, remitimos á entrada correspondente: **Río de Babio**, **Río da Barxa**, **Río de Eifonso**, **Río de Abalde**, **Río do Foxo**, **Río de San Cibrán**, **Río Lagares** (río Sárdoma). Unha casa e os seus terreos situados no camiño dos Cañotais, por riba dos muíños de Babio, recibe o nome de **Ao Lado do Río de Babio**, segundo os seus propietarios. A área chamada As Barxas, na Costa da Gándara, é coñecida tamén como **O Río**.

Para **Riomao**, véxase o apartado seguinte. Para os nomes doutros cursos fluviais, véxase *Rego, Rega, Regato, Regueiro*.

Riomao

Na toponimia galega existen numerosos exemplos de ríos denominados *Mao*. Os máis deles conteñen no seu nome o resultado dun hidrónimo de orixe prerromana que rexistramos como *omanum* ou *omano* no latín da documentación medieval, empregado como nome común para designar un curso fluvial: «per pinna que dicitur Burgaria et per archam et deinde **in omano** qui discurrit de Verduzedo et **ubi ipse omano in alio omano intrat**» ('pola pena chamada Burgaria e pola Arca

e desde alí polo *omano* que discorre desde Verducedo e ata onde ese *omano* entra no outro *omano*').

En Vigo, o resultado dun antigo RIVUM OMANUM sería *Riomán*, mais a interpretación do segundo elemento do topónimo como o adxectivo *mao, mau* 'malo' foi o que provocou o resultado actual *Riomao*. Na fala local o topónimo rexístrase indistintamente con artigo e sen el (*Riomao, O Riomao*). No territorio de Beade está presente este nome nos seguintes topónimos do barrio da Gándara, na estrema coa parroquia de Bembrive: a **Fonte do Riomao**, o **Regato do Riomao**, o **Lavadouro do Riomao** e mais o **Camiño do Riomao**. Responden á mesma motivación os nomes das entidades de poboación chamadas **(O) Riomao** nas parroquias de Lavadores e de Cabral.

Romeu, O

O Romeu é un nome dunha área habitada próxima á Coutada, onde unha vía pública recibe oficialmente o nome de **Camiño do Romeu**.

En galego *romeu* ten dúas acepcións. Por unha banda é nome dunha planta aromática de flores azuis (*Rosmarinus officinalis*); por outra, é equivalente a 'romeiro, peregrino'. Con este último valor, e empregado como sobrenome, acabou consolidándose como apelido coas formas *Romeu* ou *Romeo*, con frecuencia castelanizadas en *Romero*. En Vigo e arredores, non obstante, eses apelidos teñen maioritariamente orixe toponímica, e proceden da localidade da parroquia de Coruxo chamada *O Romeu*, de aí que na documentación antiga aparezan sempre precedidos de preposición «Fulano do Romeu». O topónimo *O Romeu* de Beade non se rexistra no Catastro de Ensenada (1752), polo que deducimos que probablemente non existía daquela e naceu máis tarde, por referencia a un propietario coñecido polo sobrenome ou polo apelido de *Romeu* ou *Do Romeu*, oriúndo do mencionado lugar de Coruxo.

Roupeiro, O

Existiu na Alta Idade Media un nome persoal *Rauparius*, de orixe xermánica, que tivo uso relativamente frecuente en Galicia. Na

documentación do século X é un nome habitual, mais no XI xa caeu en desuso (a última persoa chamada *Rauparius* que recolle o Codolga está nun documento de Celanova do ano 1031), polo que os topónimos formados a partir dese nome podemos datalos con anterioridade ao ano 1000, aproximadamente. O Nomenclátor de Galicia recolle media ducia de entidades de poboación cun nome derivado deste nome persoal *Rauparius*, que presentan a mesma forma do nome (*Roupeiro*, *O Roupeiro*) ou ben o resultado do seu xenitivo en latín, coma no nome da parroquia de *Roupar* (< RAUPARII), no concello lugués de Xermade. Na parroquia viguesa de Matamá hai outro lugar chamado *O Roupeiro*, e tamén había na parroquia de Santiago de Vigo unha aldea así chamada, hoxe integrada na zona urbana, onde se mantén o topónimo como nome dunha rúa.

En Beade está presente nos nomes de dous lugares que en realidade constitúen un único topónimo: **O Roupeiro** (núcleo habitado na rúa de Saa) e o **Camiño do Roupeiro** (vía pública no mesmo lugar).

Algúns autores teñen defendido para todos ou algúns dos topónimos *Roupeiro* e *O Roupeiro* un significado equivalente ao de 'xastre', co argumento de que os que levan artigo (*O Roupeiro*, e non *Roupeiro* simplemente) deben de ser nomes comúns. Pero o uso do artigo con nomes propios de persoa é habitual en galego, e ese uso tamén se reflicte na toponimia (pénsese por exemplo no nome do concello da Gudiña, que leva artigo e está formado por un nome persoal feminino *Gudiña* < GOTINA), e ademais algúns dos lugares chamados *O Roupeiro* na actualidade atopámolos documentados no latín medieval como *Villa de Raupario*. En calquera caso, na súa orixe remota, a raíz ou o primeiro elemento do nome persoal *Rauparius* tamén está emparentada co substantivo *roupa*, que é así mesmo de orixe xermánica.

Rúa

Fóra do nome do **Camiño da Costa da Rúa**, á beira da igrexa e do cemiterio parroquiais, o substantivo común *rúa* só ten presenza na toponimia de Beade como nome xenérico ou primeiro elemento dunha serie de vías públicas máis anchas ca as consideradas oficialmente *camiños*. Velaquí a relación de rúas da parroquia do rueiro ou da guía viaria elaborada pola asociación de veciños: *rúa [da] Alza, rúa [da]*

Costa da Gándara, rúa da Cavada, rúa da Lagoa, rúa da Pouleira, rúa das Chabarras, rúa das Sueiras, rúa de Abalde, rúa de Ramiro Pascual, rúa de Saa, rúa de Saa do Monte, rúa do Castañal, rúa do Coto, rúa do Laranxo, rúa do Lombeiro, rúa do Seixo.

Sa, Saa ► 18. Saa

Sabel

O nome persoal feminino **Sabel** (*Sabela*, *Isabel*) está presente na toponimia de Beade no **Lugar da Tía Sabel**, área situada onda o grupo de casas chamado *A dos Barros*, no camiño dos Barros. É un topónimo de propietaria. O substantivo *tía* de que vai precedido era un tratamento popular de respecto para mulleres casadas.

Sanchavella, A

A Sanchavella é un terreo, na actualidade de monte, no Seixo, en Saa, a carón da hoxe chamada Canteira de Ramiso. Se non se trata dunha alteración dun primitivo *sacha vella* (cun primeiro elemento *sacha* 'cavada, cachada'), é probablemente un topónimo de propietario, pois semella conter o nome persoal *Sancha Vella*, ou *Sancha a Vella*, coa forma feminina do sobrenome ou do apelido *Vello* (os apelidos orixinados en sobrenomes tiñan flexión de xénero, masculino e feminino, como vimos en *Franco/Franca* e outros). Con todo, tamén podería ser un feminino adxectival formado a partir do nome masculino (equivalente a 'A de Sancho Vello' ou 'de Sancho o Vello').

O emprego de *Vello* como sobrenome, posteriormente consolidado como apelido, foi común en casos de homonimia de nome e de apelido entre dúas persoas, polo regular oposto a *Mozo* ou *Novo*. Na actualidade o apelido *Vello* adoita escribirse cun B non etimolóxico (*Bello*) ou, máis raramente, foi castelanizado como *Viejo*.

Sancorrea ► Correa

Seixo ▶ 19. Seixo, O

Seixiños ▶ 19. Seixo, O

Señor Diego ▶ Diego

Serín, A De

É coñecida como **A de Serín** unha propiedade, con casa e terreo, no camiño do Riomao, na Gándara. Contén un apelido *Serín*, probablemente de orixe toponímica. O Nomenclátor de Galicia recolle dúas localidades chamadas *Serín*, cuxo nome procede do xenitivo dun nome persoal latino SIRINUS, pero están ambas na provincia de Lugo, polo que non parecen constituír o foco orixinario deste apelido, que só ten presenza significativa no concello de Redondela.

Serra

O **Camiño da Serra** é o nome dunha vía que sobe desde a estrada da Coutada á estrada dos Seixiños. Debe de tratarse dun topónimo relativamente recente, pois cremos que o substantivo *serra* ten o significado de 'artefacto para cortar madeira' e que se refire a unha industria da madeira situada preto da parte alta do camiño.

Sobreiros, Os

Sobreira ou *sobreiro* son nomes comúns galegos que designan a árbore de nome científico *Quercus suber*. Esa é a denominación máis estendida, mais tamén se coñece como *cortizo, corticeira, corticeiro, sufreiro* etc. A forma masculina *sobreiro* (< latín SUBERARIUM) está presente na toponimia de Beade en **Os Sobreiros** (terras de labor contra o final do camiño do Cu da Viña) e **O Sobreiro** (terras de labor nos Cruceiros). Coma noutros moitos casos, a forma do primeiro topónimo era orixinariamente o singular. Así se confirma no Catastro de Ensenada: «lugar de Sobreiro», «lugar do Sobreiro», «donde se nombra sobreiro», «en el campo do Sobreiro», «sitio do Sobreiro».

Sorrego ► Rego, Regueiro

Soto, A do ► Souto

Souto

Souto (< latín SALTUM) é o nome común con que se designa en galego un arboredo de castiñeiros. Está presente no topónimo **O Souto** (nome dunha horta no camiño de Suafonte, no lugar dos Cruceiros, en Babio). **Souto do Chan** («Souto de Chan» nos rótulos) é o nome dunha ampla extensión de campos no barrio de Babio, no Lugar da Estrada, que á súa vez contén **Souto do Chan de Arriba**, **Souto do Chan de Abaixo** e mais a **Fonte de Souto do Chan** (hoxe denominada oficialmente e de maneira errada como «Fonte de Dimadeus») e o **Camiño de Souto do Chan**. Este último é o que se coñecía antigamente como *camiño de Dimadeus* (véxase).

Souto é tamén común como apelido de orixe toponímica. Moitos dos apelidos galegos *Souto* foron castelanizados como *Soto*, e é esta forma, procedente dun apelido de propietario, a que conteñen os topónimos **O Soto** (unhas terras na estrada da Venda, pasando a fonte do Toural, en dirección ao Porto), **A do Soto** (propiedade contigua ao Lugar do Ramón dos Pinos, na beira do camiño do Concello) e mais **A Viña do Soto** (propiedade na parte baixa do camiño de Casmarcelo, en Abalde).

Suaviña ► Viña

Sueira, Sueiras

A Sueira é o nome dunha área de campos de labradío arredor do **Camiño das Sueiras** e entre este e o camiño do Concello, no Carballo do Pazo. Aparentemente contén un composto mediante o substantivo *eira* precedido da preposición *sub* (latín SUB AREAM > galego *sueira* ou *soeira* 'debaixo da eira'). Como os topónimos con ese prefixo non adoitan levar artigo (Su-eira, non A Sueira), o emprego do artigo neste caso sería adventicio e de creación recente, síntoma de que o topónimo deixou de ser transparente no seu significado para a veciñanza. O plural *As Sueiras* tampouco é tradicional, e explícase coma outros plurais nacidos

espontaneamente para desginar áreas que conteñen terras pertencentes a diversos propietarios (cada un denomina a súa propiedade co singular e interpreta que debe ser plural o nome do conxunto).

Con todo, en tanto non poidamos confirmar esta explicación do topónimo con documentación escrita antiga, debemos admitir a posibilidade de que **A Sueira** fose en orixe un feminino adxectival formado a partir dun nome ou dun apelido de propietario *Sueiro* (A Sueira = A de Sueiro). O galego *Sueiro* e o castelán *Suero*, procedentes dun latín medieval SUARIUS, tiveron uso como nomes persoais na Idade Media, e deles procede o apelido patronímico *Suárez*, común a ambas as linguas. *Sueiro* é tamén apelido patronímico galego formado a partir dese nome, neste caso sen sufixo.

Suguiñas, As

As Suguiñas é un campo a carón da Corredoura, no camiño da Latiña, no Porto. **As Suguiñas Pequenas** situábanse un pouco máis ao sur e desapareceron co trazado do segundo cinto de circunvalación. Carecemos de documentación escrita que permita interpretar correctamente este topónimo. Podería tratarse dunha alteración dun primitivo *Suviñas*, isto é *sub* + *viñas*. Mais tamén é posible que conteña unha variante de **Xuguiñas**, diminutivo de *xuga*, nome de certa clase de *xugo* ('peza con que se aparellan os bois para arar'). A *xuga* é un xugo longo e estreito, e foi quizais a semellanza da forma da propiedade (alongada e estreita e cun entallamento no centro) o que motivou o topónimo.

Talaíñas ► 09. Facho, O

Tanasóns, Os

A **Presa dos Tanasóns** é unha presa no camiño de Alén, na Coutada, a pouca distancia da fonte de Chanes. **Os Tanasóns** é o alcume familiar da familia que empregaba a presa. Descoñecemos a motivación e o significado deste nome. Ha de ser un topónimo de creación relativamente recente, dado que os informantes actuais identifican a familia así chamada.

Telleira, A

Denomínase hoxe **A Telleira** ou **A Tilleira** unha ampla extensión de campos de labradío que comezan no camiño do Concello e se estenden entre o camiño das Sueiras e o camiño da Pereiriña. O topónimo é un derivado de *tella* (< do latín TEGULAM) e probablemente fai referencia á industria do barro para a construción ou á arte dos *cavaqueiros*, mais non sabemos se directa ou indirectamente. Na actualidade non hai vestixios evidentes desa industria, coma noutros lugares chamados *A Telleira* que conservan os fornos e a alta cheminea, polo que supoñemos que o topónimo pode facer referencia a outro tipo de vestixios, mais tamén pode provir dun apelido ou dun sobrenome de propietario *Telleiro*, aplicado a alguén que tiña ese oficio.

Terrible, O ► Dorindo O Terrible

Tía Sabel ► Sabel

Tiburcio

A de Tiburcio ou a **Finca do Tiburcio** (*Tibursio*, co seseo local) é o nome dunha propiedade privada no camiño do Corcho, en Saa. *Tiburcio* é a forma común ao galego e ao castelán dun nome do santoral católico, san Tiburcio, mártir da antiga Roma.

Toba do Lobo, A

Este nome contén a única referencia ao lobo (< latín LUPU) na toponimia de Beade, mais talvez non foi motivado pola presenza deses animais no lugar, senón que máis probablemente se aplicou en sentido figurado. *A Toba do Lobo* era unha cova ou unha oquidade situada nunha depresión do terreo no camiño de Alén, na primeira volta desa vía pública na entrada máis próxima ao colexio da Coutada. Entre edificacións, aínda subsiste nesa volta un pequeno recanto, máis fondo ca o camiño, con algunhas árbores e mato. Segundo a veciñanza, alí agocháronse fuxidos nos tempos da Guerra Civil. *Toba, tobo* e *tobeira*

(do latín TŬBAM, TŬBUM, TŬBARIAM) son denominacións comúns en galego para a cova onde aniñan certos animais.

Tol, Atol ▶ 16. Presas, As

Torreiro, O

O Torreiro é o nome duns campos próximos á estrada da Venda, onde unha vía transversal recibe a denominación oficial de **Camiño do Torreiro**. O torreiro da parroquia é, no galego suroccidental, o espazo aberto e común, a xeito de praza, onde se celebra a festa e outras actividades comunais. Propiamente é un derivado de *terra*, orixinariamente *terreiro*, con alteración da vogal átona da primeira sílaba (en portugués úsase *terreiro*, e esta é tamén a forma do galego estándar). Como este significado non cadra coa localización do topónimo, cabe supoñer que estamos ante un derivado común de *terra*, coa mesma alteración vocálica, posiblemente relativo ás características do solo deses terreos. Tampouco podemos desbotar a posibilidade de que o topónimo tivese orixe nun alcume ou nun sobrenome *Torreiro*, e entón estariamos ante un exemplo máis dos numerosos topónimos de propietario da parroquia.

Touza, Toucelos

Os dicionarios explican o substantivo galego *touza* como «terreo cerrado, con vexetación de árbores ou mato alto» (DRAG). Garda correspondencia con *bouza*, que designa o terreo bravo con monte baixo e matorral. Son palabras de orixe prerromana. Para *touza* suponse un étimo *TAUTTIA, posiblemente da raíz indoeuropea TEU- 'inchar, crecer'. Temos un derivado masculino con sufixo diminutivo no topónimo **Os Toucelos**, nome duns terreos, marioritariamente de arboredo, por baixo do camiño das Castiñeiras, fronte ao camiño do Orxal.

Traída, A

A Traída é a denominación dun pequeno carreiro que sae do camiño de San Correa, na Gándara. Recibe o seu nome dunha condución de

auga que antigamente pasaba por ese lugar. O substantivo *traída*, que dá nome ao sistema de conducións e acometidas de auga aos domicilios, formouse co participio do verbo *traer*.

Tranqueiro, O

Reciben o nome de **O Tranqueiro** unhas terras situadas a ambos os lados da estrada do Porto, en Quintián, inmediatas ás coñecidas como *A Galiñeira*. É probable que o topónimo teña relación co significado común de *tranqueiro*, que os dicionarios definen como «Pau groso ou barra de ferro que se emprega para asegurar por dentro unha porta, ventá etc.», quizais referido a algunha cancela ou a unha entrada atrancada con paus. En calquera caso, dado que non posuímos outra información, non podemos desbotar a posibilidade de que *Tranqueiro* fose orixinariamente un alcume ou un sobrenome. *Tranqueiro* é derivado de *tranca* 'barra', palabra de orixe xermánica.

Treístas

Camiño de Treístas é o nome que figura no rótulo da vía pública que, segundo os informantes locais, era coñecida tradicionalmente como *camiño da Freixa* ou *da Feixa* (véxase *Freixa, Feixa*). Ignoramos a orixe e o significado dese *Treístas* que dá nome ao camiño. Os propios informantes locais que residen nas inmediacións tampouco saben cal foi a razón de que na documentación municipal aparecese con ese nome. Cabe a posibilidade de que teña orixe nun erro de escritura ou de lectura por *Freixas*.

Valadiño, O

Son coñecidas como **O Valadiño** varias propiedades que se estenden ao longo da rúa de Saa, á beira da área coñecida como As Breas. *O Valadiño* comeza a continuación da Viña Ancha e remata antes do restaurante chamado *Danubio Azul*. *Valadiño* é un diminutivo de *valado* (< latín VALLATUM) 'muro que cerca unha propiedade'.

Vaca Morta ► Morrer, Morte

Veiga

Veiga é unha palabra de orixe prerromana, común ao galego, ao portugués e ao castelán (*vega*) e de significado orixinariamente hidronímico, pois designa as terras cultivadas situadas na beira dun curso de auga. Por extensión, en moitas zonas de Galicia *veiga* pasou a ter un valor xenérico equivalente a *agro, eido* ou *leira* 'terra labradía'. Temos este substantivo nos topónimos **As Veigas do Muíño** (extensión de terras cultivadas a continuación dos Preiros en dirección a Bembrive e por detrás das Fanchonas, que chegan ata a estrema con Bembrive, no río de Eifonso, e continúan en territorio desa parroquia) e o **Camiño das Veigas do Muíño** (camiño en Abalde que conduce ás Veigas do Muíño). En Abalde tamén está a **Veiga do Outón** ou as **Veigas do Outón**, e á beira destas as **Veigas de Abaixo** e mais **O Cochiño das Veigas de Abaixo**. Tamén recibe o nome da **Volta das Veigas** unha volta ou curva pronunciada no Caramuxo, na rúa do Falcoído, no Porto.

Velouro ► 09. Facho, O

Venda ► 20. Venda, A

Vesada ► Cavada

Vila

O galego *vila* procede do latín VILLAM, que en orixe designaba unha explotación agrícola coa súa vivenda, outras dependencias e as terras inmediatas, un significado semellante ao que ten na actualidade *lugar* na toponimia de Beade. Mais tarde *vila* pasou a designar calquera núcleo de poboación, especialmente os que presentaban certa traza urbana, e con ese significado sobreviviu no uso popular durante séculos, independentemente da consideración oficial como *villa* (tiñan esa consideración Bouzas e Vigo). En ocasións, o lugar identificado polos veciños como *A Vila* (o lugar da igrexa parroquial, ou o máis importante da parroquia, ou onde se celebra un mercado...) era coñecido por outro nome, pero a referencia á *vila* sobreviviu nos topónimos

veciños. Así sucede, por exemplo, con *A Porta da Vila* na parroquia de Coia ou *Pardavila* (< *Pedra da Vila*) na de Lavadores. Ao mesmo tempo, os lugares chamados *A Vila* orixinaron o correspondente sobrenome (e despois apelido) *Da Vila, Davila* ou simplemente *Vila*, un dos apelidos característicos do val de Fragoso, e ese apelido puido volver usarse como nome de lugar en topónimos de propietario. En Beade a chamada *Fonte do Tallo*, en Babio, era tamén coñecida como a **Fonte da Vila**, de onde tomaba o seu nome o **Camiño da Fonte da Vila** (hoxe camiño de Suafonte) e mais a área denominada a **Fonte da Vila**, que corresponde aos campos e ao grupo de casas situadas fronte ao actual camiño de Suafonte, en Babio, onde tamén se atopaba a **Presa da Fonte da Vila**. En cambio, debe o seu nome a un apelido de propietarios a fonte denominada **Fonte dos Vilas**, na Coutada, tamén coñecida como *A Xoanela* ou a *Fonte da Xoanela*.

Villar, A de

A de Villar é o nome dun campo de labradío que vai dende a estrada da Coutada ata o camiño da Barreira, no ángulo que forman estas vías antes de chegar á Volta do Demo. Contén un apelido *Villar*, forma castelanizada correspondente ao galego *Vilar*, apelido de orixe toponímica (do latín VILLAREM).

Viña, A

A presenza do substantivo *viña* (< latín VINEAM) na toponimia de Beade é bo indicio da importancia da viticultura na vida tradicional da parroquia. Ademais dos topónimos mencionados ao tratarmos do nome da área denominada **O Cu da Viña** (véxase), está presente este substantivo nos seguintes: **A Viña Vella** ou **A Miña Vella** (campos de labradío no final do camiño do Xestal, na Gándara) e o **Camiño da Viña Vella**; **A Viña Terrestre** e **A Viña do Soto** (na parte baixa do camiño de Casmarcelo); **A Viña do Demo** ou **A Viña da Volta do Demo** (conxunto de viñas en pendente á beira da estrada da Coutada, á man dereita, próximas á curva coñecida como a Volta do Demo) e **A Viña Ancha** (onda a rúa de Saa, entre A Redonda e O Valadiño, no lugar coñecido como As Breas).

Un diminutivo **A Viñiña** dá nome a un terreo de forma alongada, edificado, situado á beira dos Castiñeiros, no Carballo do Pazo, preto do depósito da auga.

Suaviña (nome dunha casa e os seus terreos no camiño dos Barros, preto da fonte de Dimadeus) é un composto mediante a preposición *so-* ou *su-* (< latín SUB) e significa propiamente 'debaixo da viña' (Sub-a-Viña).

Viragaia ▶ Miragaia, A

Visorio, A de

Coñécese como **A de Visorio** un campo de labradío que ocupa a área que vai dende a estrada da Coutada ata o camiño da Barreira, no ángulo que forman estas dúas vías antes de chegar á Volta do Demo, estremando co campo coñecido como A de Villar. **A de Visorio** contén aparentemente un nome insólito *Visorio*. Podería ser unha alteración, con cambio de xénero, de **A Divisoria**.

Volta

Volta, en orixe participio feminino do verbo *volver* (< latín VOLVERE), é a denominación tradicional dunha curva nun camiño. Os topónimos que conteñen este nome son, polo tanto, topónimos viarios. Velaquí unha relación das voltas das vías de comunicación de Beade que deixaron pegada na toponimia (para o segundo elemento remitimos a cadanseu apartado): a **Volta Bernalda** ou a **Volta Bernaldo**, xunto coas **Coutadas da Volta Bernalda**, a **Volta Correa**, a **Volta da Camila** ou a **Volta do Can Grande**, a **Volta das Veigas** e a **Volta do Demo** ou a **Volta dos Demos**.

Xan Correa ▶ Correa

Xestal, O

Os topónimos relativos á presenza ou á abundancia do arbusto chamado en galego *xesta* (< latín GENESTAM) son moi comúns en Galicia. Un

derivado colectivo *xestal* está presente en Beade nos seguintes topónimos: **Camiño do Xestal** (vía pública na Gándara), **O Xestal** (terras de arboredo na Gándara) e **O Xestal** (propiedade edificada na Pena, entre o camiño do Lombeiro e o camiño da Boavista, tamén coñecida por algúns veciños como a *Casa sen Tellado*). *O Xestal* da Gándara rexístrase co mesmo nome no Catastro de Ensenada: «En el sitio de Xestal».

Xoanela

O **Camiño da Xoanela** é o nome dunha vía pública na Coutada. No final dese camiño atópanse as terras de labor chamadas **A Xoanela**, e nelas unha fonte así mesmo coñecida como a **Fonte da Xoanela**. *Xoanela* pode ser un diminutivo do nome persoal *Xoana*, pero semella máis probable que sexa un feminino adxectival (*A Xoanela = A de Xoanelo* ou *do Xoanelo*) creado a partir dun nome masculino de propietario *Xoanelo*, diminutivo de *Xoán* (< IOHANNEM). A *Fonte da Xoanela* é tamén coñecida coa denominación alternativa de *Fonte dos Vilas*.

Xouba, A

A Xouba de Arriba é unha casa con terreo no camiño da Vaca Morta, no barrio da Coutada. **A Xouba de Abaixo** é o nome dun campo de cultivo, alongado e disposto de norte a sur, que estrema co terreo da asociación de veciños de Beade, tamén na Coutada. Aparentemente conteñen o substantivo común galego *xouba* 'sardiñiña', quizais a partir do seu emprego como alcume de propietario, quizais nun uso metafórico alusivo ao tamaño e á forma das propiedades, mais non dispoñemos de información nin atestacións antigas do topónimo que poidan confirmalo.

Xues, A do

Xues e *Sues* semellan adaptacións do substantivo castelán *juez* ao galego local de Beade, de xeito que o nome da propiedade chamada **A do Xues** ou **A do Sues**, situada no camiño das Presiñas, en Babio,

ha de ser un exemplo máis de topónimo de propietario coa estrutura *a + de + nome persoal*. Neste caso, trataríase dunha propiedade dalguén chamado *O Xues*, ben porque era efectivamene xuíz ou ben por calquera outra razón.

Xuliana, A

Non dispomos de información que nos permita saber se o topónimo **A Xuliana** (denominación dunha casa en Babio, nas proximidades do camiño do Norberto) contén un nome persoal feminino ou constitúe un novo exemplo de feminino adxectival creado a partir dun nome masculino: *A Xuliana = A de Xulián*.

4 A historia de Beade na súa toponimia

Unha ollada de conxunto á toponimia de Beade permite identificar nela estratos que corresponden a diferentes momentos da historia da paisaxe da parroquia.

A paisaxe actual de Beade, resultado da presión demográfica exercida polo veciño conglomerado urbano de Vigo, ten pouco parecido co aspecto que debía presentar séculos atrás. A progresiva edificación converteu moitos camiños tradicionais en vías públicas urbanizadas e borrou moitos trazos das motivacións que orixinaron os nomes dos lugares, nun proceso que en moitas áreas tamén volveu difusa a fronteira entre os diversos barrios ou núcleos tradicionais da parroquia. No pasado a ocupación do espazo era sen dúbida moi distinta. Desde os tempos máis remotos, aínda que seguramente xa había un intenso aproveitamento agrícola das terras fértiles, só se cultivaban as áreas cincundantes dos núcleos habitados, que habían de ser moi poucos, e cabe supoñer unha paisaxe primitiva dominada polo monte e polo arboredo, o que, unido á irregular orografía de todo o val do río que na documentación histórica aparece como río Sárdoma, xustifica a milenaria denominación de *Fragoso* que recibiu seguramente desde o tempo dos romanos. Algúns topónimos que sobreviven na actualidade teñen incontestable orixe prehistórica, prerromana, como *Babio* ou *Sárdoma*, que foron inicialmente hidrónimos ou nomes de ríos. Moitos outros topónimos de Beade conteñen palabras da lingua que se falaba nestas terras antes da chegada do latín, mais non sempre estamos en condicións de atribuírlles unha idade bimilenaria só porque conteñan algunha desas palabras, pois moitas delas (*barro, barxa, carballo, coto*...) sobreviviron no latín e permaneceron no galego séculos e milenios despois de desaparecida a lingua da cal proviñan.

Cos romanos modificouse o modo de asentamento da poboación, que abandonou os castros situados nas elevacións e estendeuse polo val en pequenas explotacións agrícolas autosuficientes e dispersas, e foise configurando un tipo de ocupación do territorio que se mantivo sen grandes alteracións ata o final da Idade Media. Dese período, correspondente ao primeiro milenio e aos séculos iniciais do segundo, han de proceder os topónimos formados co xenitivo dun nome persoal, coma o propio nome de *Beade*, que vén dun nome de orixe latina, isto é, romana, ou o do núcleo de *Abalde*, que por ser resultado dun nome de orixe xermánica debemos datalo con posterioridade á chegada dos suevos no século V. Nese período medieval deberon consolidarse tamén moitos topónimos relativos á vexetación, ás vías de comunicación ou ao aproveitamento das augas.

Desde finais do século XVI produciuse outra gran transformación da paisaxe de Beade coa difusión do millo, unha especie procedente de América. Moitas terras bravas ou de monte foron amansadas para dedicalas a ese novo produto, e nese proceso naceron topónimos que conteñen os termos *cavada, cachada, rotea, tomada* e semellantes, que fan referencia a terras de monte gañadas para o cultivo. O monte comunal aberto foi reducindo así as súas dimensións, pois parte del foi obxecto de expropiación para crear as chamadas devesas reais (véxase o topónimo *devesa*) e outras áreas foron repartidas entre a veciñanza en parcelas que acabaron muradas ou pechadas (de aí topónimos como *Coutada, Chouso, Tapada* etc.) para o cultivo do millo ou cultivos alternativos de millo e mais centeo ou outro cereal (véxase o topónimo *Resteba*).

Ata o século XIX, en que se suprimiron os señoríos, a propiedade da terra correspondía polo regular a señores laicos ou eclesiásticos sen residencia na parroquia, que tiñan arrendadas as terras aos seus usuarios a cambio dunha renda ou foro. Das anotacións conservadas correspondentes a eses foros posuímos hoxe documentación escrita relativamente abundante que permite seguir con certo detalle a historia particular de moitos topónimos.

A progresiva fragmentación das propiedades deu orixe a moitos nomes de lugar novos, os mais deles formados a partir dun nome, apelido ou alcume de posesor, que constitúen o tipo máis numeroso da toponimia actual. Moitos deles son de data relativamente recente, pois en ocasións o nome, apelido ou alcume aínda continúa sendo a denominación común da familia propietaria; outros, en cambio, teñen polo menos dous ou trescentos anos de antigüidade, pois xa se rexistran co nome actual en documentos do século XVII ou XVIII.

5 Clasificación dos topónimos de Beade segundo as motivacións

Atendendo aos seus significados orixinarios, podemos agrupar os topónimos da parroquia nas seguintes clases:

1. Orotopónimos ou topónimos que fan referencia á orografía, ao relevo e á constitución do terreo: *O Coto, A Cotarela, Dornelas, A Gándara, O Lombeiro, A Pena, (Saa do) Monte, O Seixo, Os Seixiños, A Alza, O Barranco, A Barreira, As Campaceiras, As Carneiras, A Chan, O Chan, A Costa, A Cova, O Covelo, A Guinchoeira, O Monte, O Outeiro, O Outón, Moledo, As Pedras, A Pedra Cabalaria, A Pedra Rachada, Os Priscallos* etc.
2. Hidrotopónimos ou topónimos que fan referencia ás augas: *Babio, As Barallas, As Presas, A Tol, A Barxa, As Barxiñas, Cano, Fonte (as diversas fontes), A Freixa ou A Feixa, As Freixas, O Lago, A Lagoa, As Lagoas, Os Lagumeiros, A Lameira, O Lameiro, Lavadouro, A Lavandeira, Os Pociños, O Rialexo, A Rega, Sorrego, O Regato, Regueiriños, As Ribas, O Río, O Riomao, Veigas* etc.
3. Fitotopónimos ou topónimos que fan referencia á vexetación: *O Carballo do Pazo, A Carballeira, As Carballeiras, As Carballas, Figueirós, Acevedo, O Amieiro, Os Amieiros, A Bouza, O Cagoteiro, A Candea, As Cañoteiras, O Cañotal, A Carraceda, A Castiñeira, O Castañal, As Cerdeiras, As Cerqueiras, O Ervellido, O Estripeiral, A Filgueira, Friales, O Gorgoso, O Loureiro, Camiño de Sumata, As Nogueiras, O Orxal, Os Pinos, As Piñeiras, O Pumariño, Os Sobreiros, O Souto, Souto do Chan, A Viña, O Cu da Viña, Suaviña, Os Toucelos, O Xestal* etc.

4. Zootopónimos ou topónimos que fan referencia á fauna: *Camiño da Anguía, O Cabreiro, A da Cabra, O Falcoído, A Galiñeira, O Galomacho, A Gabianceira, A Grila, A Toba do Lobo, O Chan da Merla, As Moscabeiriñas, A Moucha, Camiño do Múa, A Peixiña, A Perica, O Pombal, A Vaca Morta, A Xouba* etc.
5. Haxiotopónimos ou topónimos que fan referencia aos santos e aos cultos relixiosos: *Cruz, Cruceiro, Casa do Cura, Lugar do Crego, Os Franciscanos, A Recapilla* etc.
6. Topónimos relacionados coa agricultura, cos tipos de poboamento e con outras obras e actividades humanas: *A Coutada, A Pouleira, Os Poulos, Saa, Saa do Monte, Os Borralleiros, O Caramuxo, O Carto do Viño, Casmarcelo, Casa, Lugar, A Cavada, A Cachada, As Vesadas, As Asucadas, O Chouso, O Cocho, Camiño do Concello, A Cortiña, A Devesa, A Devesiña, Dimadeus, O Eido Vello, Muíño (os diversos muíños), A Eira, A Eira Vella, O Enxido (Eixido), As Granxas, A Latiña, Marco Grande, As Pardiñeiras, O Pazo, Os Pazos, O Pío, A Pousa, A Venda, A Quinta, A Resteba, A Telleira, O Torreiro, A Traída, O Valadiño, A Vila* etc.
7. Antropotopónimos ou topónimos derivados de nomes persoais: *Abalde, Beade, Quintián, Os Abriles, A dos Alonsos, A Aparicia, Volta Bernalda, A de Bertolo, Casmarcelo, Río de Eifonso, Ponte de Eifonso, Marinasia, O Roupeiro* e os numerosos topónimos de propietario que conteñen un nome ou un alcume persoal ou familiar.
8. Topónimos viarios, relativos ás vías de comunicación: *O Porto, Suaporta, As Portaleiras, A Brea, Calzo do Seixo, Catro Camiños, Camiño Real, Canicouva, Carreiro, A Carreira, A Corredoura, Cruz, Ponte de Abalde, Ponte de Eifonso, A Estrada, Pasales, A Quirincosta, Camiño da Costa da Rúa, Volta* etc.
9. Nun último apartado poderiamos incluír os topónimos que responden a motivacións distintas das expresadas nos anteriores: posición relativa (*A Boavista, A Miragaia*), formas das propiedades (*As Manguelas, A Rabela, Ardemán*), topónimos relacionados coa vixilancia do territorio (*O Facho, O Velouro, As Talaíñas*), topónimos anecdóticos, topónimos conmemorativos etc.

6 Bibliografía

Antillón, Isidoro de (1815): *Elementos de la geografía astronómica, natural y política de España y Portugal*. València: Imprenta de Estevan.

Arquivo Histórico Provincial (AHP): *Catastro del Marqués de la Ensenada. Beade. Pontevedra*. [Ademais da copia de Pontevedra, existe outra no Arquivo de Simancas. Desta, o libro de respostas ao *Interrogatorio General* é accesible en internet, Portal Pares].

Arquivo Histórico Provincial (AHP): *Libro de afanegados de Beade* (1812-1846). Pontevedra: Arquivo Histórico Provincial.

Bascuas, Edelmiro (2002): «Estudios de hidronimia paleouropea gallega», *Verba*, anexo 51. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Bascuas, Edelmiro (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada, A Coruña: Ediciós do Castro.

Boullón, Ana Isabel e Xulio Sousa (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [en liña]. Dispoñible en: *http://ilg.usc.es/cag/*.

Comisión de Toponimia de Galicia (2003): *Nomenclátor de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Convento da Purificación de Redondela. Xustinianas (1710-1750): *Memorial cobrador de rentas* (11 vols). AHN, Clero, L. 20202 e ss.

Convento de Nosa Señora dos Remedios de Vigo. Franciscanas Menores Observantes (1689-1691): *Libro de apuntes para cuentas*. AHN, Clero, L. 20225.

Convento de Nosa Señora dos Remedios de Vigo. Franciscanas Menores Observantes (1671-1672): *Memorial cobrador de censos*. AHN, Clero, L. 20044.

Convento de Nosa Señora dos Remedios de Vigo. Franciscanas Menores Observantes (1756-1804): *Memorial cobrador de censos*. AHN, Clero, L. 20233.

Convento de Nosa Señora dos Remedios de Vigo. Franciscanas Menores Observantes (1672-1673): *Memorial cobrador de censos*, AHN, Clero, L. 20215.

Convento de San Domingos de Pontevedra (1620): *Apeos de bienes y heredades en la villa de Pontevedra y otros lugares de su jurisdicción que pasaron ante el escribano Gregorio López*. AHN, Clero, L. 20186.

Convento de San Domingos de Pontevedra (1789-1835): *Cobrador de la renta antigua y la renta nueva del partido de Vigo*. AHN, Clero, L. 10238

Convento de San Domingos de Pontevedra (1800-1835): *Libro de recibo de la panera de Vigo*. AHN, Clero L. 10236.

Corominas, Joan e José Antonio Pascual (1980-1992): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.

Espinosa, José (1949 [2003]): *Tierra de Fragoso: notas para la historia de Vigo y su comarca*. Vigo: Talleres Faro de Vigo [ed. de 2003: Instituto de Estudios Vigueses].

Ferreira, Elisa (1988): *Los caminos medievales de Galicia*. Ourense: *Boletín Auriense*. Museo Arqueolóxico Provincial.

Instituto Nacional de Estadística (INE): *Nombres y apellidos* (y su distribución por provincias). Madrid [en liña]. Dispoñible en: *http://www.ine.es/daco/daco42/nombyapel/nombyapel.htm.*

López Pereira, Eduardo (dir.): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (Codolga). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro [en liña]. Dispoñible en: *http://corpus.cirp.es/codolga/*.

Madoz, Pascual (1845-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid: Imprenta del Diccionario de Don Pascual Madoz.

Ministerio de Educación, Cultura e Deporte: *Portal de Archivos Españoles* (Pares). Madrid: Ministerio de Educación, Cultura e Deporte [en liña]. Dispoñible en: *http://pares.mcu.es/*.

Navaza, Gonzalo (20011): *O nome dos lugares. Saiáns*. Vigo: Instituto de Estudos Miñoranos.

Navaza, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. Biblioteca Filolóxica Galega. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Peña, Antonio de la *et al*. (1999): *Historia de Vigo*. A Coruña: Vía Láctea Editorial.

Preito Castrelos (1644): Ejecutoria del pleito litigado por Diego Juárez e Isabel Pereira, ano 1644. Archivo de la Real Chancillería de Valladolid. Registro de ejecutorias, c. 2732,51 (Portal Pares).

Sacau, Gerardo (1996): *Os nomes da terra de Vigo. Estudio etimolóxico*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses.

Santamarina, Antón (dir.): *Dicionario de dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega* [en liña]. Dispoñible en: *http://sli.uvigo.es/ddd/index.html.*

Sarmiento, Frei Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas* (edición de J. L. Pensado). Salamanca: Universidad de Salamanca.

Sarmiento, Frei Martín (1973): *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* (edición de J. L. Pensado). Salamanca: Universidad de Salamanca.

Sarmiento, Frei Martín (1975): *Viaje a Galicia* (1745) (edición de J. L. Pensado). Salamanca: Universidad de Salamanca.

SARMIENTO, Frei Martín (1999): *A viaxe de Fr. M. Sarmiento a Galicia en 1754* (edición de J. L. Pensado). Salamanca: Lectorado Galego de Salamanca [Galicia desde Salamanca, 2].

SESTAY, Iván (2008): *Toponimia do val do Fragoso: Coia*. Vigo: Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo e Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

SESTAY, Iván (2010): *Toponimia do val do Fragoso: Lavadores*. Vigo: Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo e Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

VARELA, Xavier (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega [en liña]. Dispoñible en: *http://ilg.usc.es/tmilg/index.html*.

Índice

1. **Limiar** 5

2. **Primeira parte.** O nome doa parroquia e dos núcleos de poboación tradicionais 11

3. **Segunda parte.** Outros topónimos de Beade 39

4. **A historia de Beade na súa toponimia** 157

5. **Clasificación dos topónimos de Beade segundo as motivacións** 159

6. **Bibliografía** 161